

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7**

### **SESION ORDINARIA DO 30 DE MAIO DE 2016**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA**

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO**

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### **NON ASISTEN:**

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira grupo municipal Socialista)  
González Sánchez, Elena (concelleira grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día trinta de maio do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras., Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González,

Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(81).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 30.03.2016).**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30 de marzo de 2016.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non houbo.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

##### **3.1(82).- DECLARACIÓN DE ZONA DE GRAN AFLUENCIA TURÍSTICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3111/106 (1379/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 24 de maio de 2016, o secretario da administración municipal e o xefe do Servizo de Comercio, co conforme do secretario xeral do

Pleno e o Vº e Pr. do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, emiten o seguinte informe-proposta,

“O Concello de Vigo, logo da aprobación polo Goberno do Estado do Real Decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, deberá proceder a determinar as súas zonas de gran afluencia turística con data límite o día 1 de xuño de 2016, como indica a directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia nos seguintes escritos recibidos neste Concello e que constan no expediente:

1. Con data 15 de marzo comunica a Xunta de Galicia que, tras os últimos datos de pernoctacións publicados polo INE, o Concello de Vigo estaría no suposto previsto no artigo 5.5 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, redactado polo apartado 2º do artigo 7 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia («B.O.E.» 17 outubro), no que se establece:

*“En todo caso, os concellos con máis de 100.000 habitantes que teñan rexistrado máis de 600.000 pernoctacións no ano inmediatamente anterior ou que contén con portos nos que operen cruceiros turísticos que teñan recibido no ano inmediato anterior máis de 400.000 pasaxeiros, declárase, ao menos, unha zona de gran afluencia turística aplicando os criterios previstos no apartado anterior. Para a obtención destes datos estatísticos consideráranse fontes as publicacións do Instituto Nacional de Estatística e de Portos do Estado.”*

- Pernoctacións ano 2015 no término municipal de Vigo: 623.578 pernoctacións

Se no prazo de seis meses a partir da publicación destes datos, as Comunidades Autónomas competentes non tiveran declarado algunha zona de gran afluencia turística no concello no que concorran as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior, entenderase declarada como tal a totalidade do concello, e os comerciantes disporán de plena liberdade para a apertura dos seus establecementos durante todo o ano.

2. Con data 8 de abril a directora xeral de Comercio di que, para dar cumprimento ao prazo sinalado pola Secretaría de Estado de Comercio e finalizar o procedemento antes do 22 de xullo de 2016, cómpre que a proposta establecida polo artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, teña entrada na Consellería de Economía, Emprego e Industria con data límite o día 1 de xuño de 2016, a efectos de que sexa posible a realización de todos os trámites previstos na norma.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Considéranse zonas de gran afluencia turística, como indica o artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, aquelas áreas coincidentes coa totalidade do concello ou parte do mesmo nas que concorran

algunha das seguintes circunstancias:

Existencia dunha concentración suficiente, cuantitativa ou cualitativamente, de prazas en aloxamentos e establecementos turísticos ou ben no número de segundas residencias respecto ás que constitúen a residencia habitual, que fose declarado patrimonio da humanidade ou no que se localice un ben inmovible de interese cultural integrado no patrimonio histórico artístico, que limiten o constituán áreas de influencia de zonas fronteirizas, celebración de grandes eventos deportivos o culturais de carácter nacional o internacional, proximidade a áreas portuarias en que operen cruceiros turísticos e rexistren unha afluencia significativa de visitantes, que constituán áreas cuxo principal atractivo sexa o turismo de compras e cando concorran circunstancias especiais que así o xustifiquen .

Tramitación procedimental. A tramitación para determinar as zonas de gran afluencia turística, está recollida no artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, que di:

Determinación das zonas de grande afluencia turística.

1. Para determinar as zonas de grande afluencia turística, exceptuadas do réxime xeral, é precisa a proposta motivada do concello directamente afectado, que será aprobada por maioría absoluta do pleno, a cal deberá especificar se a exclusión se pide para a totalidade do municipio ou só para unha parte deste, e indicar o período ou os períodos do ano aos que se circunscribe a solicitude e mais a franxa horaria de apertura diaria solicitada, e á que deben achegarse os seguintes informes:

a) Informe da cámara de comercio do ámbito territorial afectado.

b) Informe das asociacións ou agrupacións de comerciantes retallistas máis representativas do sector comercial no ámbito territorial afectado.

c) Informe das asociacións de consumidores e usuarios máis representativas no ámbito territorial afectado.

d) Informe das organizacións sindicais máis representativas no ámbito territorial afectado.

2. A consellería competente en materia de comercio é o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar ou denegar a proposta á que se refire a liña 1, logo do informe preceptivo da dirección xeral competente en materia de turismo.

Constan no expediente as organizacións ás que se lles pediu o informe de Zona de Gran Afluencia Turística, que son as seguintes:

*Asociación de comerciantes e hostaleiros:*

Zona Náutico, Asociación de comerciantes e industriais zona Pi y Margall, Asociación de comerciantes e profesionais de la vila de Bouzas, Asociación de comerciantes del entorno del Xeral, Asociación de comerciantes de Pereiró, Asociación de comerciantes de Torrecedeira, Asociación de comerciantes e empresarios Traviesas-Vigo(Aetravi), Asociación de comerciantes zona Teis,

Asociación de comerciantes e hostaleiros Vigovello CCA, Asociación de comerciantes Zona Centro de Vigo CCA, Asociación de comerciantes e empresarios del Calvario (Aceca), Asociación de comerciantes de Vigo, Federación de comercio de Pontevedra, Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (Fepros), Asociación de empresarios de hospedaxe de Pontevedra (Asehospo), Federación de Mercados Centrais de la Comarca de Vigo (Mercacevi), Agrupación Provincial de Autónomos de Comercio de Pontevedra e Asociación de Comerciantes Zona Príncipe.

*Asociación de Consumidores e Usuarios:*

- Asociación de amas de casa e consumo - AGARIMO

*Sindicatos:*

- Unión General de Trabajadores - UGT, Comisiones Obreras - CC.OO., Confederación Intersindical Galega - CIG

*Cámara de Comercio:*

- Cámara de Comercio de Vigo.

Despois das consultas e mesas de traballo realizadas cós representantes dos sectores afectados e chegando a un consenso maioritario, proponse:

1. Que a zona histórica de Bouzas (véxase o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre a Avda. Atlántida, a rúa Camilo Veiga, a rúa Simancas e a Avda. Beiramar) forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.
2. Que parte da zona coñecida como Vigo Histórico (véxase o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre San Francisco, Poboadores, Falperra, Cachamuíña, Paseo de Granada, II República, Porta do Sol, Policarpo Sáinz, García Barbón baixando pola rúa Pontevedra, rúa Areal, rúa Montero Ríos, Cánovas del Castillo ata a rúa San Francisco) forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.
3. Que ambas zonas de Grande Afluencia Turística poidan abrir todo o ano en horario comercial ata as 22:00 horas.

Esta proposta recibe o apoio, no referente a súa DELIMITACIÓN TERRITORIAL, das seguintes asociacións de comerciantes e hostaleiros: Zona Náutico, Asociación de comerciantes e industriais zona Pi y Margall, Asociación de comerciantes e profesionais de la vila de Bouzas, Asociación de comerciantes del entorno del Xeral, Asociación de comerciantes de Pereiró, Asociación de comerciantes de Torrecedeira, Asociación de comerciantes e empresarios Traviesas-Vigo (Aetravi), Asociación de comerciantes zona Teis, Asociación de comerciantes e hostaleiros Vigovello CCA, Asociación de comerciantes Zona Centro de Vigo CCA, Asociación de comerciantes e empresarios del Calvario (Aceca), Asociación de comerciantes

de Vigo, Federación de comercio de Pontevedra, Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (Feprohos), Asociación de empresarios de hospedaxe de Pontevedra (Asehospo), Federación de Mercados Centrais de la Comarca de Vigo (Mercacevi), Agrupación Provincial de Autónomos de Comercio de Pontevedra e Asociación de Comerciantes Zona Príncipe.

*Asociación de Consumidores e Usuarios:*

- Asociación de amas de casa e consumo - AGARIMO

*Sindicatos:*

- Unión General de Trabajadores - UGT, Comisiones Obreras - CC.OO., Confederación Intersindical Galega - CIG

Esta proposta recibe o apoio, no REFERENTE A HORARIOS, das seguintes asociacións de comerciantes e hostaleiros: Zona Náutico, Asociación de comerciantes e profesionais de la vila de Bouzas, Asociación de comerciantes del entorno del Xeral, Asociación de comerciantes de Pereiró, Asociación de comerciantes de Torrecedeira, Asociación de comerciantes zona Teis, Asociación de comerciantes e hostaleiros Vigovello CCA, Asociación de comerciantes Zona Centro de Vigo CCA, Asociación de comerciantes e empresarios del Calvario (Aceca), Asociación de comerciantes de Vigo, Federación de comercio de Pontevedra, Federación provincial de empresarios de hostalería de Pontevedra (Feprohos), Asociación de empresarios de hospedaxe de Pontevedra (Asehospo), Federación de Mercados Centrais de la Comarca de Vigo (Mercacevi), Agrupación Provincial de Autónomos de Comercio de Pontevedra e Asociación de Comerciantes Zona Príncipe.

*Asociación de Consumidores y Usuarios:*

- Asociación de amas de casa e consumo - AGARIMO

*Sindicatos:*

- Unión General de Trabajadores - UGT, Comisiones Obreras - CC.OO., Confederación Intersindical Galega - CIG

De acordo coas posibilidades que da a normativa sinalada o Concello de Vigo delimita especialmente a súa proposta acoutando os lugares que reciben os turistas de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, concretamente no que se refire ás seguintes circunstancias, que motivan suficientemente a declaración de zona de gran afluencia turística:

a) Existencia dunha concentración suficiente, cuantitativa ou cualitativamente, de prazas en aloxamentos e establecementos turísticos ou ben no número de segundas residencias respecto ás que constitúen a residencia habitual.

b) Que fose declarado patrimonio da humanidade ou no que se localice un ben inmovible de interese cultural integrado no patrimonio histórico artístico.

- c) Celebración de grandes eventos deportivos o culturais de carácter nacional o internacional.
- d) Proximidade a áreas portuarias en que operen cruceiros turísticos e rexistren unha afluencia significativa de visitantes.
- e) Que constitúan áreas cuxo principal atractivo sexa o turismo de compras.
- f) Cando concorran circunstancias especiais que así o xustifiquen.
- g) Que limiten o constitúan áreas de influencia de zonas fronteirizas.

A solicitude complétase no expediente cunha memoria descritiva e motivada das áreas solicitadas de declaración de zona de grande afluencia turística e mais os planos con rúas de cada unha delas.

Órgano competente. É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta de membros da Corporación ( artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro), previo ditame da correspondente comisión informativa do Pleno. Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL).

#### CONCLUSIÓNS:

Ante a petición de data 8 de abril a directora xeral de Comercio di que, para dar cumprimento ao prazo sinalado pola Secretaría de Estado de Comercio e finalizar o procedemento antes do 22 de xullo de 2016, cómpre que a proposta establecida polo artigo 9 da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, teña entrada na Consellería de Economía, Emprego e Industria con data límite o día 1 de xuño de 2016, a efectos de que sexa posible a realización de todos os trámites previstos na norma para dar cumprimento o Decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, e co fin de que non sexa declarada zona de gran afluencia turística todo término municipal de Vigo preséntase a proposta maiormente consensuada coas distintas organizacións afectadas para adoptar o seguinte,"

Deseguido, os funcionarios formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en sesión extraordinaria e urxente do día 25 de maio de 2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Hoxe compráceme comparecer diante deste Pleno para

presentar a proposta definitiva que delimita o espazo e a franxa horaria da Zona de Gran Afluencia Turística de Vigo, unha proposta de consenso maioritario ao que o noso goberno municipal chegou logo de numerosas e intensas reunións con tódalas asociacións de comerciantes de Vigo, coa Cámara de Comercio, coa Asociación de Consumidores e Usuarios e cos sindicatos maioritarios da nosa cidade. Un arduo traballo que nos quixeron recoller as inquedanzas e sensibilidades en xeral de tódalas asociacións implicadas do sector.

O inicio deste proceso remóntase ao pasado mes de marzo cando o goberno municipal recibiu un oficio da Xunta de Galicia no que nos informaba da declaración de Vigo como Zona de Gran Afluencia Turística en base ao Real Decreto Lei 8/2014, de 4 xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento e competitividade e a eficiencia ao rexistrar a nosa cidade máis 600.000 pernotacións ao longo do ano 2015. Este Decreto Lei que foi aprobado polo Goberno Central do Partido Popular, o goberno do Sr. Rajoy, o goberno da Sra. Muñoz e do Partido Popular de Vigo, supón un importante cambio para as organizacións do sector turístico comercial, especialmente para o pequeno e mediano comercio ao fomentar a precariedade laboral e dificultar a conciliación familiar. Así no caso de que o Concello de Vigo non delimite unha zona turística no territorio municipal antes do 22 de xullo do presente ano, entraría en vigor o referido decreto e declararíase todo o termo municipal olívico como zona de gran afluencia turística, dispoñendo a totalidade dos centros comerciais das grandes superficies, da plena liberdade horaria para a apertura dos seus establecementos durante todo o ano, incluído domingos e festivos sen restricións horarias. Ante esta situación o goberno municipal comezou de inmediato os contactos con tódalas asociacións vinculadas ao comercio e ao turismo local para acadar un acordo maioritario que fose positivo para a maior parte das organizacións implicadas.

No medio destas negociacións, o pasado mes de abril de novo a Xunta de Galicia aprémenos a remitir postura deste Pleno e a fixa como prazo de finalización de entrada das propostas na Consellería, o vindeiro 1 de xuño. En base ao exposto e ao fin de cumprir cos prazos sinalados, solicito a este Pleno que valide co maior posible apoio da Corporación, esta proposta que tras longas deliberacións consensuaron tódalas organizacións e que o goberno local fixo súas e que son as seguintes, que o barrio histórico de Bouzas e a zona coñecida como Vigo histórico



sexan declaradas como zonas de Gran Afluencia Turística da cidade de Vigo e poidan abrir todo o ano en horario comercial ata 22 horas, estas áreas constitúen a día de hoxe o principal foco turístico da cidade e albergan importantes valores comerciais, artísticos, culturais, institucionais, gastronómicos, monumentais, arquitectónicos e de ocio entre outros.

Hoxe dende o goberno local queremos resaltar o importante esforzo realizado neste proceso polo pequeno e mediano comercio, pola asociación de consumidores e usuarios, así como polos principais sindicatos maioritarios da nosa cidade para chegar a este gran acordo. Comprendemos que o comercio polo miúdo, un dos piares da nosa economía, está a facer importantes esforzos para revitalizarse e dende goberno local ofrecémoslle o noso apoio incondicional no presente e no futuro. Doutra banda escoitamos as preocupacións de decenas das miles de traballadores do sector que consideran que no contexto actual a plena liberdade horaria de apertura dos establecementos sen restricións horarias traduciríase nun incremento na precariedade dos traballadores e máis nas dificultades para a conciliación familiar, un malestar que tratamos de paliar dende o noso goberno municipal e que ven dado pola aplicación irremediable deste Real Decreto Lei, aprobado polo goberno do Partido Popular que o único que fai e xerar inquedanzas e desconfianzas no sector do comercio, outro erro máis cometido polo Partido Popular.

En conclusión, dende o goberno local tratamos de minimizar o impacto negativo deste decreto que é rexeitado pola maioría das organizacións do sector do comercio da nosa cidade e que nos levou a numerosas horas de diálogo, de meses de traballo nas que todos tivemos que empatizar a acceder para chegar a este acordo histórico por iso quero agradecer enormemente o esforzo e a adicación de tódolos participantes nas negociacións.

Esta proposta que presentamos hoxe a este Pleno amosa que unha vez máis este goberno defende ao pequeno e mediano comercio así como aos traballadores co diálogo e apoiando un acordo de consenso maioritario que se adecúa á realidade comercial, turística e social.

SR. PÉREZ CORREA: Felicitar ao concelleiro por ese novo consenso maioritario, un termo que eu creo que non existe na semántica ou é consenso ou é maioritario

pero creo que as dúas cuestións incorporadas nun mesmo sentido creo que é absolutamente imposible.

Nós estamos de acordo nunha cuestión, de principio, e é o absolutamente negativa e arbitraria que é esta lei, primeiro porque é unha lei que introduce o Partido Popular de xeito case militar sobre os concellos que obriga a buscar un consenso porque se non hai un consenso é todo o termo municipal o que ten liberdade absoluta de comercio, certo que os comercios de menos de 300 metros xa o teñen, pero aquí introduciría ese ruído que xa xerou en moitas cidades deste país, que sería que todo o termo municipal incluído os centros comerciais que son os que precisamente establecen estas políticas de xeito máis ofensivo aos traballadores, quedaría liberalizado. Polo tanto, esa lei que a parte introduce unhas cuestións perigosas como por exemplo o uso de drones, é unha lei que vale para todo, que permite por exemplo que Rozas en Lugo se converta dentro de pouco nunha base de drones da OTAN, esa lei que é un batiburrillo de medidas de crecemento, colou ou polo menos intentou introducir unha cuestión absolutamente terrible que é que antes as cidades que tiñan máis dun millón de pernotacións, como poden ser as grandes cidades deste país, se habilitaba esas zonas de influencia turística, pero se reduce as cidades que con só un exercicio que o fagan que suban das 600.0000 pernotacións, convértense en susceptibles de liberalizar gran parte das zonas comerciais da cidade en canto a horarios e tempos laborais.

Polo tanto, esa modificación da lei que introduce o Partido Popular, nos estamos de acordo que é unha lei absolutamente lesiva, que obriga sobre todo, case con chantaxe, porque di “ou me decides vos as zonas ou para min, como administración, vou tomar todo o termo municipal como libre” e nós aí se que estamos de acordo e creo que o voto do Partido Socialista foi concordante no Congreso dos Deputados, polo tanto para nós aí non hai ningún problema que iso é un problema que introduce o Partido Popular, agora ben, hai xestións positivas, proactivas e sobre todo xestións que informan á cidade do que nos estamos a cocer, e que este grupo municipal tivo que recibir a información do que estaba a pasar por algunhas asociacións e nomeadamente polos sindicatos que foron ao final os que conseguiron introducir certo tipo de cordura na proposta que estaba enriba da mesa, e cando vemos que hai unha proposta que se di de consenso das partes e en realidade é a proposta que dende esta concellería se lle fai ao

movemento asociativo relacionado co comercio, vemos que aí se introducen dous cascos históricos que nós poderíamos, incluso, non albergar dúbida que é dous poucos reclamos turísticos importantes que temos dentro do casco urbano de Vigo, pero vemos que se introducen determinadas cuestións e que queríamos que se explicaran con tranquilidade por exemplo, nunha comisión informativa, por exemplo nun Pleno extraordinario, que tivéramos tempo a discutir por exemplo porque na proposta inicial estaba o Barrio do Cura como parte de zona de influencia turística, porque se fora unha zona a desenvolver en 20 anos poderíamos entendelo, pero como a zona de influencia turística é a case inmediata, significa que no prazo de poucos meses habería un carteis, que é parte que financia o Estado precisamente para estas zonas, que diría que o Barrio do Cura é unha zona de influencia turística, de afluencia turística, polo tanto, os turistas irían a un barrio absolutamente degradado e agora mesmo case sen futuro urbanístico polas anulacións xudiciais. Polo tanto, estes consensos ou esta proposta non sabemos de onde sae, si sabemos que case se lle pon enriba da mesa ás asociacións ou a ese marasmo de asociacións de comerciantes, moitas delas representativas pero moitas creada “ad hoc” e non sabemos moi ben con que intereses porque simplemente son asociación de hostaleiros e a hostalería e comercio son cousas seguramente moi similares, pero seguramente que en ámbitos moito máis grandes e polo tanto, non entendemos de onde sae este consenso, dende logo non sae do movemento sindical, non sae do movemento asociativo relacionado co comercio da cidade e supoño que será dalgún tipo de interese, que é o que nós queremos saber. Por exemplo, Bouzas, un dos criterios que introduce a lei é o número de prazas hostaleiras, cantas prazas hostaleiras hai en Bouzas que xustifiquen unha zona de afluencia turística externa, claro que os vigueses imos a Bouzas en sábado e domingo, pero estamos a falar de turismo externo, que ven a esta cidade de fora do termo municipal.

Polo tanto, a nós como esta xestión foi nefasta, como a información foi absolutamente cativa e non tivemos ningún tipo de acceso, nós obviamente non podemos dar o voto positivo a esta proposta porque seguimos descoñecendo en realidade a orixe desta proposta.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que escoitalo, Sr. Rivas, na súa intervención é

para nota, dende logo este relato tan bonito que nos fixo de todo o proceso de para chegar a ese consenso non é a realidade do que pasou, vostede vive nunha realidade virtual e é na que quere facer vivir a tódolos vigueses/as, no que quere este goberno converter a vida dos vigueses/as. A realidade, a verdadeira, é que este proceso que vostede levou a cabo, vostede como máximo responsable foi un auténtico despropósito, que se puxeron a traballar só dous meses antes de rematar o prazo, non sabemos por que, quizás agora vendo todo o resultado sería para que as asociacións non tiveran tempo para protestar moito porque senón o prazo se lles remataba e se abría toda a cidade á liberdade horaria.

Fala vostede e o señor de Marea de Vigo sobre a lei que fixo o Partido Popular e porque o Partido Popular é o peor, porque o Partido Popular é a razón de tódolos males pero a realidade é o que se está a facer é traspoñer unha normativa comunitaria de obrigatoria aceptación, unha normativa comunitaria que obriga a delimitar esas zonas de alta afluencia turística, e o que pode ser algo positivo porque a nosa cidade despunta en materia de turismo e o que pode ser unha medida para fomentar e para potenciar o turismo, vostedes convérteno como sempre nun despropósito.

Vostede só tiña unha labor e un obxectivo que era conseguir o consenso, e fracasou nese obxectivo porque o consenso non o conseguiron, porque vostedes teñen un erro de concepto, confunden consenso con maioría e a maioría non é o consenso dende logo de tódalas asociacións de comerciantes e de tódolos cidadáns desta cidade. Esa é realidade, vostedes fracasou e ademais mentiu ao longo deste proceso presumindo de que tiña un consenso e foi o seu xefe o que o desautorizou obrigándolle volver a facer unha reunión e cambiando a proposta inicialmente feita.

O procedemento, Sr. Rivas, foi realmente un verdadeiro despropósito, fíxolle asinar ás asociacións tres propostas diferentes de zona de afluencia turística, tres propostas!, cun método que lembra moito ao que utiliza da mafia, chamándoos un a un ao seu despacho e poñéndolles diante o que tiñan que asinar porque senón abríase a toda a cidade a liberdade horaria. Tres documentos distintos, fíxolles asinar, vese que no expediente só puxeron vostedes o último.

E que zonas están elixindo vostedes? As zonas que elixiron vostedes no foron explicadas por vostede neste Pleno, non deron unha explicación de exactamente

que motivos hai para elixir estas zonas que non teñen nin pes nin cabeza, elixen Policarpo Sanz, García Barbón, zonas que non son comerciais e exclúen outras zonas que si o son, quero que conste en acta porque imos estar moi pendentes de como evolucionan todos eses locais que están baleiros neste momento e que votedes meten nesa zona de afluencia turística para ver quen se vai a enriquecer abrindo novos negocios na cidade, imos estar moi pendentes Sr. Rivas.

E por que todo o ano? Por que os 365 días do ano? Por que motivo os 365 días ao ano? Por que non restrinxen a zona que propoñen á zona realmente comercial, á zona turística e ao período estival que é onde máis turistas hai.

En definitiva, nin prazo, nin zona, nin procedemento, un auténtico despropósito Sr. Rivas, e todo o que queren xustificar coa súa intervención que non explicou nada e con este informe que acompaña ao expediente que é o que teñen que remitir vostedes á Xunta de Galicia e que é un auténtico despropósito pero vostedes crese que é presentable que para xustificar algo no que se vai basear o pan de moitas familias e comerciantes fagan vostedes un corta e pega e unha relación de hoteis e de restaurantes da cidade? Isto xustifica as súas zonas? Esta é a maior proba de que é un fracaso, que as zonas están feitas ao bo “tun tun”, para contentar a algúns, non sabemos cales, aos seus amigos, pero dende logo que vai traer un problema enorme a esta cidade, imos a perder esta proposta, os tribunais vanan tombar, espero que teña vostede a decencia de dimitir no momento en que os tribunais tomben esta proposta porque dende logo o único que vai conseguir é prexudicar gravemente ao comercio desta cidade. Retiren esta proposta e volvan á proposta inicial, a que realmente era de consenso, a que pedía abrir os días de cruceiro, só os domingos e que elixía realmente as zonas comerciais da cidade e retiren este absoluto e completo despropósito.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sra. Muñoz, o que hai que poñerse é a traballar, o que non se pode é vir aquí cos deberes sen facer, vostede mente permanentemente e está utilizando argumentos que están fora de todo lugar, vostede ven aquí fala de baixos, de que forma se fixo e de propostas e di cal é o nosa proposta, Sra. Muñoz, o primeiro que ten que facer vostede é chamar ao Sr. Rajoy e dicirlle que derroque a lei, iso é o primeiro que ten que facer, ese sería o deber mellor feito, a partir de aí este Pleno pode aprobar algo que a súa vez avala na proposta que vostede faga,

partindo de aí vostede non ten nestes momentos lexitimidade para vir aquí a dicirnos e darnos leccións cando non participou, e di que as reunións no Concello, no despacho do concelleiro é unha mafia, pero onde está vostedes? Vostede que aínda vive nos anos 40, non, pois tódalas reunións dánse aquí na Institución e así o foron con 18 asociacións de pequenos comerciantes desta cidade.

Díganos vostede que proposta trae a este Pleno.

PRESIDENCIA: Sra. voceira garde silencio que está outra persoa no uso da palabra.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Díganos Sra. Muñoz que proposta trae vostede a este Pleno e de que comerciantes, tódalas asociacións de comerciantes que llas vou empezar a ler unha por unha para que saiba as 18, se lle suman a asociación de comerciantes e algo histórico, Sra. Muñoz, os sindicatos, algo que lle preocupa a vostede e lle preocupa moito na Xunta de Galicia que este acordo plenario leve o acordo dos sindicatos porque se riron vostedes que se adicaron a facer un par de fotos para dicir que traballaba e non fixo os deberes, riuse a dicir que a proposta dos consumidores e usuarios e sindicatos non valen para nada, pois van valer Sra. Muñoz ou é que están a preparar vostede o tema do que queren facer na Xunta de Galicia e se está a xustificar con iso. Pois Sra. Muñoz téñolle que dicir que este goberno municipal non fixo ningunha proposta, a fixeron tódolos comerciantes, Sra. Muñoz, algo que vostedes non son capaces de facer, en este goberno Sra. Muñoz sabe vostede por que a puxeron aí e este goberno ten 17 de 27? polo diálogo permanente, porque escoitamos e hoxe hai miles de autónomos que están encantados desta proposta que traemos ao Pleno, porque nós defendemos ao pequeno e mediano comercio Sra. Muñoz, nós, e hoxe decenas de miles de traballadores están coas súas familias e na casa tranquilos porque fomos nós, este goberno municipal o que foi capaz de levar adiante e traer esta proposta aquí, e vostedes non foron capaces de traer ningunha.

A maiores disto, Sra. Muñoz, queremos que nos vaia dicindo que pretenden facer na Xunta de Galicia e que intereses ten vostede nas propostas das que fala, aquí as propostas todas que houbo foron tratadas todas nunha mesas de negociación onde estiveron tódalas asociacións, todas, polo tanto, saiba vostede que este é un referendo importante á lei que pretendemos levar adiante. Por certo, e vólvolle

insistir, vostede se quere facer algo polo comercio de Vigo dígalle ao Sr. Rajoy que derroque esta lei.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Solicitar da Consellería de Economía e Industria que declare, aos efectos da aplicación do réxime especial de horarios previsto no capítulo III da Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, determinadas áreas do municipio de Vigo, como zona de gran afluencia turística durante os seguintes períodos e días e conforme aos planos anexos:

1. Que a zona histórica de Bouzas (véxase o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre a Avda. Atlántida, a rúa Camilo Veiga, a rúa Simancas e a Avda. Beiramar) forme parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.
2. Que parte da zona coñecida como Vigo Histórico (véxase o territorio comprendido dentro do ámbito definido entre San Francisco, Poboadores, Falperra, Cachamuíña, Paseo de Granada, II República, Porta del Sol, Policarpo Sáenz, García Barbón baixando pola rúa Pontevedra, rúa Areal, rúa Montero Ríos, Cánovas del Castillo ata a rúa San Francisco) forma parte da Zona de Grande Afluencia Turística de Vigo.

3. Que ambas zonas de Grande Afluencia Turística poidan abrir todo o ano en horario comercial ata as 22:00 horas.

**3.2(83).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2016. EXPTE. 16451/541 (1371/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de abril de 2016, o Tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015.

INFORME.-

I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento



de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(.....)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)*”

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados*

*o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, dende o rexistro da da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no existro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

III.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015

unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise dos datos que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e para dar a información requerida polo MINHAP para dar cumprimento á Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:  
Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

IV.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2016.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2016 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de

dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo (Rexistro contable de facturas).

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:  
Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 7.207
- Importe total: 29.109.630,96 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 113
- Importe total: 739.022,18 euros

*Período medio de pago (PMP): 27,40 días*

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 4.071
- Importe total: 4.153.976,12 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 1
- Importe total: 15.582,79 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 16,72 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

O número de factuas neste caso está condicionado polas correspondentes ao subministro eléctrico, xa que hai unha factura por cada enganche (contrato), o cal fai que mensualmente o número de facturas deste subministro estea nun número medio de 750.

## Resumo por trimestres do morosidade

Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011, ano 2016				
Trimestres	Entidade Local		Xerencia Municipal Urbanismo	
	PMP/días	PMPP/días	PMP/días	PMPP/días
Primeiro Trimestre	27,4	16,72	19,58	9,11
Segundo Trimestre				
Terceiro Trimestre				
Cuarto Trimestre				

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos trimestrais como mensuais en relación co Real Decreto 635/2014.

## Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2016												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-3,34	-10,48	-8,55									
MARCO	29,18	32,74	48,2									
XMU	-14,88	-11,45	-21,24									
PMP global	-3,35	-9,99	-7,85									

En relación co PMP, os días negativos que se reflicte na táboa, supón que os pagamentos fixéronse cunha antelación aos trinta días fixados polo RD 635/2014.

O que poño en coñecemento da Concellería delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

Con data 23 de maio de 2016, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, quedou enterada de dito informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Comparezo para informar do cumprimento dos prazos aos provedores, e hai que dicir neste sentido que Vigo é a primeira cidade de Galicia que cumpre co prazo de pago aos provedores, 8 días antes de que empece a computar o prazo de pago, Vigo xa ten feito o pago aos seus provedores. Hai que dicir que a Lei de Contratos establece un primeiro prazo de 30 días para que o Concello aprobe o pago respectivo das facturas e outros 30 días para pagar, pois ben, Vigo 8 días antes de que expire ese primeiro prazo de 30 días, xa fai o pagamento aos provedores, con iso o goberno municipal pretende evitar tensións de Tesourería nas empresas que dispoñen rapidamente dos cartos pola prestación de servizos que fan ao Concello, e tamén no cumprimento do principio de transparencia informamos oportunamente a través da web do Concello e neste mesmo Pleno sobre o cumprimento do devandito prazo.

Hai que dicir que o informe refírese aos capítulos II de VI do Orzamento de Gastos, é dicir, a prestación de servizos e investimentos é que os datos revelan unha evolución típica e recorrente no primeiro trimestre do ano, tanto no que se refire a Vigo como noutros municipios da comunidade autónoma e tamén do resto do Estado. Hai que dicir que segundo datos do propio Ministerio de Facenda relativos a toda España o prazo medio de pago nos municipios de toda España están en 55 días, que non se cumpren en Vigo posto que sería retornar a épocas pretéritas, ao ano 2006 onde gobernaba o Partido Popular e contábamos con eses prazos de pago, ao día de hoxe o prazo de pago en Vigo é o menor das cidades de Galicia, pagamos 8 días antes de que comece a computar ese prazo de pago a provedores. Na situación, no contexto español atopámonos con que as principais cidades teñen un prazo de pago próximo aos 30 días, algunhas delas superan levemente ese prezo como é o caso de Sevilla, Zaragoza e Palma de Mallorca onde os prazos superan os 30 días, no caso de Vigo estamos por debaixo do prazo de 30 días.

A situación en Galicia non é mellor que en Vigo, nas principais cidades de Galicia o prazo de pago tamén supera os 30 días, Ferrol con 43 días, A Coruña con 27, Santiago de Compostela 29,33, Ourense 24 polo tanto superáanse amplamente eses prazos de pago.

Na situación en Vigo, a entidade local pagou 3,3 días antes de que empezase a contar ese prazo no mes de xaneiro, 10 días antes de que comezase a computar ese prazo de 30 días no mes de febreiro e 8,5 días antes de que comezase a computar ese prazo de 30 días para o pagamento no mes de marzo, todo iso de acordo co que establece o Regulamento sobre pago a provedores.

Se temos en conta o perímetro de vinculación da entidade os datos son semellantes, posto que 3,3 días antes, 9,9 días antes e 7,8 días antes respectivamente en xaneiro, febreiro e marzo.

Durante o primeiro trimestre fixéronse un total 7.320 pagamentos por un importe total de 29,8 millóns de euros, non se fixo ningún pagamento de xuros de demora, polo tanto a contía de xuros de demora é cero, revela que o Concello paga nas datas fixadas, cumpre co prazo a provedores e é especialmente importante se temos en conta que por exemplo, no caso do subministro eléctrico, temos unha factura por cada un dos contratos de subministro, isto supón só de facturas de electricidade un número mínimo de 750 facturas, polo tanto cumprimos tamén pese ao volume de facturación que temos cada mes e cada trimestre.

No que se refire ao período medio de pago pendente, o que reflicte a antigüidade das operacións pendentes ao final do trimestre, este prazo é de 16,72 días, o cal é un período de tempo bastante razoable se temos en conta que como dixeran a administración ten 30 días para aprobar o gasto e outros 30 días para facer fronte a esa factura.

Polo tanto, estamos dentro dos prazos de pago, estamos a cumprir antes que ningunha cidade de Galicia e cumprindo tamén moito antes que as principais cidades de España no prazo de pago a provedores, insisto, 8 días antes de que empezase a computar ese prazo, Vigo xa tiña pagadas as facturas aos seus provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos sempre no mesmo debate, no debate comparativo, Vigo paga en ratios de tempo mellores que outras cidades do resto do Estado, pero

nos creo que con temos que compararnos e con nós mesmos. Estamos máis ou menos no mesmo ratio do ano 2015 neste trimestre, incluso con pagamentos por debaixo, incluso a nivel de volume no ano 2015 xa tiñamos 32 millóns de euros de pagos, este ano estamos en 29, certo que o exercicio é diferente, aínda que os números son moi parecidos, o volume total é diferente, nós movémonos no mesmo ratio de 27 días, que tamén se incluía no informe trimestral do ano 2015, se que nos preocupa que de todos estes datos pois que determinadas entidades vemos períodos de pagamento moi longos como pode ser o Marco, gustaríanos saber por que, precisamente pola situación que vive a Fundación Marco, un período de pagamento de 48 días no mes de marzo, cremos que con ese baile institucional que moitas veces ten a Fundación Marco entre Deputación, Xunta de Galicia e o Concello, moitas veces o financiamento das actividades culturais relacionadas coa actividade do museo debería ter uns períodos de pagamento máis axeitados, sobre todo e dentro da casuística que se nos di pois a situación financeira do Concello é moi boa e nós temos claro que este non é o lugar, seguramente a lei non obriga a facer unha auditoría permanente precisamente de que nós pagamos pero non sabemos moitas veces se a quen lle pagamos solventa as débedas que ten nomeadamente con traballadores, e pediríamos que se se liquida dunha maneira moi vehemente, positiva ás concesionarias que as concesionarias paguen aos seus traballadores e nomeadamente o conflito de Linorsa que se deixou de ser concesionaria que se lle pagou todo o que o Concello tiña que pagarlle e segue sen pagar aos traballadores. Por exemplo, o que ten endebedado antes de perder a concesión por este tipo de actuacións, e polo tanto, que se faga proactivamente, nós pagamos aos provedores dunha maneira proactiva pero se supón que é para que os provedores paguen aos seus traballadores e paguen os importes que lle deben e, polo tanto, deberíamos tamén facer ese esforzo porque isto non é a paga semanal que da papá e mamá as empresas para que logo fagan con ese recurso o que queiran, creo que ten que haber un cumprimento porque a gran parte dos pagos que facemos son a empresas privadas e polo tanto teríamos que auditar tamén que o retorno económico é así.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Concelleiro de Facenda, a ver, os datos son os que son e están aí e reflicten que vostedes cada vez van a peor, efectivamente o período



medio de pago é de 27,4 días, non sei de onde quita que se paga 8 días antes de que empece a contar o prazo, e tamén reflicte que empeorou bastante o período porque chegou a estar en 12 días pero aínda están dentro do prazo.

Tamén o expediente reflicte que hai problemas, non tanto como hai no Partido Socialista de Galicia que hai bastantes máis problemas que aquí no período medio de pago, non non estraña porque o Sr. Alcalde anda de paseo e de xira para ver se buscaba un candidato e resulta que vaia batacazo Sr. Alcalde, dende logo como profeta non ten prezo.

PRESIDENCIA: Para batacazo o seu nas municipais.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non se preocupe, que o que vostede quería que era encontrar un candidato que tivera un resultado aínda peor do que quitou vostede en 1997 cando se presentou á Xunta de Galicia.

PRESIDENCIA: Para batacazo o do grupo popular en Vigo nas municipais.

SR. FIDALGO IGLESIAS: O Sr. Xocas vai sacar menos de 15 deputados, ese é o batacazo, vostede levou dobre batacazo Sr. Font, o sábado foi para vostede unha noite negra porque algúns do seu grupo aínda tiveron algunha alegría, ou dúas alegrías, porque tampouco dos 17 ían co Sr. Méndez Romeu, que o saiban, había algúns co Atlético de Madrid, outros co Real Madrid, uns Méndez Romeu e outros con Xocas.

Pero seguimos co período medio de pagos. Tamén o expediente reflicte o que dicía o compañeiro da Marea de Vigo, que hai problemas relacionados coa xestión interna que tamén nos preocupa sobre todo ao Partido Popular, problemas que se repitan como os do Marco, 48 días, así que permítame que lle dea un pequeno tirón de orellas, non sei se a culpa do Marco tena o concelleiro de Facenda, ou o de Cultura, imaxínome que non porque é un gran profesional e moi dilixente, ou o director do Marco, entón a algún haberá que darlle das orellas, neste punto hai que mellorar.

Logo, aínda que non se reflicte neste trimestre, aparecerá no seguinte vemos un pouco o que din os cidadáns, unha cousa é a macro que pode ir ben, e outra a

micro, e aquí vemos as traballadoras de Linorsa que vostede fala de que hai un período medio de pago que se paga aquí fenomenalmente ben e resulta que están sen cobrar, señor concelleiro de Facenda, está sen cobrar. E logo vemos que tamén hai facturas que están sen pagar, por exemplo, tres facturas que se lle deben á concesionaria de Parque e Xardíns, e por iso nos teñen os parques e xardíns que están feitos un asco, señor concelleiro de Parque e Xardíns, os parques e xardíns están feitos unha calamidade, como o goberno das Mareas cando se mete o Alcalde con eles, unha calamidade, entón será porque hai facturas sen pagar e tamén falaba vostede do subministro eléctrico, que había moitas facturas do subministro eléctrico e que pasa, ao mellor vostede non o sabe e nos pode alumear o Sr. Alcalde, xa que estamos a falar de subministro eléctrico e de luz, que pasa coa luz do estadio de Balaídos, por que non se paga a luz do estadio de Balaídos, quen a ten que pagar? O Celta, o Concello o que si é certo é que estivemos a punto de perdernos o último partido de liga porque hai aviso de corte de luz sobre o estadio de Balaídos.

Así que, un pouco máis de humildade, sabemos que é moito pedir pero o importante é a micro, os cidadáns, o que lle chega á xente e o que lle chega á xente non é para botar foguetes, como di un programa de televisión os domingos pola noite estes son os datos, súas son as conclusións.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois mire non hai un goberno máis próximo aos cidadáns que este goberno de Vigo, mentres a Xunta de Galicia mira para o outro lado, a Xunta do Partido Popular, no Concello de Vigo as axudas sociais ás familias están a pe da rúa, se paga, se axuda a pagar a luz a quen non pode, se paga a quen non ten bolsas de comedor, se dan bolsas de comedor por parte deste Concello, polo tanto, non nos dean leccións de política social e de estar ao pe dos cidadáns, como se dixo antes 17 de 27 nas anteriores eleccións locais.

Pero miren, vostedes na súa intervención reflicten que non teñen nada que dicir ou máis ben pouco que dicir porque o que facemos é cumprir coa legalidade, cumprir co pagamento de pago aos provedores, cumprimos antes que ningún concello de Galicia pese a quen lle pese, outros concellos gobernados por outras cores non pagan no mesmo tempo que paga o concello de Vigo, e tamén hai que dicilo con máis recursos humanos que teñen respecto do Concello de Vigo. Polo tanto,

pagamos antes que ninguén e cumprimos coa finalidade de dar liquidez ás empresas, aos nosos provedores para que cumpran adecuadamente co seus traballadores e unha cuestión que non é exclusivamente responsabilidade deste Concello.

Si que é certo que hai un dato que o reflicte o Ministerio de Facenda que é o que comunicamos e publicamos na web, o prazo de pago a provedores está 8 días por debaixo do cómputo de pagamento desas facturas, datos oficiais non só do Concello de Vigo senón tamén do Ministerio de Facenda. Polo tanto, os datos están aí, como di o voceiro do Partido Popular.

En relación co Marco, se que é certo que os prazos de pago son maiores que na entidade local e na Xerencia de Urbanismo pero iso débese á transformación da transferencia que se fai ao Marco, pasamos dun capítulo IV de subvencións, a un capítulo de transferencias de capital e polo tanto, nese reaxuste de partidas está a razón dese pago máis tarde respecto do prazo. Polo tanto, cúmprese o prazo de pago e iremos baixando ese prazo de pago, tomamos nota e estamos a corrixir esa situación, así que o dato é que pagamos 8 días antes de que comece a computar o prazo de provedores.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**3.3(84).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2016, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 11/143 (1369/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de abril de 2016, a Dirección superior contable e orzamentación emite o seguinte informe,

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2016, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2016.

#### Entidade

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2016, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

#### Estados consolidados

Resumo por capítulos e por fases contables do estado de gasto e ingresos consolidados.

Recadación de exercicio corrente e pechados.

Pagos de exercicio corrente e pechados.

Modificacións orzamentarias.

#### Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local a 31/03/2016.

Estado de situación da débeda financeira bancaria a mesma data.

Estado dos períodos de pago do primerio trimestre, tanto da Lei de

morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 635/2014.”

Con data 23 de maio de 2016, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, quedou enterada de dito informe.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para facer o informe de execución trimestral do 1º trimestre do ano, en cumprimento do que dispón as propias Bases do Orzamento para 2016, hai que dicir que os datos aos que me vou a referir correspóndense ao primeiro trimestre, é dicir, datos pechados a 31 de marzo do ano 2016, é fundamentalmente os datos da entidade posto que son os datos que teñen carácter digamos voluntario e non carácter continuo como pode ser na Xerencia de Urbanismo, datos de contratos.

No caso dos gastos, os índices de execución neste primeiro trimestre do 2016, están sendo similares aos de anos anteriores o cal demostra a boa xestión económica, orzamentaria que se fai dende a Concellería e dende este goberno.

O importe total dos pagos ascendeu a 32,5 millóns de euros aínda que o gasto autorizado neste primeiro trimestre é de máis de 99 millóns de euros, procesos en marcha en tódalas concellerías e procesos de gasto en marcha. No capítulo I que se refire a gastos de persoal, no 1º trimestre pagáronse as retribucións dos empregados municipais por un importe total de 11,8 millóns de euros. No capítulo II que é o gasto corrente, polo tanto o gasto que depende das prioridades e finalidades do goberno, se fixeron pagamentos por importe de 16,1 millóns de euros, hai que dicir que neste capítulo II atópanse pagamentos relativos a políticas importantes para este goberno municipal, como son por exemplo o mantemento de vías, de sinalización e tamén as políticas de transporte, hai que destacar as subvencións aos cidadáns no bono-bus neste primeiro trimestre tan só 6,6 millóns de euros, tan só que non é unha cantidade irrelevante senón todo o contrario, é importante 2,6 millóns de euros no bono-bus e 293.000 euros nas lanzadeiras á Universidade.

Polo que se refire aos servizos sociais tamén se fixeron pagamentos no programa

de Menores por importe de máis de 87.000 euros, o centro de servizos sociais por un importe de máis de 100.000 euros, ao Servizo de Axuda no Fogar máis de 500.000 euros en axudas, ás axudas ás familias, as familias necesitadas de axudas para o pagamento de alimentación, de luz, de auga, máis de 200.000 euros, bolsas de comedor, outra das prioridades deste goberno, máis de 400.000 euros para axudar aos rapaces/as de Vigo que non teñen cartos nas súas casas para poder comer e que con estas bolsas de comedor se compensa ese déficit da casa. Axuda ás mulleres con situacións de necesidade e de protección o pagamento de máis de 26.000 euros para canguros no centro de mulleres e coa dinamización da Casa das Mulleres, en Educación co pagamento oportuno da enerxía dos colexios e sobre todo coas becas para estudos internacionais, e o pagamento por suposto das escolas infantís municipais, actividades deportivas tamén levadas a cargo polo Concello nas propias escolas deportivas municipais pero tamén nas piscinas municipais e nos ximnacios municipais, polo tanto atendendo ás necesidades da cidadanía e tamén coa promoción de actividades turísticas e dinamización cultural por parte deste concello.

Destaca por irrelevante o gasto no Capítulo III que é o dos intereses financeiros, tan só 10.000 euros, o cal reflicte que estamos nunha situación de solvencia financeira, de débeda cero, porque non temos pagamentos relevantes que facer de intereses. Na Capítulo IV de transferencias correntes pagáronse 4,4 millóns de euros e tamén hai que destacar que non se tivo que facer ningún pago con cargo ao fondo de continxencia, é dicir, non houbo ningunha situación imprevista e irreparable coa que se tivese que tirar deste fondo de continxencia. E no Capítulo VI de investimentos estamos a facer a licitación que sairán neste segundo trimestre do ano os proxectos e pagáronse no primeiro trimestre 147.000 euros de investimentos.

No capítulo VII, transferencias de capital, pagáronse 15.000 euros e como dixeran antes capítulo de débeda, débeda cero, polo tanto unha situación irrelevante, e polo que se refire aos ingresos sobre un total de 44 millóns de euros devengados, recadáronse 26 millóns de euros, polo tanto, situación de solvencia que responde tamén á planificación da ordenanza fiscal dos prazos de pago dos principais impostos municipais que corresponden ao segundo semestre do ano. Polo tanto, unha execución razoable e previsible do orzamento, estamos nos prazos

adecuados e cúmprese coa execución.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que xa é reiterada o que este grupo municipal traslada sempre cos grados de execución, o Orzamento é un instrumento político, non é un instrumento técnico e polo tanto a nós nos gusta facer ao final ano e no seguinte exercicio ver o mapa de proceso de execución de todo o orzamento en global, primeiro porque vivimos un peche orzamentario no ano 2015, onde de maneira forzada se busca un superávit de 22 millóns de euros que sae de moitas partidas que nós xa denunciámos no seu día, partidas que teñen que ver coa dinamización económica, con promoción turística, con moitas, incluso con partidas que teñen que ver con cuestións sociais que se pon no orzamento unha cantidade, se executa menos, iso xera superávit e con ese superávit ao ano seguinte efectivamente podemos liquidar créditos bancarios ou podemos facer investimentos co superávit do ano anterior. Esperemos que esta ano non se faga o mesmo, porque si que é certo que vostedes amortizaron de xeito expres unha cantidade importante de varios millóns de euros para precisamente baixar a débeda deste Concello pero iso saíu tamén de partidas que non se executan, polo tanto, no primeiro trimestre do ano nos imos poñer sempre a dúbida dos graos de execución porque os que nos interesa é saber como se pecha o exercicio orzamentario, sobre todo en que se emprega os cartos que figuran nun orzamento, porque é certo que no orzamento de Vigo no figuraban determinadas partidas que logo acaban infrándose ou acaban diminuíndo, hai algunhas, por exemplo, que no seu día dicíamos que nos preocupaban e nos preocupaba as tres partidas practicamente sen executar de promoción turística, nos preocupaba por non ser capaces de quitar as ofertas públicas de emprego que as gratificacións, as produtividades aos traballadores públicos pasen de 800.000 euros a 3,5 millóns, moitas veces porque non se executa a oferta pública de emprego a pouca que nos permita a lei, é certo que a taxa de reposición imposta polo Partido Popular nos deixa bastante escuálidos o cadro de persoal pero por exemplo, saber ao final de ano se imos superar case os seis, de catro millóns orzamentados de multas, pasar case aos seis millóns e todo isto é porque unha política orzamentaria que a nós non nos gusta, non nos gusta que se fagan roldas de prensa, anuncios de partidas sociais, económicas que ao final non se executan e que xeran un superávit que é unha cultura, que non ten

que ser nin positiva nin negativa, nin ten que ser de dereitas nin de esquerdas pero cando un concello da un superávit de 22 millóns de euros e para facerllo ver, como din coloquialmente. Polo tanto, hai partidas que obviamente que nós imos seguir, queremos saber se ao final os famosos plans de emprego que se consignan e anuncian incluso nos medios de comunicación dunha maneira moi vehemente, pois ao final imos ter os grados de execución do ano anterior porque a nós nos preocuparía que quedaran colgando dalgúns programas importantes algún tipo de recursos, moitas veces se di que iso é unha bolsa por se hai reclamacións das persoas que pediron axudas sociais, pero ao final as reclamacións son por importes económicos moi por debaixo dos cartos que queda sen executar e poño por exemplo as axudas sociais e o cheque social do ano pasado que se dicía que eses cartos que quedaron na contorna dos 300.000 euros sen executar era por si había reclamacións pero as reclamacións estaban moi por debaixo dos 100.000 euros, e polo tanto, debería haber un maior control.

Se que nos preocuparía que seguira aumentando a presión fiscal por habitante, non é un dato noso é un dato dos informes e que neste 2016 a presión fiscal sega aumentando, o número de euros por habitantes sega aumentando porque o incremento entre o 2014 e o 2015 deuse e nos pensamos que iso ao mellor o grado de execución nos faría ver no capítulo de ingresos se realmente se está a facer unha política de contención da presión fiscal sobre os veciños/as de Vigo.

Polo tanto, no primeiro trimestre como temos xa experiencia do ano pasado imos esperar ou seguir auditando este grado de execución pero o que nos preocupa é o peche porque si que este ano seguramente haberá investimento para humanizacións e haberá xente incluso que o vexa como unha cousa positiva, pero nós imos dicir de onde saen eses recursos económicos que este ano se consignan a iso, e imos dicir que partidas quedaron sen executar para que logo podamos poñer un anaco de pedra nunha rúa ao mellor porque o quitamos dunha partida social.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A Lei de facendas locais no seu artigo 207 obriga ao concelleiro de Facenda e ao interventor a presentar aquí un informe trimestral de liquidación do trimestre, un informe que o que nos presenta é unha foto da execución do presuposto de ingresos e de gastos da primeira parte do ano. Hoxe



polo tanto nos toca analizar como se comportou o Orzamento entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo, pois tendo en conta que é aínda a primeiros de exercicio e que aínda faltan 9 meses por rematar o ano comprobamos Sr. Aneiros, que as cifras son moi discretas, a execución de ingresos a consideramos normal, ascende ao 19% do total, como sempre este goberno se apoia bastante, moito máis que para o que o Partido Popular de Vigo ve recomendable na recadación por multas de tráfico, niso vaille moi ben, que xa vai 1,3 millóns de euros, dos catro millóns que aparecen no Orzamento, xa sei que non lles gusta, gústalle os cartos que veñen das multas de tráfico, como é marca da casa xa non nos parece normal, as multas superan polo tanto un 30% do orzamentado. Xa nos explicará un día o das turbo rotondas, como se pasa dun carril a outro, iso é para nota.

PRESIDENCIA: Non me diga que vostede non as respecta porque iso é multa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non, eu as respecto, respecto as sinais e senón as respecto xa están os gardas municipais para que as respecte, pero é para nota, hai que andar moi atento para pasarse dun carril a outro, eu se quere un día o acompañoo a Samil.

PRESIDENCIA: Como sempre, para pasar dun carril a outro hai que andar moi atento.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hai que andar case máis atento ás raias que aos coches, entón iso é un problema. Un día lle traio unha moción de turbo rotondas e así lúcese un pouco e lle sobe o ánimo despois desta fin de semana que leva negro. Respecto aos gastos a execución xa é pésima Sr. Aneiros, a máis baixa dos últimos anos, non chega sequera ao 14%, a Tesourería, o aforro dos vigueses, pasou de 79 millóns de euros a primeiros de ano a 61 millóns, a 31 de marzo, é normal, pero o que é escandaloso é a execución do capítulo de investimento, estará de acordo comigo que a execución do capítulo VI de investimentos demostra o que todo o mundo está vendo que a cidade está paralizada, que non se fai nin unha soa obra, dos 9 millóns de euros do presuposto só se comprometeron 147.000 euros, un 0,9% do presuposto, dígame vostede se está satisfeito ou non.

Hai un ano, lémbrome que estábamos no momento preelectoral, había unha municipais, e parecía que na cidade non había un mañá, había rotondas, turbo rotondas, medianeiras, xardineiras, agora se demostra que esa é a política do PSOE de Vigo, a política da pantalla, da publicidade, unha política electoralista e sabemos que temos que esperar tres anos máis a que haxa eleccións municipais para que se volva a facer algo.

O estadio de Balaídos está a Tribuna, pero tiña que estar rematado, e onde está o proxecto de Río, o de Marcador, hai tempo para falar de Balaídos, miúda desfeita, e da cidade deportiva do Celta. Pero as parroquias están abandonadas, falla mantemento por todas partes e nin rastro das humanizacións, rúa Pontevedra, cero, Rosalía de Castro, cero, Bueu, cero, rúa Llorente, cero Dóctor Corbal, cero, segunda fase de Gregorio Espiño, cero, carta fase de Aragón, cero, as obras que ía facer a Deputación de Pontevedra en Vigo, “onde están as obras matarile, rila, rila, onde están as obras matarile, leró”, Sra. Silva onde están obras? O aparcadoiro municipal, que van facer no Álvaro Cunqueiro, onde está a obra, cero, non nos estraña, unha calamidade Sr. Alcalde, igual que os gobernos das Mareas.

SR. ANEIROS PEREIRA: Esta claro que cando o Partido Popular non ten nada que dicir pono a vostede a cantar Sr. Fidalgo, porque está claro que nin idea do que dicir e nin idea de xestión municipal. Voulles explicar, as obras, xa que quere que empecemos por aí, o procedemento de licitación pública e de contratación ten uns prazos, evidentemente primeiro hai que quitar a licitación, despois adxudicar e despois facer a obra, e por iso que sempre no primeiro trimestre do ano non hai obrigas que pagar, se non que o procedemento de contratación está en marcha, deberían sabelo Sr. Fidalgo e non cantar.

A execución do Orzamento discorre por porcentaxes de execución razoables, a tendencia, Sr. Pérez, a porcentaxe de execución é razoable porque iso nos revela se imos a cumprir coa execución en torno ao 99%, 98% que estamos nos últimos anos, a porcentaxe de execución do primeiro trimestre indica que a tendencia é chegar a ese nivel de execución a finais de ano.

Por suposto que non imos quitar ningunha partida de servizos sociais para investimentos, claro que non, a política social é unha prioridade deste goberno e de aí non se quita ningunha partida para facer investimentos. Polo tanto, o que

queremos é facer unha boa execución de orzamento, dos recursos públicos para adicalos á cidadanía, á cidade, polo tanto os niveis de execución do orzamento van por niveis razoables.

Claro que a vostedes lles gustaría que estivésemos en peor condicións porque que un concello non teña que pagar intereses aos bancos, claro que é novidoso, pero eses intereses se adican a facer investimentos, a mellorar as condicións de vida de tódolos vigueses/as desta cidade, a iso vaia adicada a amortización da débeda, Sr. Pérez, a non pagar intereses aos bancos e a poder adicar eses recursos ás familias, á cidade, á cidadanía, polo tanto, iso facemos. É certo que no podemos quitar a oferta de emprego que nos gustaría porque como vostede ben di o Partido Popular cortou a posibilidade de quitar unha oferta de emprego público axeitada ás nosas necesidades e facer tamén de motor dinamizador do cambio.

Pero xa que vostedes falan das multas quero quitar a portada, unhas das portadas do xornal de hoxe, lles preocupa moito o importe das multas, pero miren, “o importe das multas redúcese en Vigo” outra cousa é que vostedes queiran facer unha defensa dos infractores, dos infractores de tráfico, urbanísticos, de calquera cousa pero os datos están aquí Sr. Fidalgo, o importe das multas se reduce, por que? Porque se conduce mellor en Vigo, porque a cidade humanizada permite moverse andando e porque o transporte público funciona Sr. Fidalgo, máis que lles pese.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

### **3.4(85).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1430/110 (REXISTRO PLENO 1377/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 30 de marzo de 2016, aprobouse inicialmente o Proxecto do Regulamento Orgánico do Pleno, durante os 30 días hábiles que estivo

a exposición pública presentáronse 5 alegacións, sendo informadas polo secretario xeral do Pleno en data 18 de maio 2016, que di o que segue:

"Asunto: Informe relativo as reclamacións e suxestións presentadas polos representantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG, Comité de Vigo); Confederación Intersindical Galega (Comarca de Vigo); Plataforma Afectados Hipoteca Vigo-Tui-Baixo Miño; Asociación Veciñal de Teis e Federación de Asociacións Vecinales Eduardo Chao á aprobación inicial do proxecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

Lexislación aplicable:

CE. Constitución Española 1978.

EAG. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.

LOREG. Lei 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LRXPAC. Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

LALGA. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

ROFCL. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Antecedentes:

En data 17 de abril o BOP publicou anuncio no que se expoñía ao público o acordo de aprobación inicial e o expediente relativo ao proxecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

En data de 9 de maio, dentro do prazo outorgado, presenta reclamacións e suxestións Serafín Otero Fernández, na súa calidade de representante e "responsable-potavoz" local do Bloque Nacionalista Galego na Cidade de Vigo sen que aporte documento no que conste tal representación que, por notoriedade, se presume.

En data de 13 de maio, dentro do prazo outorgado, presenta reclamacións e suxestións Alberto Goncalves Herrero, na súa calidade de representante da Confederación Intersindical Galega en Vigo sen que aporte documento no que conste tal representación que, por notoriedade, se presume.

En data de 16 de maio, dentro do prazo outorgado, presenta reclamacións e suxestións Benito Castro Otero, na súa calidade de representante Plataforma Afectados Hipoteca Vigo-Tui-Baixo Miño (PAH VTBM) sen que aporte documento no que conste tal representación que se presume.

En data de 16 de maio, dentro do prazo outorgado, presenta reclamacións e suxestións Antonio Collazo Collazo, na súa calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis sen que aporte documento no que conste tal condición que se presume.

En data de 18 de maio, dentro do prazo outorgado, presenta reclamacións e suxestións María Pérez González, na súa calidade de representante da Federación de Asociacións Veciñais Eduardo Chao sen que aporte documento no que conste tal representación que se presume.

Procede, respecto dos escritos recibidos, emitir informe avaliando a adecuación e incidencia das reclamacións e suxestións á legalidade sen prexuízo de considerar aspectos de técnica e sistemática regulamentaria.

#### INFORME ÁS RECLAMACIÓNS DO BNG.

Reclamación nº 1. O artigo 2, “Idiomas do Pleno”. Reclamación de supresión.

Se insta a supresión do apartado 3. que di: *“Nos debates utilizarase o galego ou o castelán”*.

Xustifícase a supresión na vixente Ordenanza municipal de Normalización Lingüística aprobada en sesión de data 8.11.1988 que no artigo 1. indica, “O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Vigo” sinala para facer efectiva esa oficialidade, todos os actos da Administración Municipal, incluídas as sesións plenarias, deben promover o uso da lingua galega.

A Administración Municipal do Concello de Vigo, tamén o Pleno, nos seus distintos escritos (convocatorias de sesións, ordes do día, propostas de acordo, ditames, votos particulares, emendas, mocións, actas, certificacións, notificacións, recursos, escrituras e demais realizados en nome do Pleno) exprésase en idioma galego, lingua propia de Galicia; cuestión distinta é o idioma que poden utilizar os concelleiros nas súas intervencións nas sesións do Pleno da Corporación que pode ser calquera dos dous oficiais na Comunidade; artigo 5.2 do EAG.

Procede a súa desestimación.

Reclamación nº 2. O artigo 9, “Dereitos de carácter político e representativo”. Reclamación de supresión.

Propón a supresión do último último parágrafo do apartado 3 que di: *“A petición de copias en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas e concretará e identificará con detalle os documentos interesados; o exercicio deste dereito non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa; non se librarán copias dos documentos que consten nos distintos portais informáticos do Concello e sexan de libre acceso os concelleiros”*.

A LRXPAC, no artigo 37.7, menciona a “eficacia administrativa” (principio constitucional de funcionamento das Administracións Públicas, artigo 103.1. C. E.) e a prohibición de solicitudes xenéricas como límite o dereito dos cidadáns de acceso aos Rexistros Públicos. O mesmo límite debe esixirse aos representantes municipais; é mais, o ROFCL, nos seus artigos 15. c) e 16.1.a), equipara neste aspecto (libramento de copias) o dereito dos representantes políticos ao dereito de

libre acceso para os cidadás, acceso que se materializa respecto dos expedientes “concluídos”, artigo 37.1 LXPAC, tal e como sinala o proxecto de Regulamento.

Procede a súa desestimación.

Reclamación nº 3. O artigo 21.1 “Composición e constitución” [dos Grupos Políticos Municipais]. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1.: *“Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”, pola seguinte redacción: “Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo.”*

Xustifica a reclamación na adecuación do previsto ao establecido no artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) co propósito de non elevar as esixencias nel previstas para a conformación dos grupos políticos municipais.

O precepto invocado di: “Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non houberan obtido un mínimo de dous escanos”.

A obriga legal é que non poderán constituír grupo político municipal aqueles partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtiveran un mínimo de dous escanos; nada impide que o Regulamento Orgánico do Pleno eleve tal mínimo a outras cifras que, en todo caso, deben resultar razoables en relación ao número de concelleiros existentes en cada Concello; en efecto, a LALGA utiliza a homoxeneidade (mínimo de dous concelleiros) para todos os municipios de Galicia con independencia de cal sexa o número de concelleiros nel existentes, número que varía desde tres concelleiros (municipios de hasta 100 residentes, artigo 179.1 LOREG) a vinteseite, caso de Vigo; parece razoable que aqueles Concellos con mais representantes cidadás eleven o número mínimo sinalado na LALGA.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 4. O artigo 21.2 “Composición e constitución” [dos Grupos Políticos Municipais]. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do apartado 2.: *“Integraranse no Grupo Mixto os concelleiros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de tres concelleiros ...”* pola seguinte redacción: *“Integraranse no Grupo Mixto os concelleiros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de dous concelleiros ...”*.

Mesma xustificación que na anterior reclamación.

Mesmo análise que na reclamación anterior.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 5. O artigo 21.5 “Composición e constitución” [dos Grupos Políticos Municipais]. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do apartado 5.: *“Os concelleiros integrantes do Grupo Mixto exercerán por rotación o cargo de Voceiro, segundo a orde que eles determinen”, pola seguinte redacción: “Os integrantes do Grupo Mixto acordarán como exercer o cargo de Voceiro. No caso de que estaren adscritos ao Grupo Mixto concelleiros electos por candidaturas diferentes, permitirase no desempeño das súas funcións expresar a identidade e denominación propia do seu partido político, federación, coalición ou agrupación de electores.”*

Xustifica a reclamación na procura dun funcionamento flexible do Grupo Mixto que permita a visualización das diferentes opcións políticas existentes no mesmo.

O Regulamento non debe disciplinar a forma na que o Voceiro do Grupo Mixto exerza o seu cargo.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 6. O artigo 22.3 *“Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais”*. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do primeiro parágrafo do apartado 3.: *“Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal, os Grupos disporán no Concello dunha sede ou local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.”*, por a seguinte redacción: *“Os grupos municipais constituídos e o grupo mixto, no caso de existir, disporán na Casa do Concello dun local como espazo de traballo para as tarefas propias do seu desempeño e no que podan reunirse e recibir visitas; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.”*

A alegación pretende a supresión do primeiro inciso do apartado que di: *“Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal”*; xustifica a alegación sinalando que, en todo caso, o Concello debe prover os medios dotacionais precisos para o correcto desempeño das funcións de cada Grupo municipal.

A expresión *“Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal”* debe entenderse como unha garantía para facilitar aos Grupos políticos municipais un local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns, de tal xeito que só por tal razón de imposibilidade material, debidamente acreditada, en definitiva, non arbitraria, pode denegarse un local para tales fins.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 7. O último parágrafo do artigo 49.1. "Publicidade das sesións". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último parágrafo do apartado 1.: *"O público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares"*, pola seguinte redacción: *"O público asistente ás sesións non intervirá nelas e a Presidencia asegurará o normal desenvolvemento da sesión sen que iso supoña restrinxir o exercicio do dereito de liberdade de expresión das persoas asistentes, sempre e cando non supoña interrupción ou grave e reiterada alteración da mesma"*.

Xustifica a substitución indicando a conciliación do normal funcionamento da sesión plenaria e o carácter restritivo da función moderadora da Presidencia para a mellor garantía do exercicio de dereitos fundamentais por parte das persoas asistentes.

A exhibición de carteis, pancartas ou similares son feitos que se integran no concepto de "manifestacións de agrado ou desagrado", condutas non permitidas no R.D. 2568/1986 (ROFCL), artigo 88.3.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 8. O artigo 49.3. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

O apartado 3. indica: *"Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas a orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada"*.

Xustifica a supresión indicando que a expulsión dunha persoa no decorrer dunha sesión plenaria, inda estando motivada, non pode provocar a limitación arbitraria do dereito da veciñanza a asistir a futuras sesións plenarias de carácter público, e que presunción de maneira anticipada da súa reincidencia nos comportamentos que puntualmente puidesen motivar a expulsión, supón unha arbitrariedade coercitiva.

Respecto da cuestión proposta a Exposición de Motivos do Regulamento indica: "O art. 70 da LBRL sinala que as sesións do Pleno das Corporacións Locais son públicas. Tal principio xeral de publicidade implica que poden asistir as mesmas todos os cidadáns que o estimen conveniente así como os medios de comunicación social sen mais limitación -limite material- que o aforo existente. O carácter público das sesións é reflexo da proximidade das administracións municipais.



O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten a súa fronteira no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O artigo 122.1 da LBRL sinala que o Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Esta excelencia representativa obriga a que as súas sesións se realicen baixo a solemnidade e o respecto que corresponde a un órgano destas características tendo dereito os concelleiros a desempeñar os seus dereitos pacificamente, sen perturbacións ilexítimas nin dilacións indebidas.

É deber inescusable da Presidencia asegurar o bo orden das sesións ostentando para iso inherentes funcións de dirección no interior do salón, "policía de estrados"; a certeza e eficiencia do dereito dos cidadáns de participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes, artigo 23 C.E., esixe que a Alcaldía, mediante a tipificación de condutas non desexadas, dispoña de medidas preventivas, proporcionadas e obxectivas que garantan o establecemento das condicións precisas para o normal desenvolvemento das sesións plenarias e dos dereitos fundamentais".

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 9. O artigo 49.5. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

O apartado 5. indica: "*A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións*".

Xustifica a supresión indicando que o carácter público das sesións plenarias é contradictorio co límite do precepto.

A Presidencia do Pleno ostenta inherentes deberes de dirección e de policía interna (policía de estrados) durante a celebración das sesións plenarias ao obxecto de que estas se desenvolvan coa solemnidade debida.

O inciso final do apartado 5 ten como fin, precisamente, facilitar a presenza dos medios de comunicación no Pleno.

En efecto, o espazo físico do Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vigo é reducido, razón suficiente para que a presenza destes nas sesións deba disciplinarse/controlarse evitando con iso situacións de imposibilidade material (cabida física) que, en todo caso, deben ser resoltas con anterioridade ao inicio da sesión.

A autorización que se menciona no artigo 49.5 é admisible e conforme a dereito sempre e cando se interprete no sentido que a autorización é outorgada ou

denegada en función do espazo dispoñible.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 10. O último inciso do artigo 54.1. "Nomenclatura". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1. referido ás "Intervencións no Pleno dos cidadáns", que indica: "... a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión", pola seguinte redacción: "... a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde co acordo da Xunta de Voceiros, e que nunca será inferior a cinco minutos, a través dun único representante."

Xustifica a modificación alegando a garantía dunha duración mínima e a participación da Xunta de Voceiros na regulación dos tempos.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 11. O primeiro inciso do artigo 63.3. "Mocións de control". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do primeiro inciso do apartado 3., que indica: "Non se incluírán na Orde do Día mais de sete mocións en cada sesión ordinaria", pola seguinte redacción: "Non se incluírán na Orde do Día mais de doce mocións en cada sesión ordinaria".

Xustifica a reclamación indicando a necesidade de favorecer a capacidade de iniciativa política e o debate no seo da Corporación municipal permitindo a correcta representación das opcións non maioritarias.

A representación das opcións non maioritarias atópase recollida no mesmo apartado 3. ao indicarse: "Cada grupo presentará o número que lle corresponda en proporción o seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción ...".

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 12. O artigo 63.3. "Mocións de control". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do apartado 3., onde se indica: "... en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción ...", pola seguinte redacción: "... en todo caso cada grupo municipal poderá presentar tres mocións ..."

Xustifica a reclamación indicando a necesidade de favorecer a capacidade de iniciativa política e o debate no seo da Corporación municipal, permitindo a correcta representación das opcións non maioritarias.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 13. O primeiro inciso do artigo 65.4. "Rogos". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do primeiro inciso do apartado 4., que indica: "*Non se formularan mais de nove rogos en cada sesión ordinaria*", pola seguinte redacción: "*Non se formularán mais de doce rogos en cada sesión ordinaria.*"

Xustifica a reclamación indicando a necesidade de favorecer a capacidade de iniciativa política e o debate no seo da Corporación municipal.

No ano 2012 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) un total de 15 rogos dos 48 posibles (catro por cada grupo municipal), que admite o vixente Regulamento do Pleno, e 12 polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP); no ano 2013 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) 5 rogos dos 48 posibles e outros 5 polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP); ano 2014 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) 4 rogos dos 48 posibles e 6 polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP).

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 14. O primeiro inciso do artigo 66.5. "Preguntas". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do primeiro inciso do apartado 5., que indica: "*Non se formularan mais de nove preguntas en cada sesión ordinaria*", pola seguinte redacción: "*Non se formularán mais de doce preguntas en cada sesión ordinaria.*"

Xustifica a reclamación indicando a necesidade de favorecer a capacidade de iniciativa política e o debate no seo da Corporación municipal.

No ano 2012 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) un total de 9 preguntas das 48 posibles (catro por cada grupo municipal) que admite o vixente Regulamento do Pleno e 13 polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP); no ano 2013 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) 19 preguntas das 48 posibles e 20 polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP); ano 2014 convocáronse 12 sesións ordinarias formulándose polo Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) 25 preguntas das 48 posibles e 8 preguntas polo Grupo político municipal do Partido Popular (PP).

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 15. O último inciso do artigo 88.1. “Da iniciativa regulamentaria dos veciños”. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do artigo 88.1., que indica: *“Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do municipio”*, pola seguinte redacción: *“Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos por 5.000 veciños.”*

A reforma operada na LBRL pola Lei 57/2003 introduciu o artigo 70 bis que recoñece o dereito dos veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais a exercer a iniciativa popular presentando Proxectos de Regulamentos en materias da competencia municipal; o precepto esixe que tal iniciativa sexa subscrita por unha porcentaxe de veciños do municipio en relación co seu número de habitantes, en efecto, o artigo 70 bis no apartado 2. indica: *“Ditas iniciativas deberán ir subscritas ao menos pola seguinte porcentaxe de veciños do municipio:*

*a) Ata 5.000 habitantes, o 20 por cento.*

*b) De 5.001 a 20.000 habitantes, o 15 por cento.*

*c) A partires de 20.001 habitantes, o 10 por cento.*

Enténdese que as porcentaxes citadas tanto, na LBRL como no Proxecto de Regulamento, refírense ós veciños que gocen do “dereito de sufraxio activo”, é dicir, a inscritos no “censo electoral” e non se integren no “censo electoral de residentes ausentes (CERA)” pois estes non teñen a condición de “veciños”; no caso de Vigo integran o vixente “censo electoral”, excluído o CERA, 236.709 persoas polo que os Proxectos de Regulamentos nesta modalidade de iniciativa regulamentaria deben ser subscritos, en todo caso, por 23.671 veciños inscritos no “censo electoral”, non resultando posible, desde a legalidade aplicable, diminuír esta cifra a 5.000.

Procede a desestimación da reclamación.

#### INFORME ÁS RECLAMACIÓNS DA CIG.

Reclamación nº 1. O artigo 2, “Idiomas do Pleno”. Reclamación de supresión.

Se insta a supresión do apartado 3. que di: *“Nos debates utilizarase o galego ou o castelán”*.

Xustifícase a supresión na vixente Ordenanza municipal de Normalización Lingüística que no artigo 1. indica, “O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Vigo” sinala para conseguir a normalización plena do idioma galego debe promoverse o seu uso en todos os ámbitos da vida municipal.

A Administración Municipal do Concello de Vigo, tamén o Pleno, nos seus distintos escritos (convocatorias de sesións, ordes do día, propostas de acordo, ditames,

votos particulares, emendas, mocións, actas, certificacións, notificacións, recursos, escrituras e demais realizados en nome do Pleno) exprésase en idioma galego, lingua propia de Galicia; cuestión distinta é o idioma que poden utilizar os concelleiros nas súas intervencións nas sesións do Pleno da Corporación que pode ser calquera dos dous oficiais na Comunidade; artigo 5.2 do EAG.

Procede a súa desestimación.

Reclamación nº 2. O artigo 34. “Comisións Obrigatorias”. Emenda de engádegas.

Propón a engádegas de tres apartados identificados como 1º, 2º e 3º referidos á “Comisión de Vixilancia da Contratación” nos que se indica que tal órgano complementario é un órgano de vixilancia da actividade contractual da administración municipal; que o seu obxecto é garantir a aplicación efectiva dos principios da contratación pública e que a Comisión rexerese polo que determine o seu acordo de creación.

No Regulamento aprobado inicialmente en sesión de data 30.03.2016, froito da aceptación de emenda presentada polo Grupo Político Municipal “Marea de Vigo”, consta no artigo 34 un apartado 3 que, textualmente indica:

*3. A Comisión de Vixilancia da Contratación.*

*a) É o órgano de vixilancia da actividade contractual da Administración municipal.*

*b) O obxecto da Comisión é garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrência, obxectividade e eficacia na contratación pública.*

*c) Nas demais cuestións rexerese polo que o determine o seu acordo de constitución.*

A reclamación presentada coincide co texto aprobado inicialmente polo que resulta improcedente.

Reclamación nº 3. O último parágrafo do artigo 49.1. “Publicidade das sesións”. Reclamación de supresión.

Propón a supresión do último parágrafo do apartado 1.: “*O público asistente ás sesións non intervira nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares*”.

Xustifica a supresión indicando que o texto pretende impedir que a veciñanza exerza o dereito fundamental de liberdade de expresión.

A exhibición de carteis, pancartas ou similares son feitos que se integran no concepto de “manifestacións de agrado ou desagrado”, condutas non permitidas no R.D. 2568/1986 (ROFCL), artigo 88.3.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 4. O artigo 49.3. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

O apartado 3. indica: *"Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas a orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada".*

Xustifica a supresión indicando que a expulsión dunha persoa dunha sesión plenaria non pode impedir a súa asistencia a futuras sesións de carácter público.

Procede realizar idéntica reflexión que a recollida na Reclamación nº 8 do BNG.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 5. O artigo 49.5. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

O apartado 5. indica: *"A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións".*

Xustifica a supresión indicando que o carácter público das sesións plenarias impide que o criterio do alcalde limite o acceso dos medios de comunicación.

Procede realizar idéntica reflexión que a recollida na Reclamación nº 9 do BNG.

Reclamación nº 6. O artigo 49.5. "Publicidade das sesións". Reclamación de engádega.

Propón a engádega dun novo parágrafo o apartado 5 do artigo 49 co seguinte contido: *"As sesións plenarias serán emitidas en directo a través da páxina web do Concello de Vigo e/ou TV."*

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 7. O último inciso do artigo 54.1. "Nomenclatura". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1. referido ás "Intervencións no Pleno dos cidadáns", que indica: *"... a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión"*, pola seguinte redacción: *"... a súa intervención, de ser autorizada,*

*realizarse polo tempo que determine o alcalde co acordo da Xunta de Voceiros, e que nunca será inferior a cinco minutos, a través dun único representante.”*

Xustifica a modificación alegando que o Regulamento non garante un tempo mínimo de intervención e que non pode ficar só o criterio do Alcalde.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 8. O último inciso do artigo 88.1. “Da iniciativa regulamentaria dos veciños”. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do artigo 88.1., que indica: *“Ditas iniciativas deberán ir subscrias cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do municipio”*, pola seguinte redacción: *“Ditas iniciativas deberán ir subscrias cando menos pola porcentaxe do 1 por cento de veciños do municipio.”*

Xustifica a reclamación indicando a necesidade de facilitar a formulación de iniciativas regulamentarias por parte da veciñanza.

A reforma operada na LBRL pola Lei 57/2003 introduciu o artigo 70 bis que recoñece o dereito dos veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais a exercer a iniciativa popular presentando Proxectos de Regulamentos en materias da competencia municipal; o precepto esixe que tal iniciativa sexa subscria por unha porcentaxe de veciños do municipio en relación co seu número de habitantes, en efecto, o artigo 70 bis no apartado 2. indica: *“Ditas iniciativas deberán ir subscrias ao menos pola seguinte porcentaxe de veciños do municipio:*

- a) Ata 5.000 habitantes, o 20 por cento.*
- b) De 5.001 a 20.000 habitantes, o 15 por cento.*
- c) A partires de 20.001 habitantes, o 10 por cento.*

Enténdese que as porcentaxes citadas tanto, na LBRL como no Proxecto de Regulamento, refírense ós veciños que gocen do “dereito de sufraxio activo”, é dicir, a inscritos no “censo electoral” e non integrados no “censo electoral de residentes ausentes (CERA)” pois estes non ostentan a condición de “veciños”; no caso de Vigo integran o vixente “censo electoral municipal”, excluído o CERA, 236.709 veciños polo que os Proxectos de Regulamentos nesta modalidade de iniciativa regulamentaria deben ser subscrios, en todo caso, por 23.671 veciños, dez por cento da cifra anterior, non resultando posible, desde a legalidade aplicable, diminuír esta porcentaxe.

Procede a desestimación da reclamación.

INFORME ÁS RECLAMACIÓNS DA PAH VTBM

As reclamacións e suxestións que constan no escrito son reprodución exacta das

presentadas pola Confederación Intersindical Galega (CIG) polo que se reitera o informado respecto das mesmas.

#### INFORME ÁS RECLAMACIÓNS DA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE TEIS

As reclamacións e suxestións identificadas cos números 1, 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 son reprodución exacta das presentadas pola Confederación Intersindical Galega (CIG) polo que se reitera o informado respecto das mesmas.

Reclamación nº 3. o artigo 44. a). “Clases de sesións”. Reclamación de engádega.

Propón a modificación do apartado a) do artigo 44 que di: *“Son ordinarias as sesións que teñen unha periodicidade preestablecida que será mensual. Dita periodicidade será fixada mediante acordo do Pleno adoptado na súa sesión organizativa”,* pola seguinte redacción: *“Son ordinarias as sesións que teñen unha periodicidade preestablecida que será mensual. O Pleno celebrará as súas sesións ordinarias en sábado.”*

Xustifica a reclamación indicando que o horario actual impide a veciñanza asistir ás sesións plenarias.

Non corresponde ao Regulamento Orgánico determinar o día concreto no que deben realizarse as sesións ordinarias. En efecto, o artigo 38 do ROFCL sinala, *“(…)Dentro dos trinta días seguintes o de a sesión constitutiva, o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno que sexan precisas, a fin de resolver os seguintes puntos: a) Periodicidade das sesións do Pleno ...(...).”*

A decisión do día concreto do mes no que deben realizarse as sesións ordinarias non se establece desde un precepto regulamentario (deslegalización regulamentaria) senón desde un mero acordo do Pleno (acto administrativo) o que facilita, dada a ausencia de rango normativo, a modificación de dita previsión.

Na súa sesión organizativa de data 15.06.2016 o Pleno acordou que as sesións ordinarias teñen lugar o último luns de cada mes; que isto sexa así non impide que o mesmo Pleno, cando o considere oportuno, adopte acordo modificando a súa decisión anterior.

Procede a desestimación da reclamación.

Reclamación nº 4. o artigo 46.1 “Lugar de celebración das sesións do Pleno”. Reclamación de modificación.

Propón a modificación do primeiro inciso do artigo 46.1 que di, *“(…) O Pleno celebrará as súas sesións no Salón de Sesións da casa Consistorial (...)”,* pola seguinte redacción, *2(...) O Pleno celebrará as súas sesións no Auditorio da Casa Consistorial (...)”.*

Xustifica a reclamación na capacidade, moi limitada, do Salón de Sesións o que impide a asistencia da veciñanza.



A Corporación decidirá.

## INFORME ÁS RECLAMACIÓNS DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS EDUARDO CHAO

Reclamación nº 1. O artigo 9. “Dereitos de carácter político e representativo”.  
Emenda de substitución.

Propón a substitución do artigo 9 polo texto do Regulamento vixente.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 2. O artigo 21.1 “Composición e constitución” [dos Grupos Políticos Municipais]. Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1.: “Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”, pola seguinte redacción: “Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo.”

A obriga legal é que non poderán constituír grupo político municipal aqueles partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtiveran un mínimo de dous escanos; nada impide que o Regulamento Orgánico do Pleno eleve tal mínimo a outras cifras que, en todo caso, deben resultar razoables en relación ao número de concelleiros existentes en cada Concello; en efecto, a LALGA utiliza a homoxeneidade (mínimo de dous concelleiros) para todos os municipios de Galicia con independencia de cal sexa o número de concelleiros nel existentes, número que varía desde tres concelleiros (municipios de hasta 100 residentes, artigo 179.1 LOREG) a vinteseite, caso de Vigo; parece razoable que aqueles Concellos con mais representantes cidadás eleven o número mínimo sinalado na LALGA.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 3. O artigo 33, “Comisión Permanentes. Atribucións”. Reclamación de engádega.

Propón a engádega dun apartado d) coa seguinte redacción, “*Nas Comisións darase conta das mocións presentadas polos grupos municipais desde a anterior convocatoria das mesmas*”.

Segundo o proxecto de Regulamento, artigos 54.9 e 63.2, as mocións non se ditaminan en Comisión, son presentadas na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros, das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

A engádega pretende que as emendas presentadas no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros e con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas sexan coñecidas (dar conta) polas Comisións Informativas.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 4. O artigo 34. "Comisións Obrigatorias". Emenda de engádega.

Propón a engádega dunha Comisión de Vixilancia da Contratación para garantir a aplicación efectiva dos principios contractuais.

No Regulamento aprobado inicialmente en sesión de data 30.03.2016, froito da aceptación de emenda presentada polo Grupo Político Municipal "Marea de Vigo", consta no artigo 34 un apartado 3 que, textualmente indica:

*3. A Comisión de Vixilancia da Contratación.*

*a) É o órgano de vixilancia da actividade contractual da Administración municipal.*

*b) O obxecto da Comisión e garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrência, obxectividade e eficacia na contratación pública.*

*c) Nas demais cuestións rexerese polo que o determine o seu acordo de constitución.*

A reclamación é improcedente.

Reclamación nº 5. O último parágrafo do artigo 49.1. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

Propón a supresión do último parágrafo do apartado 1.: *"O público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares"*.

A exhibición de carteis, pancartas ou similares son feitos que se integran no concepto de "manifestacións de agrado ou desagrado", condutas non permitidas no R.D. 2568/1986 (ROFCL), artigo 88.3.

A Corporación decidirá.

Reclamación nº 6. O artigo 49.5. "Publicidade das sesións". Reclamación de supresión.

O apartado 5. indica: *"A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións"*.

Xustifica a supresión indicando que o carácter público das sesións plenarias impide que o criterio do alcalde limite o acceso dos medios de comunicación.

Procede realizar idéntica reflexión que a recollida na Reclamación nº 9 do BNG.

Reclamación nº 7. O primeiro inciso do artigo 66.5. "Preguntas". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do primeiro inciso do apartado 5. que indica: *"Non se formularan mais de nove preguntas en cada sesión ordinaria"*, pola seguinte redacción: *"A formulación de preguntas se limitará a un máximo de catro preguntas por cada grupo que no forme parte del equipo de goberno."*

Respecto do número máximo de preguntas por cada grupo político municipal procede realizar idéntica reflexión que a recollida na Reclamación nº 14 do BNG.

A imposibilidade de realizar preguntas por grupos municipais integrados no goberno municipal contravén a normativa aplicable. O 97.7 do ROFCL sinala, *"Pregunta, é calquera cuestión proposta aos órganos de goberno no seo do Pleno. Poden propoñer preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seis voceiros."*

En definitiva, "Poden propoñer preguntas todos os membros da Corporación", isto inclúe aos concelleiros integrados no grupo ou grupos políticos que integran o goberno municipal. A formulación de preguntas ao goberno por parte dos membros do Congreso, do Senado ou das Asembleas Parlamentarias das Comunidades Autónomas que pertencen ao mesmo grupo parlamentario que o goberno é práctica consolidada nos Regulamentos de funcionamento destas cámaras lexislativas.

Procede a desestimación da reclamación.

Reclamación nº 8. O último inciso do artigo 88.1. "Da iniciativa regulamentaria dos veciños". Reclamación de substitución.

Propón a modificación do último inciso do artigo 88.1., que indica: *"Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do municipio"*, pola seguinte redacción: *"Ditas iniciativas deberán ir subscritas pola porcentaxe do 8% do censo electoral."*

A reforma operada na LBRL pola Lei 57/2003 introduciu o artigo 70 bis que recoñece o dereito dos veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais a exercer a iniciativa popular presentando Proxectos de Regulamentos en materias da competencia municipal; o precepto esixe que tal iniciativa sexa subscrita por unha porcentaxe de veciños do municipio en relación co seu número de habitantes, en efecto, o artigo 70 bis no apartado 2. indica: *"Ditas iniciativas deberán ir subscritas ao menos pola seguinte porcentaxe de veciños do municipio:"*

a) Ata 5.000 habitantes, o 20 por cento.

b) De 5.001 a 20.000 habitantes, o 15 por cento.

c) A partires de 20.001 habitantes, o 10 por cento.

Enténdese que as porcentaxes citadas tanto, na LBRL como no Proxecto de Regulamento, refírense ós veciños que gocen do “dereito de sufraxio activo”, é dicir, a inscritos no “censo electoral” e non integrados no “censo electoral de residentes ausentes (CERA)” pois estes non ostentan a condición de “veciños”; no caso de Vigo integran o vixente “censo electoral municipal”, excluído o CERA, 236.709 veciños polo que os Proxectos de Regulamentos nesta modalidade de iniciativa regulamentaria deben ser subscritos, en todo caso, por 23.671 veciños, dez por cento da cifra anterior, non resultando posible, desde a legalidade aplicable, diminuír esta porcentaxe.

Procede a desestimación da reclamación.

Reclamación nº 9. Inclusión de novo artigo. Emenda de engádega.

*A reclamación propón a inclusión dun artigo que permita a “Intervención no Pleno do público asistente en plantexamentos de calquera ámbito cidadá-veciñal mediante a formulación de rogos, preguntas, propostas o suxerencias que poderán ser manifestadas previa comunicación e dentro da conseguinte organización plenaria, con un período de intervención de tres minutos”.*

Xustifica a reclamación sinalando que o pobo é a máxima representación político democrática que sostén a propia existencia de Plenos, Comisións, Concelleiros, Parlamentos e calquera outra estrutura de poder político, social, administrativo e económico.

O Pleno, integrado polo alcalde e os concelleiros, é a máxima representación política dos cidadás no goberno municipal, artigo 122.1 da LBRL.

O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten a súa fronteira no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O público asistente, na súa condición de cidadás, atópase representado a través dos concelleiros; son estes os que, en nome dos cidadás e dos veciños, formulan rogos, preguntas, propostas ou suxestións e adoptan acordos; permitir, aínda que sexa “previa comunicación”, a intervención do público nos debates nas sesións plenarias supón infrinxir as normas mais elementais do funcionamento normal das sesións, todo iso sen prexuízo do sinalado no artigo 228.2 do ROFCL.

Procede a súa desestimación.

Conclusións.

1. A lexislación aplicable non posibilita a estimación das reclamacións do BNG identificadas cos números 1, 2 e 15; as da CIG identificadas cos números 1 e 8; as de PAH VTBM identificadas cos números 1 e 8; as da Asociación Veciñal de Teis identificadas cos números 1, 3 e 10 e as da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao identificadas cos números 7, 8 e 9.

2. Declarar improcedente a reclamación nº 2 da CIG; a nº 2 da PAH VTBM; a nº 2 da Asociación Veciñal de Teis e a número 4 da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao.

3. Con referencia ás reclamacións número nº 9 do escrito do BNG; nº 5 do escrito da CIG, nº 5 do escrito da PAH VTBM e nº 7 do escrito da Asociación Veciñal de Teis referidas o artigo 49.5. do proxecto de Regulamento (autorización dos medios de comunicación asistentes á sesión plenaria pola Presidencia) advírtese que o seu texto debe ser interpretado conforme ao sinalado neste informe.

4. Respecto das demais reclamacións a Pleno decidirá."

Con data 23 de maio de 2016, a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, emite o seguinte ditame:

"No expediente instruído consta informe do secretario xeral do Pleno de data 18.05.2016 en relación cos escritos de reclamacións e suxestións presentados no período de información pública polos representantes das seguintes entidades: Bloque Nacionalista Galego (BNG); Confederación Intersindical Galega (CIG); Asociación Veciñal de Teis; Plataforma de Afectados pola Hipoteca Vigo, Tui, Baixo Miño (PAH VTBM) e Federación Veciñal de Vigo Eduardo Chao.

Á vista do informe emitido, e do estudo das reclamacións, a Comisión, co voto favorable dos concelleiros D. Carlos López Font, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Angeles Marra Domínguez, D. Jaime Aneiros Pereira, D. Cayetano Rodríguez Escudero, D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez e D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez do grupo político municipal Socialista e o voto en contra dos concelleiros D. Miguel Fidalgo Iglesias e D. José M. Figueroa Vila do grupo político municipal do Partido Popular e do concelleiro D. Xosé Lois Jácome Enríquez do grupo político municipal Marea de Vigo propón ao Pleno o seguinte ditame que se transcribe na parte dispositiva deste acordo....,"

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos á aprobación definitiva o Regulamento Orgánico do Pleno deste Concello, é un novo regulamento tendo en conta e son argumentos que xa demos na aprobación inicial, o anterior era de 2010, polo tanto era

necesaria a súa adecuación e estamos ante un gran regulamento, un texto que se axusta ás necesidades actuais e é, e o dixemos, un regulamento de futuro que recolle o demostrado como bo no anterior hai que lembrar que o Partido Popular votou en contra e é un Regulamento baseado nas modificacións, nas experiencias, é a asunción de aquelas normas similares que encaixan, hai novidades importantes no regulamento, é o máis avanzado na transparencia e dará conta de todo o concernente á situación persoal dos concelleiros, optamos por unha publicidade plena con relación á situación dos concelleiros, pero tamén regula temas de goberno importantes, regula as actuacións que pode levar a cabo o goberno en funcións, co cal é un exemplo de boas prácticas, tamén regula o traspaso de poderes obrigando ao goberno saínte a proporcionar unha serie de información ao entrante e é outra demostración desas boas prácticas, regula o funcionamento do Pleno con respecto a moción e a iniciativas e se referenda e é algo moi importante, o carácter público das sesións plenarias, iso si, garantindo o desempeño das funcións de concelleiros e posibilitando medidas correctoras se non se garanten.

Non é un Regulamento feito a medida nin dun goberno, nin dun grupo, é máis democrático, facilita máis información, é máis áxil e garante totalmente a transparencia. Nun Regulamento de 90 preceptos, presentáronse inicialmente 29 alegacións e como quere que hai algunhas repetidas nos artigos, realmente se quedarían en 23. Por parte deste goberno se aceptaron nesa tramitación, nin máis nin menos que o 35% das emendas presentadas, seguro que é un feito insólito dende logo se o comparamos co que soe facer o Partido Popular no Parlamento de Galicia que soe ser cero, por exemplo, en orzamentos fronte a 600 e engadimos algunhas emendas de carácter técnico que se consideraban aconsellables. Polo tanto, estamos ante un texto cun índice de acordo e isto é importante nos grupos por enriba do 90%, é posible que algúns non se deran conta e é posible que non pensaran en que realmente este é un texto que debe recoller cuestións importantes e non aquelas que se remiten ao que a cada grupo lle pode interesar.

Na parte de exposición pública, presentáronse tamén, e quérome referir a iso, un total de 51 alegacións, das cales 12, segundo o informe técnico xurídico do secretario non poden ser admitidas, é dicir, do presentado nesta fase hai unha carta parte das reclamacións que deber ser desestimadas por non estar axustadas

a dereito, e boa parte do 75% do presentado, son reiterativas e veñen a coincidir coas presentadas no seu momento polos grupos municipais e que xa foron debatidas aquí e que insisto foron aceptadas nun 35%, o resto , unha pequena parte son cuestións que se propuxeron e que nunca foron propostas por ningún grupo municipal, e quero referirme a algunhas, hai propostas do grupo político Bloque Nacionalista Galego, que realmente non se axustan nin ao que propuxo cando estaba presente nesta Corporación, nin se axustan a un regulamento que debo lembrar, cando foi aprobado no 2010 tamén foino co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, non así, insisto, por se non se me escoitaba con anterioridade, o Regulamento no seu momento non foi aprobado polo Partido Popular. Hai algunha petición que se presentou neste procedemento que non forma parte deste Regulamento e unha que se aceptou en Comisión Informativa e que é a referida ao tempo mínimo de intervención de 5 minutos que aceptamos e a maiores dixemos que nunca debería ser inferior a 5 minutos.

Polo tanto, un gran regulamento.

SR. PÉREZ CORREA: A figura dun regulamento corresponde a tempos políticos normais, elaborar un regulamento nun órgano público non debería ser nada novidoso, de feito, precisamente os regulamentos do Pleno foi unha demanda histórica da esquerda para poder quitar adiante determinadas cousas que na Lei de bases non se levaron adiante, e era un instrumento que utilizaba a esquerda sobre todo nos anos 80, para aquelas herdanzas que tiñan os concellos da época franquista, e a través dos regulamentos, o que non incluía a Lei de bases, se conseguía modular precisamente o acceso da oposición a determinadas cuestións informativas o regulamento mínimo do funcionamento dun Pleno, cousas que na Lei de bases moitas veces quedaban collidas con pinzas.

Polo tanto, o regulamento é tamén unha arma política, e na transición, nos primeiros anos da constitución de concellos e de corporacións democráticas, era un argumento contra ese alcaldes que viñan herdados do franquismo. E as modificacións que houbo na maior parte dos regulamentos dos concellos deste país, tiñan que ver precisamente con avanzar cara a democracia, moitos concellos deste país cambiaron no 2010 por modificacións que houbo na Lei de bases, volvemos a cambiar moitos concellos deste país recentemente polo Lei de

transparencia que obriga a poñer na web, a disposición da cidadanía, moitas informacións, pero é a primeira vez dunha gran cidade neste tempo político, que se utiliza o regulamento, e vou dicir, non pola cuestión da interrupción ou da exhibición de carteis, senón que coa escusa diso se argumenta unha modificación do regulamento para masacrar os dereitos democráticos da cidadanía e da oposición, que ven sendo o mesmo. A cidadanía ten dereito a auditar aos seus gobernantes e a oposición ten dereito a auditar o seu goberno, e auditar significa, sei que imos falar só de que a xente interrompe ao Pleno, sei que imos falar só da cuestión absolutamente secundaria para min dos carteis no Pleno, e non imos falar do acceso que imos ter a expedientes públicos os grupos municipais, da redución democrática que se pretendía de obrigar por primeira vez neste Concello a ter tres concelleiros para constituír un grupo e polo tanto, constituíndo o grupo ter dereitos obviamente de representación democrática e por suposto o Bloque Nacionalista Galego fixo achegas absolutamente necesarias, o Bloque Nacionalista Galego non é un partido só polo feito de ser extramunicipal que non teña que ser tido en conta como ten que ser tido en conta as organizacións sindicais que no seu día tamén presentaron emendas, todas estas resoltas en cinco minutos nunha comisión.

Se queremos falar de regulamentos, vaíamos facer política comparativa que lle gusta a vostedes tanto, fagamos regulamento de moitas cousas neste concello, fagamos regulamento por exemplo, do goberno, como ten o Concello de Madrid, que a parte dun regulamento do Pleno, o goberno municipal ten un regulamento que di cales son as funcións dun Alcalde e cales son as funcións dun goberno municipal, porque aquí parece que só hai Alcalde, que o resto dos concelleiros que fan Xunta de Goberno son palmeiros asalariados, fagamos un regulamento diso, fagamos un regulamento da Policía Local, como teñen tódolos concellos deste país, acabamos de celebrar o día da Policía Local, un regulamento que diga como se regula o acceso a determinadas prebendas como pode ser de modificación de horas extras, que son os GOA e como se organizan, fagamos un regulamento da Policía Local porque temos suficiente cadro de persoal para ter un regulamento que evite a arbitrariedade no corpo, fagamos un regulamento por exemplo, de dereitos e deberes da cidadanía como ten o concello de Barcelona, ata 8 regulamentos diferentes que ten o Concello de Barcelona que calquera cidadán pode ver na súa web, non fagamos un regulamento só para modificar



determinadas cuestións porque agora este goberno ten oposición que se chama Marea de Vigo que antes non a tiña e que non pasaba absolutamente nada, e que neste Pleno podíanse facer absolutamente cousas porque había pacto a tres, pois agora non o hai, agora hai un goberno municipal que ten unha auditoría permanente dun grupo municipal e a nós parécenos absolutamente tendencioso que se diga que isto forma parte dun proceso xurídico normal, cando a metade, polo menos, das cuestións que se introducen aquí o propio informe proposta di “resolverá o Pleno”, se resolverá o Pleno é que é unha cuestión política, non é unha cuestión técnica, decidir que o acceso da oposición a un expediente administrativo está sometido á eficiencia ou eficacia administrativa é unha decisión política, porque un criterio arbitrario tan absoluto que un expediente pode estar 20 ou 30 anos en mellora administrativa ou en proceso, que por exemplo, dicir e non é secundario, que teñamos ou non dereito os grupos municipais a ter un espacio onde recibir á cidadanía neste concello, quede ao arbitrio da dispoñibilidade de espacio, cousa que non hai ningún regulamento polo menos das 7 grandes cidades que nós consultamos.

Polo tanto, é unha decisión política vostedes asumirán as consecuencias.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Señores do grupo Socialista, hoxe con este regulamento están vostedes perpetrando un atentado contra a democracia nesta cidade, é grave o que pretenden impoñer e o que van impoñer cos seus votos aquí neste Pleno municipal. Neste regulamento vese como este goberno volve a confundir a súa maioría coa tiranía, como pretende impoñer o silencio e o escurantismo disfrazando a democracia, e como dende logo, vai dar un duro golpe á liberdade de expresión e as boas prácticas de funcionamento neste Concello, porque vostedes non só buscar acalarnos, non, nin acalar aos cidadáns, van moito máis alá, pretenden facelo encima nun exercicio de hipocrisía política como a que acaba de facer vostede Sr. Font, á hora de presentar este regulamento, revestíndoo como unha maior democracia cando o que están a facer é anular a democracia, porque este é o regulamento máis antidemocrático e menos transparente que vai haber neste país.

Por desgracia, para o Sr. Alcalde, a democracia a representan as maiorías e non a participación de tódolos cidadáns e só entende o Sr. Alcalde, a democracia como o

orden e mando, e o orden e mando é o que se plasma neste regulamento, un autoritarismo como o que levan a facer no exercicio do goberno municipal, non queren que se vexa o que están a facer na cidade que é absolutamente a nada, non queren que os cidadáns asistan en directo retransmitindo os Plenos para tódolos cidadáns en directo como teñen dereito á chapuza e á corrección de erros que cometen. Non lles interesa que os cidadáns coñezan que non capaces de xestionar con 17 concelleiros, que é unha vergoña a inacción deste goberno durante o último ano, nada máis e nada menos que con 17 concelleiros que non fan nada. Non lles interesa que coñezan a situación xudicial que hai neste goberno e que se debata aquí a situación xudicial politicamente e as responsabilidades políticas por esas situacións xudicial, por certo, hai que lembrar que hoxe tiña que producirse dúas comparecencias do Alcalde e da 1º Tenente de Alcalde para dar conta do caso do suposto enchufe da cuñada da 1º Tenente Alcalde, Nines Api, e que se negaron a comparecer, e agora pregúntome se curiosamente cando se debata a moción que trae este grupo municipal desaparecerán o Alcalde e a 1º Tenente de Alcalde ou estarán aquí presentes para escoitar e para dar as explicacións que lle pedimos. Xa veremos se van estar ou non van estar aquí presentes cando debatan esa moción do Partido Popular.

Vostedes non entenden a democracia se non é dende a imposición do día a día, ignorando aos demais, aos grupos municipais, á oposición, desprezando ao miles de cidadáns que votaron aos grupos municipais da oposición, desprezando a tódolos cidadáns como os que están hoxe aquí reunidos porque non queren escoitar nada máis que o que queren oír, non queren escoitar nada máis que halagos, que cousas positivas, a si mesmos é o único que lles interesa, e se equivocan porque iso no é a democracia, vai por mal camiño, vostedes non saben o que é gobernar democraticamente, descoñecen e desprezan a palabra consenso, o diálogo, só saben actuar dende a intolerancia, dende a imposición e dende o orden e mando, queren someter aos vigueses á ditadura da súa vontade e están actuando Sr. Alcalde como un ditador, como un tirano que só se pode facer o que vostede quere nesta cidade, confundindo a maioría absoluta co absolutismo, con este regulamento restrinxen os dereitos da oposición, dos cidadáns a participar a e intervir na vida municipal, restrinxen o acceso á información dos grupos municipais, restrinxen os sitios reservados para atender aos cidadáns dos grupos

municipais, en definitiva, queren acalar, silenciar á oposición e aos cidadáns. Con este regulamento imposto cos seus votos, elimínanos dereitos, limítanos o acceso á información, á liberdade de expresión nos Plenos e ata os espazos no que podemos facer a nosa labor, dende logo se impoñen hoxe cos seus votos este regulamento, estarán restrinxindo a democracia neste cidade, estarán intentando acalar aos cidadáns, pero non o van conseguir Sr. Alcalde. Que grande lle está a vir a maioría absoluta a vostede e ao seu goberno, tan grande como a súa soberbia e a súa prepotencia.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, é absolutamente penoso a linguaxe que está utilizar vostede no día de hoxe, tenllo que facer ver e teño que rectificiar. Mire non por moitas denominacións grandilocuentes se coloca vostede como demócrata, vostede está a facer un discurso de “kale borroka” Sra. Muñoz, porque o máis preocupante é que vostede non leu o regulamento, se o tivese lido non podería facer que se lle quitan dereitos á oposición, ten absolutamente tódolos dereitos, e a proba do algodón é a seguinte, se houbera dereitos que vostedes houberan perdido, enumerarían un por un, pero o problema é que vostede no refire ao regulamento, sempre fai un discurso político xeral, fala de maioría absoluta, de relación cos cidadáns, a que perdeu a relación cos cidadás é vostede, esta maioría non ven grande, esta maioría ven totalmente axustada porque vostedes o que está a facer é desprezando aos que votaron hai un ano, e cando os cidadáns votan son os que marcan os gobernos, a vostede a colocaron con menos 32.000 votos, Sra. Muñoz, vostede como carteira electoral ten menos 32.000 votos.

Fai un claro descoñecemento do que é a legalidade porque cando fala de comparecencias debería saberse o regulamento actual e o que ven, e o problema seu é que cada vez que propón unha iniciativa concreta ten o informe xurídico en contra, ese é problema.

Pero mire, Sra. Muñoz, ese discurso que vostede fai o podería ter feito no seu grupo parlamentario do Parlamento de Galicia, vostede lembra as imaxes nas que a instancias do Presidente do Parlamento de Galicia sentada vostede nos escanos, se expulsaba aos cidadáns, vostede se lembra? Vostede lémbrese de como aplica o regulamento no Parlamento de Galicia? Vostede nos vai vir dar leccións de democracia a nós en relación coa aplicación do regulamento? Mire, Sra. Muñoz, de

ningunha maneira, reafírmollo unha vez máis, é un gran regulamento, mantén tódolos dereitos e teñen tódolos dereitos os grupos.

Con respecto á intervención do Grupo Municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez, arma política o regulamento será para vostede, posiblemente vostede quixera facer un regulamento como arma política, pero non, nós non falamos de interromper os Plenos, eu non fixen absolutamente ningunha mención, é un debate que introduciron vostedes e é evidente que os concelleiros necesitamos un respecto que xa me encantaría que vostedes o fixeran explícito, polo tanto conclúo en positivo, un regulamento de futuro, que respecta á oposición como non se lle respectou nunca e se vimos a falar doutros regulamentos, cando queiran os propoñen pero xa vexo que non teñen moitos argumentos.

**VOTACIÓN:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Desestimar a totalidade das reclamacións e suxestións presentadas polos representantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG); Confederación Intersindical Galega (CIG); Asociación Veciñal de Teis (AVT); Plataforma de Afectados pola Hipoteca Vigo, Tui, Baixo Miño (PAH VTBM) e Federación Veciñal de Vigo Eduardo Chao con excepción da estimación parcial das reclamacións identificadas, no informe do secretario xeral cos números 10 do BNG; 7 da CIG; 7 da PAH VTBM e 8 da AVT relativas ao último inciso do artigo 54. 1 do Proxecto de Regulamento que, en virtude de tal estimación parcial, queda redactado do

seguinte xeito:

*“... a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde, que non será inferior a cinco minutos, e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión”.*

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno segundo o texto transcrito no Anexo a este Ditame.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ás entidades que presentaron reclamacións sinalando que contra o mesmo poderán interpoñer, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a súa notificación, recurso de reposición ante o Pleno do Concello de Vigo ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sen prexuízo daqueles outros que estimen conveniente na defensa dos seus intereses.

CUARTO: Conforme ao disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local, o presente acordo de aprobación definitiva comunicarse á Administración do Estado e á Administración da Comunidade de Galicia (Xunta de Galicia); transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación sen que houbera requirimentos ao texto do Regulamento definitivamente aprobado publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

ANEXO

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

I.- Cada catro anos, no penúltimo domingo de maio, teñen lugar as eleccións locais, vinte días naturais despois, sempre un sábado, prodúcese a constitución dos Concellos, do Pleno, cuxo primeiro acordo ese día é a elección do Alcalde, a partir dese momento a Corporación, o Pleno, divídese en dous: no que son os concelleiros que outorgaron a súa confianza ao Alcalde, o goberno, e naqueles que non apoiaron esa investidura, a oposición. Ao goberno, dirixido polo alcalde, correspóndelle gobernar, decidir, levar á práctica un determinado programa, para iso ten a súa disposición á Administración Municipal, á organización funcional á que tamén dirixe.

O control dos gobernos é unha esixencia dos réximes democráticos e ten a súa orixe no sistema parlamentario onde o goberno está suxeito a responsabilidade.

O art. 127.2. g ) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, LBRL, cando fala das atribucións do Pleno menciona como primeira delas, diferenciada doutras que lle son propias -as normativas e as orzamentarias- a de "control e fiscalización dos órganos de goberno", é dicir, do Alcalde, da Xunta de Goberno Local, dos concelleiros delegados e inclusive do propio Pleno en tanto en canto tamén ten atribucións executivas -poucas- que fai efectivas a través de acordos adoptados no seu seo.

Ese control/fiscalización trata de influír, orientar, coñecer ou mostrar a acción de goberno. Exercítase dende o propio Pleno, órgano de representación cidadá por excelencia, artigo 122.1. LBRL, onde se insire á oposición pero tamén ao/aos grupos municipais que apoian o goberno e que representan a maioría dese Pleno. Tendo presente esta circunstancia podemos entender que a función de control/fiscalización atópase mediatizada, ao estar sometida ao criterio da maioría. É así pero só en parte. En efecto, a función de control do goberno non sempre conclúe nunha decisión e aínda que así sexa hase de entender que a súa esencia radica no libre debate, e na exteriorización que do eco desa controversia de ideas e vontades se realice á opinión pública, neste sentido o control dos órganos de goberno, como manifestación do dereito dos cidadáns de Vigo a participar por medio dos seus representantes nos asuntos públicos, non é unha función do Pleno, senón unha función que se expresa no Pleno.

Pois ben, o control e fiscalización materialízase a través dos procedementos contemplados nas leis; para o seu estudo debemos acudir á LBRL, á lexislación autonómica de desenvolvemento e á concreción que desa normativa básica e autonómica se leve a cabo dende o Regulamento Orgánico do Pleno, norma que nesta materia ten un protagonismo indubidable. Cuestión discutible é a posición ordinamental que este Regulamento ostenta respecto do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais (ROF) norma que leva a cabo unha completa regulación destes medios que entendemos pode ser mellorada dende a normativa municipal, aínda así a problemática da posición ordinamental do Regulamento Orgánico Municipal respecto do ROF non é pacífica.

O art. 5 da LBRL, na súa redacción orixinal -declarada inconstitucional por S.214/1989 do TC- establecía un sistema de prelación de fontes no Réxime Local; a partir de tal sentenza encontrámonos en áreas movedizas. Aínda que o TC sinala, "(...) a prevaleza ou aplicación preferente do Regulamento Orgánico sobre calquera norma legal ou regulamentaria da Comunidade Autónoma (ou, no seu defecto do Estado) que puidera conter unha regulación relativa aos aspectos organizativos e de funcionamento interno de las Entidades Locais (...)", certa xurisprudencia considera que os Regulamentos Municipais, no seu conxunto, atópanse subordinados aos estatais ou autonómicos en virtude do principio de xerarquía, tese que esquece o principio de competencia e a idéntica natureza xurídica que, como Corporacións Territoriais de Dereito Público, teñen o Estado, as Comunidades

Autónomas e as Entidades Locais. Consideramos que tal subordinación na materia que nos ocupa tan só pode ser invocada no suposto de que a potestade regulamentaria municipal se utilice para limitar os dereitos que o ROF recoñece, pero nunca cando a través dela se persiga a mellora do estatuto xurídico dos membros da Corporación. Adoptadas estas decisións de ampliación de dereitos a través dos Regulamentos Municipais estes se integran no "*ius in officium*" coa consecuencia de que a súa inobservancia, aínda que resida en normas municipais, producirá un menoscabo dos dereitos fundamentais consagrados no artigo 23 da Constitución.

II.- Título II. Mención singular neste Título merecen os preceptos referidos ao Rexistro de Intereses (Capítulo II), en concreto os relativos a súa publicidade. O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da LBRL sinala: "(...) As declaracións ... de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, *nos términos que fixe o Estatuto municipal (...)*", en similares términos se pronuncia o artigo 8.1.h) da Lei 19/2013, de Transparencia.

A Lei estatal a falar dunha publicidade material das declaracións, "serán publicadas", inferindo que ostentan un réxime publicitario propio que debe ser determinado neste Regulamento; non obstante debemos distinguir entre, (i) as declaracións de actividades e bens e dereitos patrimoniais e, (ii) as declaracións tributarias mencionadas "*in fine*" no parágrafo segundo do mesmo art. 75.7, Renda, Patrimonio e Sociedades.

Respecto das declaracións tributarias o Regulamento, no artigo 17, determina o prazo para a súa presentación e fixa "os términos" indicando que a publicación realízase mediante a inserción dun anuncio na páxina web municipal onde o secretario xeral informará dos concelleiros que teñen presentado no Rexistro de Intereses a declaración tributaria que lles corresponde e identificará a aqueles que non houberan cumprido con tal obriga.

O parágrafo quinto do mesmo artigo 75.7 reitera a publicidade do Rexistro de Intereses ao dicir: "Tales declaracións se inscribirán nos ... Rexistros de Intereses, que terán carácter público"; non obstante o apartado b) do mesmo parágrafo engade certa complexidade á idea da publicidade ao sinalar, "A declaración de bens e dereitos patrimoniais se inscribirá no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos términos que estableza o seu respectivo Estatuto (o seu respectivo Regulamento)".

Desde unha interpretación literal corresponde a este Regulamento "establecer os términos" nos que ten que inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais. Non ten sentido. A inscrición rexistral debe concordar coa declaración presentada toda vez que é (ou debería ser) a mera incorporación do documento ao Rexistro.

Se a Lei habilita ao presente Regulamento para "establecer os términos" (condicións) nos que debe inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais, este Regulamento, ao igual que a Lei 3/2015, de Altos Cargos, pode sinalar que se inscriba *unha declaración comprensiva da situación patrimonial do*

*declarante*, desvirtuando con iso a declaración presentada que quedaría fora do Rexistro; agora ben, nada impide que este Regulamento, sen desvirtuar as declaracións presentadas, apunte o carácter público sinalado na Lei; é nesta concreción onde se propón a colisión entre unha publicidade ilimitada dunhas declaracións que conteñen datos sensibles, e o dereito á intimidade dos declarantes.

Na Administración Xeral do Estado a norma que regula o Rexistro de Intereses dos altos cargos é a Lei 3/2015, de 30 de marzo, que distingue entre unha “publicidade de carácter público” (sic), artigo 21.2, referida a Rexistro de Actividades, e outra de “*carácter reservado*”, artigo 21.3, referida o Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais, ao que só poderán ter acceso o Congreso, o Senado, os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal.

O artigo 21.5 da norma citada sinala, “(...) O contido das declaracións de bens e dereitos patrimoniais dos membros do Goberno e dos Secretarios de Estado e demais altos cargos publicaranse no “Boletín Oficial do Estado”, nos términos previstos regulamentariamente. En relación cos bens patrimoniais, publicarase *unha declaración comprensiva da situación patrimonial destes altos cargos*, omitíndose aqueles datos referentes a súa localización e salvagardando a privacidade e seguridade dos seus titulares (...)”.

A día de hoxe, un ano despois da entrada en vigor da Lei, non se ten publicado norma xurídica algunha que desenvolva o artigo 21.5. O derogado Real Decreto 432/2009, de 27 de marzo, que desenvolvía a Lei 5/2006, de 10 de abril, no último parágrafo do artigo 13 sinalaba: “De conformidade co disposto no artigo 14.4 da Lei 5/2006, de 10 de abril, anualmente, antes do 30 de setembro, procederase a publicar no «Boletín Oficial do Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais, cumprimentadas na forma prevista no Anexo II, polos membros do Goberno e os Secretarios de Estado ...”. Pois ben, tal Anexo II non foi transparente á hora de determinar o contido da *declaración comprensiva da situación patrimonial dos altos cargos*, mais ben ao contrario, a reserva foi absoluta pois se limitaba a publicitar o “valor catastral”, dos bens inmoebles dos que se é titular e o “valor total” de calquera “outros bens” sen individualización e sen distinción algunha respecto da clase ou tipo destes, así como o “total absoluto” de ambos conceptos; en definitiva, pouca cosa, mais ben nada; é mais, a data de hoxe nin sequera iso pois segue sen aprobarse o regulamento que debe desenvolver o artigo 21.5 da Lei 3/2015, un paso adiante na opacidade, un paso atrás na transparencia.

Idéntico tratamento podería predicar este Regulamento respecto dos concelleiros de Vigo pois non existe razón obxectiva para que estes, respecto do seu dereito á intimidade persoal e familiar, artigo 18.1 C.E., ostenten menor protección da que ostentan os membros do goberno e os altos cargos da Administración Xeral do Estado, razón suficiente para entender que este Regulamento ao establecer “os términos nos que ten que producirse inscrición no Rexistro das declaracións presentadas”, pode restrinxir o “carácter público” desas declaracións converténdooas en “reservadas”.

Non cabe restrición posible, a colisión de dereitos da que estamos a falar -dereito a



intimidade persoal e familiar e carácter público da declaración de bens e dereitos patrimoniais- ten que resolverse a favor do carácter público da declaración (artigos 16.2 e 16.3 do Regulamento), unha publicidade que non pode quedar desvirtuada mediante términos que a dificulten.

A credibilidade cidadá nas institucións ten minorado, o Concello de Vigo non é alleo a este sentir social e considera que o poder político, os concelleiros, atópanse subordinados á cidadanía, razón bastante para entender que este Regulamento sexa unha ferramenta que posibilite aos cidadáns, a través da páxina web municipal, a obtención dunha información exacta sobre as rendas e o patrimonio de quen son os seus representantes políticos mais próximos de xeito que a “transparencia” sexa en Vigo sinal de identidade da actividade política.

III. O Título III refírese á constitución e réxime económico dos grupos políticos municipais fixándose en tres o número mínimo de concelleiros que as formacións políticas concorrentes ás eleccións teñen que acadar para poder constituír grupo municipal, un número similar o previsto no Regulamento ata agora vixente, un número que facilita a xestión e o dinamismo das sesións plenarias.

O artigo 23, que contempla os dereitos e deberes dos “concelleiros non adscritos” nel, recollendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, se menciona a posibilidade de que estes concelleiros sexan membros das Comisións Informativas. Non se consideran “concelleiros non adscritos” aqueles concelleiros que abandonen, coma consecuencia de expulsión, o seu grupo de procedencia, estes integranse no Grupo Mixto.

O Título IV, refírese ao “gobierno en funcións e do traspaso de poderes”, incide sobre as boas prácticas relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da consideración do “gobierno en funcións”, artigo 194.2 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, concrétase o concepto de “administración ordinaria” garantindo que determinados acordos non condicionen a actividade do goberno que o suceda. Regúlanse as obrigas do goberno saínte de proporcionar ao goberno entrante a información necesaria para iniciar a súa xestión establecéndose a documentación que haberá de ser obxecto de transmisión no proceso de traspaso de poderes.

O Título V regula a organización do Pleno e de seus órganos e unidades administrativas mencionando as atribucións da Presidencia, da Xunta de Voceiros, concibida como órgano consultivo e deliberante, das Comisións do Pleno que poderán ser permanentes, obrigatorias e especiais, do propio Pleno e dos servizos do Pleno, en concreto da Secretaría Xeral e do seu Rexistro.

O Título VI regula o funcionamento do Pleno o integran cinco capítulos, no Capítulo II, no artigo 49, menciónase o carácter público das sesións do Pleno, unha publicidade que de xeito excepcional pode limitarse no suposto que cidadáns asistentes ás sesións sexan chamados a orde.

O art. 70 da LBRL sinala que as sesións do Pleno das Corporacións Locais son públicas. Tal principio xeral de publicidade implica que poden asistir as mesmas

todos os cidadáns que o estimen conveniente así como os medios de comunicación social sen mais limitación -limite material- que o aforo existente. O carácter público das sesións é reflexo da proximidade das administracións municipais.

O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten a súa fronteira no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O artigo 122.1 da LBRL sinala que o Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Esta excelencia representativa obriga a que as súas sesións se realicen baixo a solemnidade e o respecto que corresponde a un órgano destas características tendo dereito os concelleiros a desempeñar os seus dereitos pacificamente, sen perturbacións ilegítimas nin dilacións indebidas.

É deber inescusable da Presidencia asegurar o bo orden das sesións ostentando para iso inherentes funcións de dirección no interior do salón, “policía de estrados”; a certeza e eficiencia do dereito dos cidadáns de participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes, artigo 23 C.E., esixe que a Alcaldía, mediante a tipificación de condutas non desexadas, dispoña de medidas preventivas, proporcionadas e obxectivas que garantan o establecemento das condicións precisas para o normal desenvolvemento das sesións plenarias e dos dereitos fundamentais.

O Capítulo III refírese ao funcionamento das sesións do Pleno, non incorpora ningunha novidade respecto do Regulamento vixente salvo a innecesariedade, artigo 52.9, de que as mocións sexan presentadas con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas ao obxecto de que sexan obxecto de estudo ou consulta; a previsión é lóxica pois tal convocatoria realízase sete días antes da convocatoria do Pleno, prazo no que poden xurdir feitos que recomenden a presentación dunha moción concreta.

O Capítulo IV disciplina os medios de control do goberno municipal, neste sentido menciona, mocións de control, rogos, preguntas, comparecencia de concelleiros delegados, comparecencia da Xunta de Goberno Local e o debate sobre o estado da Cidade; salvo o último método citado o Regulamento recolle a totalidade dos procedementos de control previstos no Real Decreto 2568/1986, unha norma con trinta anos de vixencia que ten acreditada a súa utilidade e eficacia.

O Título VII refírese ao “procedemento regulamentario”, distingue nos seus capítulos o “procedemento regulamentario común” referido a calquera regulamento ou ordenanza e o “procedemento de aprobación dos orzamentos”, no primeiro contéplase un prazo concreto para a presentación de emendas, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

No relativo ao procedemento de aprobación dos orzamentos é de destacar o previsto artigo 84, apartados 4 e 5 destinados a materializar a posibilidade de

aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza; neste sentido o Regulamento contempla a facultade do alcalde de incluír na Orde do Día da sesión que corresponda o proxecto de orzamento aprobado pola Xunta de Goberno de Local aínda que sexa modificado en Comisión en virtude das emendas presentadas, única fórmula que posibilita o cumprimento do artigo 197.bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral, que en todo caso require que o proxecto de orzamento se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación; en efecto, de incluírse na Orde do Día o orzamento modificado en Comisión e ditaminado favorablemente este obtería a aprobación do Pleno polo que sería materialmente imposible vincular o proxecto orzamentario do goberno a unha cuestión de confianza.

## PROXECTO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO

### TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e natureza.

Artigo 2. Idiomas do Pleno.

### TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

Artigo 3. Lugar e día de constitución.

### TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELLEIROS.

Artigo 4. Disposicións xerais.

Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

Artigo 12. Declaración de actividades.

Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

Artigo 15. Xestión do Rexistro.

Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

Artigo 18. Comunicaci3ns tras o fin do mandato.

Capítulo III. Outros deberes dos concelleiros.

Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

TÍTULO III. DOS GRUPOS MUNICIPAIS E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

Artigo 21. Composición e constitu3n.

Artigo 22. Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais.

Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

TÍTULO IV DO GOBERNO EN FUNCI3NS E DO TRASPASO DE PODERES.

Artigo 24. Actuaci3ns do goberno municipal en funci3ns.

Artigo 25. Actuaci3n do Goberno en funci3ns e traspaso de poderes

TÍTULO V. DA ORGANIZACI3N DO PLENO.

Capítulo I. Da Presidencia.

Artigo 26. Presidencia, delegaci3n e substituci3n.

Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

Artigo 27. Natureza xurídica.

Artigo 28. Atribuci3ns.

Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

Capítulo III. Das Comisi3ns do Pleno.

Artigo 30. Natureza xurídica.

Artigo 31. Clases de Comisi3ns. Creaci3n, composici3n e extinci3n.

Artigo 32. Funcionamento das Comisi3ns.

Artigo 33. Comisi3ns Permanentes. Atribuci3ns.

Artigo 34. Comisi3ns Obrigatorias.

Artigo 35. Comisi3ns Especiais. Comisi3ns Especiais de Investigaci3n.

Capítulo IV. Do Pleno.

Artigo 36. Natureza Xurídica.

Artigo 37. Atribuci3ns.

Artigo 38. Maioría.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

TÍTULO VI. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboraci3n e tramitaci3n da Orde do Día.

Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

Capítulo II. Das sesi3ns.

Artigo 44. Clases de sesi3ns.

Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesi3n.

Artigo 46. Lugar de celebraci3n das sesi3ns do Pleno.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesi3ns.

Artigo 48. Qu3rum de constituci3n.

Artigo 49. Publicidade das sesi3ns.

### Capítulo III. Funcionamento das sesións.

Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

Artigo 51. Orde dos asuntos.

Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Artigo 54. Nomenclatura.

Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

Artigo 57. Intervencións por alusións.

Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

Artigo 59. Votación.

Artigo 60. Clases de votación.

Artigo 61. Explicación de voto.

### Capítulo IV Control do Goberno.

Artigo 62. Formas de control.

Artigo 63. Mocións de control.

Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

Artigo 65. Comparecencia de concelleiros delegados.

Artigo 66. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

Artigo 67. Rogos.

Artigo 68. Preguntas.

Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

Artigo 70. Outras formas de control.

### Capítulo V Das Actas do Pleno.

Artigo 71. Os Libros de Actas.

Artigo 72. Custodia dos Libros.

Artigo 73. Redacción da Acta.

Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

## TITULO VII. DO PROCEDEMENTO REGULAMENTARIO.

Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

Artigo 77. Emendas nos proxectos regulamentarios.

Artigo 78. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.

Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.

Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.

Artigo 81. Réxime e preferencia.

Artigo 82. Calendario de tramitación.

Artigo 83. Emendas aos orzamentos.

Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.

Artigo 86. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.

Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.

Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.

Disposición adicional Primeira.

Disposición adicional Segunda.

Disposición final.

## TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS.

### Artigo 1. Obxecto e natureza.

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo integrado polo o alcalde e os concelleiros é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

O presente Regulamento ordena e preceptúa os dereitos e deberes dos concelleiros, a organización e funcionamento do Pleno así como os procedementos regulamentarios que nel se tramitan; ten natureza orgánica e se dita ao amparo do previsto nos artigos 122.3 e 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### Artigo 2. Idiomas do Pleno.

O galego é a lingua do Pleno.

As convocatorias de sesións, as ordes do día, propostas de acordo, ditames, votos particulares, emendas, mocións, actas, certificacións, notificacións, recursos, escrituras e demais escritos realizados en nome do Pleno redactaranse en galego.

Nos debates utilizarase o galego ou o castelán.

## TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

### Artigo 3 . Lugar e día de constitución.

1. O Pleno constitúese en sesión pública extraordinaria o vixésimo día posterior á celebración das eleccións locais salvo recurso contencioso-electoral en cuxo suposto constituirase no cuadraxésimo, a tal fin constitúese unha Mesa de Idade integrada polos electos de maior e menor de idade presentes na sesión; actuará como secretario quen o sexa do Pleno.

2. Acreditada a personalidade dos concelleiros electos a Mesa de Idade cotexará as credenciais por eles presentadas coa Acta de Proclamación de Candidatos que tivera remitido o Concello a Xunta Electoral de Zona de Vigo e informará do cumprimento das obrigas legais no que se refire á presentación da documentación para incorporar o Rexistro de Intereses.

3. Realizados os trámites anteriores os concelleiros electos tomarán posesión do seu cargo; a tal fin, por orde alfabética, xurarán ou prometerán acatamento e fidelidade á Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia; o Presidente da Mesa declarará constituída a Corporación se houberan tomado posesión do cargo a maioría absoluta dos concelleiros electos, en caso contrario celebrarase sesión dous días despois, constituíndose a Corporación calquera que fora o número de presentes.



4. Conforme o sinalado nos parágrafos anteriores o concelleiro electo adquirirá a condición plena de concelleiro polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

a) Presentar a credencial expedida pola Administración Electoral.

b) Cumprimentar as declaracións a incorporar ao Rexistro de Intereses nos términos previstos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

c) Prestar, na primeira sesión do Pleno á que asista, promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.  
ci)

## TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELEIROS.

### Artigo 4. Disposicións xerais.

O estatuto dos membros do Pleno o constitúe o conxunto de dereitos e deberes que lles recoñecen a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local de directa aplicación e o presente Regulamento.

### Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

#### Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

O presidente do Pleno e os concelleiros gozan dos honores, prerrogativas e distincións establecidos nas leis.

#### Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

1. Os concelleiros, dentro dos límites legais, perciben retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial na contía que, a proposta do alcalde, determine o Pleno, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais salvo que lles corresponda a situación de servizos especiais.

As retribucións por dedicación exclusiva son incompatibles coa calquera outra a cargo dos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os acordos do Pleno que determinen os cargos con dedicación parcial especificarán o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de retribucións, sinalando o número de horas semanais do exercicio efectivo do cargo.

Os concelleiros en réxime de dedicación parcial que sexan persoal das

Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes realizarán a súas funcións fora da xornada prevista nos seus respectivos centros de traballo, sen prexuízo do tempo indispensable para a asistencia ás sesións do Pleno ou Comisións e do tamén indispensable para a atención das Delegacións específicas que poda desempeñar ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicárase a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros que non desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación percibirán indemnizacións pola súa asistencia aos órganos colexiados da Corporación e dos organismos autónomos dependentes na contía e condicións que acorde o Pleno nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais do Concello.

3. A Resolución da Alcaldía que determine os concelleiros que realicen as súas funcións en réxime de dedicación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os concelleiros nomeados para realizar a súa función en réxime de dedicación exclusiva presentarán no Rexistro do Pleno escrito de aceptación nos tres días seguintes ao de notificación da Resolución.

4. Os concelleiros terán dereito ás indemnizacións e dietas polos gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.

#### Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

1. Aos efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos Traballadores e do artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por “tempo indispensable para o cumprimento do cargo de concelleiro” o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación e das súas Comisións, así como a atención ás Delegacións específicas que desempeñe ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicárase a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros quedan en situación de servizos especiais nos seguintes supostos:

a) Cando sexan funcionarios do Concello de Vigo.

b) Cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Para os concelleiros que sexan persoal laboral do Concello, ou doutras Administracións Públicas, rexen idénticas regras.

Os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva terán garantida durante o seu mandato a permanencia no centro ou centros de traballo no que estiveran prestando servizos no momento da elección sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos lugares.

## Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

1. Os concelleiros teñen o dereito á permanencia no cargo que so perderán cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.
- b) Incapacitación declarada por decisión xudicial firme.
- c) Extinción do mandato sen prexuízo de que continúen en funcións para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.
- d) Por renuncia, que se fará efectiva por escrito ante o Pleno.
- e) Incompatibilidade, nos supostos e condicións establecidos na lexislación electoral ou calquera outra aplicable.
- f) Perda da nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 13.2 da Constitución e do establecido nas normas de dereito comunitario ou internacional.
- g) Por calquera outra causa que se estableza legalmente.

## Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

1. Os Concelleiros teñen o dereito de asistencia, voz, e voto nas sesións do Pleno e Comisións das que formen parte; poderán asistir sen voto ás sesións das Comisións das que non formen parte.

2. Acceso libre dos concelleiros á información.

As unidades administrativas xestoras dos expedientes atópanse obrigadas a facilitar información, sen necesidade de que o concelleiro acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso dos concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia das mesmas.
- b) Cando se trate do acceso á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte.
- c) Cando se trate de Resolucións ou acordos adoptados polos órganos municipais.
- d) Cando se trate do acceso á información ou documentación que sexa de libre acceso ós cidadáns; aos expedientes correspondentes a procedementos terminados á data da solicitude se entenden de libre acceso.

3. Copias dos expedientes.

Sen prexuízo das autorizadas expresamente polo Alcalde, o libramento de copias limitarase aos casos de libre acceso dos concelleiros á información; ademais das referidas ás Resolucións ou acordos adoptados, as unidades administrativas xestoras, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, librarán copias dos documentos que, formando parte dun expediente, se correspondan con procedementos terminados á data de solicitude; as copias facilitaranse a través do Rexistro do Pleno ben en soporte papel ou ben, se a súa extensión así o esixise, en outro soporte físico.

A petición de copias en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas e concretará e identificará con detalle os documentos interesados; o exercicio deste dereito non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa; non se librarán copias dos documentos que consten nos distintos portais informáticos do Concello e sexan de libre acceso aos concelleiros.

#### 4. Acceso autorizado dos concelleiros á información.

Sen prexuízo do acceso sinalado no apartado 3, os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A petición non se referirá a cuestións xenéricas ou indiscriminadas e concretará o obxecto da información; resolverase e materializará nos cinco días naturais seguintes ao da presentación; entenderase outorgada por silencio se non se dita e notifica Resolución denegatoria fundada en tal prazo.

O exercicio do dereito á información non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa. O acceso á información demorarase si a unidade administrativa que xestiona o expediente o estivera utilizando ou completando informes ou trámites no momento no que se requira a súa vista.

#### 5. A entrega dos expedientes, libros e documentación para a súa consulta e exame rexerese polas seguintes normas:

a) Realizarase ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se encontre, ben mediante a entrega dos mesmos ou de copia ao concelleiro interesado para o seu exame nos locais dos grupos municipais.

b) Os expedientes, libros ou documentación non sairán da Casa Consistorial ou das dependencias descentralizadas/desconcentradas.

c) A consulta dos Libros de Actas e dos Libros de Resolucións do Presidente efectuarase na Secretaría do órgano correspondente.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión realizarase no lugar en que se encontren de manifesto a partir da convocatoria.

e) Os Concelleiros poderán acceder á información acompañados dun asesor do seu Grupo.

Aos efectos do oportuno control administrativo, o interesado asinará acuse de recibo e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun prazo de corenta e oito horas.

6. O Concello impulsará a utilización das novas tecnoloxías como mecanismo de acceso á información municipal en especial a relativa a Ordes do Día, acordos, e Resolucións dos órganos colexiados ou unipersonais.

7. Os concelleiros e os grupos políticos dispoñerán dun buzón electrónico para a recepción de documentación interna, das comunicacións oficiais previstas neste Regulamento e de correo electrónico procedente do exterior, incluíndo o que puideran remitir os cidadáns.

## Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

### Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

1. Os efectos do previsto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no Rexistro de Intereses inscribíranse as seguintes declaracións:

- a.- Declaración sobre as causas de posible incompatibilidade.
- b.- Declaración sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.
- c.- Declaración sobre bens patrimoniais.

2. Os modelos das declaracións que constan no Anexo a este Regulamento, carecen de natureza regulamentaria e serán modificados mediante Resolución da Alcaldía escoitada a Xunta de Voceiros; da Resolución darase conta individualizada ao Pleno da Corporación.

3. Atópanse obrigados a presentar declaracións os concelleiros do Concello de Vigo, os funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e o persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL .

### Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

1. Os concelleiros teñen a obriga de formular declaración sobre causas de posible incompatibilidade no modelo previsto no Anexo a este Regulamento.

2. Corresponderá ao secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación.

No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de alegacións. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e o Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade o afectado optará, no prazo de dez días, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación de incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar a opción entenderase que o afectado renuncia ao seu posto de concelleiro debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente.

#### Artigo 12. Declaración de actividades.

1.- As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de declarar todas as actividades públicas e privadas que desempeñen, por si ou mediante substitución ou apoderamiento que sexan susceptibles de ser retribuídas ou que podan proporcionar ingresos económicos aínda que non se perciban. Nesta declaración manifestarase se recibe calquera outra remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes das mesmas, así como calquera outra retribución que directa ou indirectamente proveña dunha actividade privada.

2.- Sen prexuízo da obrigación mencionada no apartado anterior, as persoas citadas no artigo 10.3, con anterioridade á súa toma de posesión, presentarán declaración complementaria facendo constar as actividades por eles desempeñadas nos dous anos anteriores a tal toma de posesión.

3.- O secretario xeral do Pleno, no momento da presentación da declaración, comprobará se as actividades declaradas se atopan incursas, ou non, nas causas de incompatibilidade previstas no artigo 178 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

#### Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de formular declaracións patrimoniais comprensivas da totalidade da súas rendas, bens, dereitos e obrigas, no modelo previsto no Anexo. En canto as rendas especificarase as percepcións salariais, os dividendos obtidos en sociedades de calquera clase, os rendementos de contas financeiras e o procedentes de plans de pensións; respecto dos bens inmobles, especificarase a súa natureza, características e valor catastral; omitiranse os datos referentes a súa concreta localización ao obxecto de salvagardar a privacidade e seguridade dos titulares, non obstante especificarase o municipio no que se atopan.

#### Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

1. Os concelleiros realizarán as súas declaracións antes da toma de posesión do cargo, cando se produzan variacións ó longo do mandato e no prazo dos dous meses seguintes á conclusión deste ou da renuncia ao seu cargo. A presentación das declaracións é requisito para a toma de posesión e para adquirir a plena condición de membro da Corporación.

2. O prazo para declarar as variacións que afecten ós datos reflectidos en calquera das declaracións será dun mes dende que se produza. Considerarase modificación das circunstancias de feito calquera alteración substancial ou relevante na situación patrimonial dos declarantes pola adquisición ou transmisión de bens ou dereitos e calquera alteración nas actividades ou causas de posible incompatibilidade.

3. As declaracións asinaranse ante o secretario xeral do Pleno; os datos nelas contidos non necesitan acreditación mediante escrituras, certificacións ou calquera outra clase de documento. No momento da súa presentación facilitarase ó declarante copia selada e cotexada.

4. Xunto as declaracións iniciais e de cese, anualmente, no mes de xullo, as persoas citadas no artigo 10.3 presentarán copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades. A súa presentación anotarase no Libro de intereses económicos, bens e dereitos patrimoniais facendo constar a natureza da declaración, o exercicio ao que corresponde e a data da súa incorporación ao mesmo. As declaracións quedarán depositadas como información complementaria a dito Rexistro.

#### Artigo 15. Xestión do Rexistro.

1. As declaracións realizaranse conforme aos modelos previstos no Anexo a este Regulamento incorporaranse ao Rexistro de Intereses que constará de dous Libros:

- a) Libro de causas de incompatibilidade e actividades.
- b) Libro de intereses económicos, bens, dereitos patrimoniais e declaracións tributarias.

2. O Rexistro de Intereses levarase na Secretaría Xeral do Pleno, corresponderanlle as funcións de fe pública respecto aos aspectos relacionados co mesmo.

3. A cada persoa con obriga de declarar asignaráselle un número de declarante que permanecerá invariable durante o exercicio do seu cargo ou posto.

Os libros serán de follas móbiles seladas e con numeración correlativa respecto de cada declarante asinando todas elas o declarante e o secretario xeral do Pleno. As follas que integren as declaracións tributarias sinaladas no parágrafo 4 do artigo 14 tamén serán obxecto de numeración. No caso das declaracións dos concelleiros procederase á encadernación dos libros unha vez sexan presentadas as declaracións correspondentes ó final do mandato.

4. A Secretaría Xeral do Pleno é o órgano de mantemento e xestión do Rexistro responsable da súa custodia, seguridade e indemnidade dos datos e documentos que conteña garantindo a inalterabilidade e permanencia dos mesmos. O persoal da Secretaría Xeral do Pleno que, por razóns das súas funcións, teña acceso ao Rexistro gardará secreto profesional respecto ós datos e documentos nel contidos.

5. Cando a Secretaría Xeral teña coñecemento da expedición de credenciais a concelleiros, da súa renuncia ao cargo ou do nomeamento ou cese de funcionarios habilitados en postos de libre designación ou de persoal que sexa titular de órganos directivos procederá a informar respecto da obriga de formular as declaracións de actividades e de bens patrimoniais.

O Servizo de Recursos Humanos, no prazo de sete días, informara á Secretaría Xeral dos nomeamentos dos funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e do persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL.

#### Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

1.- O Libro referido ás causas de incompatibilidade e actividades ten carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

2.- O Libro de intereses económicos e bens e dereitos patrimoniais dos concelleiros ten carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato refundido será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

3.- O acceso material os Libros rexerese polas seguintes regras:

a) Calquera persoa, previa identificación, a título individual ou en representación de persoa xurídica, que desexe coñecer as declaracións presentará no Rexistro do Pleno, polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude escrita que reúna os requisitos que establece o artigo 70 desa norma con indicación dos datos da persoa cuxa declaración interese. As solicitudes xenéricas non serán admitidas. Do escrito será informado o declarante.

b) A publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o secretario xeral do Pleno que lle exhibirá a declaración correspondente.

c) No suposto de que se solicite certificado este será expedido polo secretario. As certificacións consistirán na expedición de copias auténticas das declaracións



orixinais depositadas no Rexistro. Se a solicitude non expresa outra cuestión entenderase que a certificación referirase á situación actual do concelleiro.

#### Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

1.- O secretario xeral do Pleno comprobará se os obrigados do artigo 10.3 cumpriron a obriga prevista no artigo 14.4; presentación de copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades.

2.- Aos efectos da publicidade sinalada no parágrafo catro do artigo 75.7 da Lei 7/1985, o secretario xeral, nos quince días seguintes do prazo sinalado no artigo 14.4, publicará anuncio na páxina web o Concello informando do cumprimento, ou non, de tal obriga e especificando, no seu caso, a identificación daqueles que non a realizaran. Do informe darase conta individualizada ao Pleno do Concello.

3.- Teñen acceso completo o Rexistro incluíndo as declaracións tributarias:

a) O Pleno.

b) Os órganos xudiciais, para a instrución o resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos.

c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación que requiran o coñecemento dos datos.

d) O Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo, nos términos previstos nas súas leis.

e) O Consello de Contas, no términos previstos na súa lei reguladora.

#### Artigo 18. Comunicaci3ns tras o fin do mandato.

1. De conformidade co previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, durante os dous anos seguintes á finalización do seu mandato ou de seu cese, os concelleiros que houberan ostentado responsabilidades executivas nas diferentes áreas do goberno local seralles de aplicaci3n, no ámbito territorial do Concello de Vigo, as limitaci3ns ao exercicio de actividades privadas establecidas no artigo 15 da Lei 3/2015, de 30 de marzo, Reguladora do exercicio de alto cargo na Administraci3n Xeral do Estado.

2 .Aos efectos anteriores, con carácter previo á iniciaci3n da actividade a realizar presentarán no Rexistro de Intereses comunicaci3n na que constará: (i) actividade pública ou privada a desenvolver; (ii) manifestaci3n de que se vai realizar por conta propia ou allea, neste suposto indicarse denominaci3n da empresa ou entidade e obxecto social da mesma.

3. No prazo dun mes o secretario xeral informará sobre a compatibilidade da actividade a realizar e a Alcaldía ditará Resoluci3n que se lle comunicará ao interesado e á empresa ou sociedade na que fora a prestar os seus servizos seguíndose o procedemento previsto no artigo 15.6 da Lei 3/2015.

### Capítulo III. Outros deberes dos concelleiros.

#### Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

##### A. Deber de respectar o réxime de incompatibilidades.

1. Os concelleiros observarán as normas sobre incompatibilidade e poñerán en coñecemento da Corporación calquera feito que puidera constituír causa da mesma.

2. Corresponderá ó secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación. No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de alegacións. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e ao Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade, e trala a súa notificación, o afectado optará, no prazo de dez días, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que da lugar á incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar a opción entenderase que o afectado renuncia ao seu posto de concelleiro declarándose polo Pleno a vacante correspondente poñendo o feito en coñecemento da Administración Electoral aos efectos previstos nos artigos 182 e 208 de la Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

4. Os concelleiros non invocarán nin farán uso da súa condición para o exercicio de actividades mercantís, industriais ou profesionais.

##### B. Deber de abstención.

1. Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola Lei os concelleiros absteranse de participar na deliberación, votación e execución de todo asunto cando conorra algunha das causas mencionadas na lexislación de procedemento administrativo -artigo 28 da Lei 30/1992- e no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A actuación dos membros en que conorran tales motivos implicará, se fora determinante, a invalidez dos actos nos que interviñeran.

2. O concelleiro incurso en abstención comunicará a causa de abstención ao Alcalde, quen resolverá.

3. No caso que o deber de abstención non se observe pode promoverse recusación. A recusación realizarase por calquera interesado cando estime que existe causa de abstención mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Pleno expresando as causas nas que se funda. O concelleiro recusado, o día seguinte, manifestará ao alcalde si existe, ou non, causa de recusación, se o recusado negara a causa o alcalde resolverá no prazo de tres días; se a recusación é ao

Alcalde resolverá o Pleno.

No caso de que no curso dunha sesión plenaria un concelleiro inste, con expresión do precepto que se incumpre, a recusación doutro concelleiro a Presidencia retirará da Orden do Día o asunto; non obstante, dada a inmediatez das sesións plenarias, a Presidencia outorgará a palabra ao recusado ao efecto de que se pronuncie, acto seguido resolverá estimando ou desestimando a recusación.

4. Calquera concelleiro poderá formular ao secretario xeral do Pleno cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos. A Secretaría Xeral, de acordo coa información subministrada polo concelleiro nas súa declaración de actividades e, no seu caso, coa que poda serlle requirida, informarlle dos asuntos ou materias sobre os que, con carácter xeral, deberá absterse durante o exercicio de seu cargo.

#### C. Deber de asistencia.

Os concelleiros teñen o dereito, tamén o deber, de asistir con voz e voto, ás sesións do Pleno e ás de aqueles órganos colexiados de que formen parte salvo causa que o impida que comunicarán coa antelación necesaria ao secretario xeral. Os concelleiros están obrigados a observar a cortesía debida e a respectar as normas de orden e de funcionamento dos órganos municipais.

As ausencias dos concelleiros do termo municipal que excedan de quince días serán postas en coñecemento do Alcalde por escrito concretando a duración previsible.

O alcalde, previa audiencia do interesado, sancionará aos concelleiros por incumprimento reiterado das súas obrigas e por falta inustificada de asistencia ás sesións cando tal ausencia se produza en dúas reunións consecutivas dos órganos do que forman parte, ou tres alternas no período de un ano.

#### D. Deber de reserva da información.

Os concelleiros e os asesores dos Grupos Municipais gardarán reserva en relación coa información que se lles facilite, en especial a que afecte aos dereitos e liberdades dos cidadáns e a que serve de antecedente de decisións pendentes de adopción; evitarán a reprodución da documentación facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

#### Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

Os membros do Pleno están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de Xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento aplicable.

Son responsables dos acordos do Pleno os membros que os votasen

favorablemente.

O Pleno esixirá a responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa grave, causaran danos ou prexuízos ao Concello ou a terceiros, se estes foran indemnizados.

### TÍTULO III. DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

#### Artigo 21. Composición e constitución.

1. Aos efectos da súa actuación corporativa os membros do Pleno constituiranse en Grupos Municipais. Os grupos ostentan carácter asociativo, son unidades políticas e non son órganos municipais, o seu funcionamento interno é democrático, réxense polos acordos adoptados no seu seo. Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo.

2. Integraranse no Grupo Mixto os concelleiros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de tres concelleiros e aqueles outros que foran expulsados do seu Grupo Municipal.

3. Os Grupos Municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes; presentárase no Rexistro do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, no escrito constará a denominación do grupo, os nomes de todos os seus membros e a designación de Voceiro podéndose designar suplentes que podan substituírle. Da constitución dos Grupos, dos seus integrantes e Voceiros o alcalde dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

4. Os concelleiros integrantes do Grupo Mixto exercerán por rotación o cargo de Voceiro, segundo a orde que eles determinen.

5. Os concelleiros que adquiren tal condición con posterioridade á sesión constitutiva do Pleno incorporaranse ao Grupo da formación electoral pola que foron elixidos dentro dos cinco días seguintes a dita adquisición; o Voceiro do Grupo comunicará esta circunstancia ao Rexistro do Pleno, en caso contrario quedará como membro non adscrito.

6. A expulsión dun concelleiro do seu grupo ou da formación política a que concorreron ás eleccións acreditarase mediante certificación na que conste o acordo adoptado que será trasladado á Alcaldía, a través do Rexistro Xeral do Pleno, quen o poñerá en coñecemento da Corporación.

#### Artigo 22. Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais.

1. O Pleno, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e os que consten nos orzamentos do Concello,

asignará aos Grupos Municipais unha dotación económica para gastos de funcionamento que contará cun compoñente fixo, idéntico para todos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles; a dotación non se destinará ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial.

Os Grupos Municipais levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada que poñerán a disposición del Pleno sempre que este o solicite.

2. Cando a maioría dos concelleiros dun Grupo Municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma serán os concelleiros que permanezan na formación os lexítimos integrantes de dito Grupo. O secretario xeral do Pleno dirixirase ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura aos efectos de que acredite as circunstancias sinaladas.

3. Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal, os Grupos disporán no Concello dunha sede ou local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.

Os medios persoais dos Grupos determinaranse pola Xunta de Goberno Local en función do número de membros e da carga de traballo de cada uno dos Grupos, terán a cualificación de persoal eventual; o seu nomeamento realizarase pola Alcaldía a proposta do Voceiro do Grupo.

4. Corresponde aos Grupos designar, mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao alcalde, os compoñentes que os representarán nos órganos colexiados integrados por membros da Corporación.

#### Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

1. Os concelleiros que non se integren no grupo político municipal da lista electoral pola que foron elixidos ou que abandonen voluntariamente a candidatura na que concorreron no proceso electoral ou o grupo municipal no que se integraron ostentarán a condición de “non adscritos”. En calquera momento posterior poderán integrarse ou reintegrarse no Grupo de orixe.

2. Exercerán a súa representación política a título individual, sen que poidan durante o mandato integrarse nin constituír Grupo Mixto, nin en ningún outro Grupo distinto á formación electoral na que concorreron ás eleccións.

Aos “concelleiros non adscritos” correspóndelles o dereito político de formar parte das Comisións do Pleno, a tal efecto remitiran á Alcaldía escrito indicando as Comisións nas que queiran integrarse, neste suposto o voto nas Comisións Informativas será ponderado. As súas intervencións ante o Pleno atoparanse limitadas en tempo considerando poderadamente as que tiveren os representantes

dos Grupos, non obstante presentarán mocións, emendas, rogos e preguntas nos termos do presente Regulamento.

Os dereitos económicos dos concelleiros non adscritos serán os que individualmente lles correspondan como membros da Corporación e non serán superiores aos que lles corresponderían de permanecer no Grupo de procedencia; non lles corresponderá os réximes de dedicación exclusiva ou parcial, nin a percepción de dotación económica como compoñente fixo prevista no artigo 22. Percibirán as asignacións que lles correspondan por asistencia ós órganos colexiados dos que formen parte e calquera outras que se deriven da súa condición de corporativo a título individual.

3. O disposto no apartados anteriores non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integran decida abandonala.

#### TÍTULO IV. Do goberno en funcións e do traspaso de poderes.

##### Artigo 24. Actuacións do goberno municipal en funcións.

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte limitará a súa xestión á tramitación de asuntos de administración ordinaria; en ningún caso poderán adoptarse acordos que requiran o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

2. Salvo urxencia, ou por razóns motivadas, non se consideran administración ordinaria os seguintes acordos:

- a) Elevar proxectos de regulamento ao Pleno.
- b) Autorizar convenios ou acordos con outras Administracións Públicas.
- c) Adquirir compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.
- d) Aprobar convocatorias de probas de acceso ou de provisión de postos de traballo.
- e) Aprobar ou modificar o cadro de persoal.
- f) Adxudicar contratos que teñan vixencia plurianual e aqueles cuxa estimación económica supere a contía de 150.000 euros.
- g) Aprobacións de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral.
- h) Nomeamento dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal.

##### Artigo 25. Actuación do Goberno en funcións e traspaso de poderes

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte garantirá ao novo goberno a información necesaria sobre a Administración Municipal.

2. Cada concellería en funcións elaborará un informe de xestión da mesma.
3. O contido de dito informe recollerá cando menos:
  - a) Estrutura, organigrama e funcións.
  - b) Programas en execución.
  - c) Convenios vixentes con detalle de execución.
  - d) Desagregación da execución orzamentaria do exercicio e das dispoñibilidades existentes.
  - e) Desagregación de préstamos financeiros outorgados e solicitados.
  - f) Desagregación dos compromisos económicos asumidos.
  - g) Desagregación da situación do persoal.
  - h) Listado e copia de todos os contratos vixentes no momento da transición.
  - i) Listado e copia de todas as obrigas pendentes de pago.
  - j) Listado das disposicións de carácter xeral cuxa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior o da toma de posesión do novo goberno.
4. Os informes serán agrupados nun documento final que quedará a disposición do novo alcalde.

## TÍTULO IV. DA ORGANIZACIÓN DO PLENO.

### Capítulo I. Da Presidencia.

#### Artigo 26. Presidencia, delegación e substitución.

1. O Pleno convócao, o preside e dirixe o alcalde. O alcalde delegará a convocatoria e Presidencia do Pleno nun dos concelleiros cando o estime oportuno.
2. Corresponde ao alcalde decidir os empates con voto de calidade, ostentan esta prerrogativa os tenentes de alcalde en casos de substitución.
3. A substitución do alcalde na Presidencia do Pleno polos tenentes de alcalde producirase nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade; a substitución realizarase pola orde do seu nomeamento e producirase sen necesidade de acto declarativo expreso.
4. A Presidencia é o órgano de dirección do Pleno a estes efectos dirixe os debates e mantén a orde nos mesmos cumprindo e facendo cumprir o presente Regulamento interpretándoo en caso de dúbida e suplíndoo no caso de omisión; intervirá, en calquera momento para facer as aclaracións que estime oportunas sobre o fondo dos asuntos.

### Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

## Artigo 27. Natureza xurídica

A Xunta de Voceiros é un órgano colexiado complementario da organización municipal de carácter deliberante e consultivo, intégrase polo alcalde, ou concelleiro no que delegue, que a presidirá, e os Voceiros dos Grupos Municipais que, en caso de ausencia, poderán ser substituídos por calquera outro membro do seu grupo.

## Artigo 28. Atribucións.

A Xunta de Voceiros ostenta as seguintes atribucións:

1. Coñecer o proxecto definitivo da Orde do Día das sesións ordinarias e extraordinarias.
2. Coñecemento previo dos asuntos de especial transcendencia para a Corporación.
3. Estudo e informe dos asuntos que o alcalde someta a súa consideración.
4. Participar na actividade institucional; será consultada nos seguintes asuntos:
  - Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente cando as circunstancias o permitan.
  - Modificación dos símbolos representativos municipais.
  - Delimitación ou alteración del término municipal.
  - Determinación do tempo de intervención dos grupos en asuntos de transcendencia.
  - Aprobación ou modificación do Regulamento de Honras e Distincións.
  - Concesión de distincións que correspondan ao Pleno.
  - Nomeamento de representantes municipais.
  - Modificación dos modelos de declaración que integran o Rexistro de Intereses.
5. Actuará como Comisión Informativa Permanente nos seguintes casos:
  - a) Cando asuma transitoriamente as funcións das Comisións Informativas Permanentes se non fora posible a creación destas na primeira sesión que se celebre despois da constitución da Corporación.
  - b) Nas sesións extraordinarias convocadas a iniciativa dos membros do Pleno substituirá o ditame das Comisións Informativas Permanentes cun informe previo da Xunta de Voceiros.
6. Corresponderalle o control e seguimento do cumprimento dos acordos plenarios en relación con mocións e compromisos de actuación adquiridos en interpelacións.



## Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

1. A Xunta de Voceiros reunirse coa mesma periodicidade que o Pleno, con carácter ordinario no terceiro día hábil anterior ao de realización das sesións ordinarias ou extraordinarias non urxentes; celebrará sesións extraordinarias cando así o decida o alcalde, a iniciativa propia, ou a petición razoada da metade dos seus membros.

2. As reunións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Voceiros serán convocadas corenta e oito horas antes da súa realización polo alcalde mediante citación efectuada pola Secretaría Xeral por calquera medio que permita ter constancia; coa convocatoria axuntarase a Orde do Día.

3. Entenderase constituída a Xunta de Voceiros cando concorran ademais do alcalde, ou concelleiro no que delegue, o secretario xeral do Pleno a metade dos seus membros sempre que estes representen a metade do número legal de membros da Corporación. Este quórum haberá de manterse durante toda a reunión. Con carácter excepcional, asistirán ás súas reunións os membros e o persoal da Corporación que o alcalde considere conveniente, aos efectos de informar sobre asuntos concretos.

4. As consideracións da Xunta de Voceiros non terán carácter vinculante nin darán lugar a ningún acto administrativo con forza de obrigar a terceiros. As decisións da Xunta de Voceiros serán adoptadas por maioría absoluta de votos, utilizando cada Voceiro o voto ponderado correspondente ao número de membros de que dispoña cada Grupo.

5. Dado o seu carácter deliberante e consultivo das reunións non se levantará Acta, non obstante, se algún acordo o precisara poderá formalizarse por escrito.

## Capítulo III. Das Comisións do Pleno.

### Artigo 30. Natureza xurídica.

As Comisións Informativas do Pleno son órganos colexiados da organización municipal integrados por concelleiros membros do Pleno, a súa composición acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais; teñen carácter deliberante e non resolutorio agás no caso de que exerzan competencias delegadas polo Pleno.

Os ditames das Comisións Informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

### Artigo 31. Clases de Comisións. Creación, composición e extinción.

1. As Comisións Informativas son Permanentes, Obrigatorias e Especiais.

2. No acordo de creación das Comisións determinarase a composición concreta das

mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Presidente do Pleno é o Presidente nato de todas elas; a presidencia efectiva podará delegala en calquera membro do Pleno, a proposta da propia Comisión, logo da correspondente elección feita na mesma.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais representados no Pleno.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros do Pleno que formen parte da mesma en representación de cada Grupo realizarase mediante escrito do Voceiro dirixido ao Presidente. Os Grupos substituirán a un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro u outros concelleiros do mesmo Grupo, previa comunicación verbal o Presidente efectivo da Comisión na mesma sesión.

3. Son Comisións Informativas Permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que deben someterse ao Pleno. O seu número e denominación, así como calquera variación das mesmas durante o mandato decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do alcalde, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das áreas nas que están estruturados os servizos corporativos.

4. Son Comisións de Informativas Obrigatorias a Comisión Especial de Contas, a Comisión de Suxestións e Reclamacións e aquelas outras que establezan as leis.

5. Son Comisións Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír, en calquera momento, para un asunto concreto en consideración ás características especiais de calquera tipo; extínguense unha vez ditaminado ou informado o asunto que constitúe o seu obxecto agás que no acordo plenario que as creou dispuxérase outra cousa; se extinguen coa finalización do mandato corporativo.

## Artigo 32. Funcionamento das Comisións.

1. Serán de aplicación ás Comisións Informativas as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación coas clases de sesións, a convocatoria e o *quórum* de asistencia. O seu funcionamento axustarase ao previsto no Capítulo II do Título IV do RD 2568/1986.

2. A Presidencia efectiva da Comisión ou a maioría das mesmas requirirá a asistencia ás sesións de calquera concelleiro para que informe sobre un tema concreto que sexa competencia da Comisión, igualmente requirirá a presenza de calquera funcionario municipal para información e asesoramento específico do asunto ou expediente a tratar.

3. O secretario xeral do Pleno prestará nas Comisións o asesoramento xurídico necesario para cumprimento das atribucións que lles corresponde, emitirá

informes, redactará ditames e recollerá nas Actas os ditames e acordos adoptados.

4. As Actas contenderán unha relación moi sucinta das materias debatidas, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

5. As súas sesións non serán públicas agás no suposto das Permanentes cando actúen en competencias delegadas polo Pleno, neste suposto realizarán as súas sesións no Salón de Sesións e os debates axustaranse ao disposto no artigo 53 deste Regulamento.

### Artigo 33. Comisións Permanentes. Atribucións.

Corresponderán ás Comisións Permanentes as seguintes funcións:

a) O ditame, estudo, informe ou consulta dos asuntos de tramitación ordinaria que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno.

Os ditames das Comisións limitaranse a mostrar a súa conformidade ou desconformidade coa proposta de acordo que conste no expediente, ou ben a formular unha alternativa. Os membros da Comisión que disintan do ditame, se o estiman conveniente, formularán, tras a votación, Voto Particular para a súa defensa ante o Pleno.

b) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, corresponde ó Pleno.

c) Aquelas que o Pleno lles delegue.

O Pleno pode delegar nas Comisións as seguintes competencias:

- A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos locais (agás os de natureza orgánica).

- A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.

- A formulación de conflitos de competencia a outras entidades locais e outras Administracións Públicas.

### Artigo 34. Comisións Obrigatorias.

Son Comisións de natureza obrigatoria as seguintes:

## 1. A Comisión de Contas.

A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias ou extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

A Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a orzamentos e facenda do Concello actuará como Comisión Especial de Contas.

## 2. A Comisión de Suxestións e Reclamacións.

De conformidade co sinalado no artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración Municipal existirá unha Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, cuxo funcionamento se regulará en norma de carácter orgánico.

Participarán na mesma representantes de todos os Grupos que integran o Pleno de forma proporcional ao número de membros que teñan no mesmo.

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamación supervisará a actividade da Administración Municipal, formulará recomendacións aos órganos municipais dirixidas a mellorar o funcionamento dos servizos e dará conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias que se observen no funcionamento dos servizos municipais con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas. Realizará informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconsellen.

Para o desenvolvemento da súas funcións, tódolos órganos de Goberno e unidades administrativas da Administración Municipal están obrigados a colaborar coa Comisión.

## 3. A Comisión de Vixilancia da Contratación.

- a) É o órgano de vixilancia da actividade contractual da Administración municipal.
- b) O obxecto da Comisión é garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade e eficacia na contratación pública.
- c) Nas demais cuestións rexerase polo que o determine o seu acordo de constitución.

Artigo 35. Comisións Especiais. Comisións Especiais de Investigación.

1. As Comisións Especiais teñen o ámbito de actuación que se estableza no seu acordo de creación que será adoptado polo Pleno. A súa composición rexeráse polo disposto con carácter xeral sen prexuízo de sinalar no acordo de creación unha composición baseada no sistema de representación ponderada.

2. As Comisións Especiais de Investigación créanse polo Pleno por proposta da Alcaldía ou dun Grupo Municipal, o funcionamento da Comisión así como o seu “plan de traballo” acordarase na sesión constitutiva. As súas sesións non serán públicas. En todo caso a Comisión elixirá de entre os seus membros un vogal que desempeñe a Presidencia efectiva da Comisión propoñendo tal Presidencia o alcalde, presidente nato. As súas conclusións reflectiranse nun ditame que será debatido e votado no Pleno, a Presidencia, escoitada a Xunta de Voceiros, ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos de intervención.

3. As Comisións Especiais de Investigación, para o seu funcionamento, solicitarán dos servizos municipais a documentación que considere necesaria, así mesmo requirirán a presenza de calquera persoa para ser oída, non obstante esta presenza non é obrigada. A notificación do requirimento para comparecer e dos extremos sobre os que se deba informar realizarase con dez días de antelación, salvo cando, por concorrer circunstancias de urxente necesidade, se faga nun prazo menor, que en ningún caso inferior a tres días.

#### Capítulo IV. Do Pleno.

##### Artigo 36. Natureza Xurídica.

O Pleno do Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns de Vigo no goberno municipal.

##### Artigo 37. Atribucións.

1. De conformidade co sinalado no artigo 123.1 da Lei 7/1985, corresponden ao Pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) A votación da moción de censura ao Alcalde e da cuestión de confianza formulada por este, que será pública e realizarase mediante chamamento nominal en todo caso e rexeráse en todos os seus aspectos polo disposto na lexislación electoral xeral.

c) A aprobación e modificación dos Regulamentos orgánicos, teñen natureza orgánica:

A regulación do Pleno.

A regulación do Consello Social da Cidade.

A regulación da Comisión Suxestións e Reclamacións.

A regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá.

A división do municipio en Distritos, e a determinación e regulación dos órganos dos Distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar a organización e as competencias da súa administración executiva.

A determinación dos niveles esenciais da Organización municipal, entendendo por tales as grandes Áreas de Goberno, os Coordinadores Xerais, dependentes directamente dos membros da Xunta de Goberno Local, con funcións de coordinación das distintas Direccións Xerais ou órganos similares integradas na mesma Área de goberno, e da xestión dos servizos comúns destas ou outras funcións análogas; e as Direccións Xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.

A regulación do órgano para resolver as reclamacións económico-administrativas.

d) A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos municipais.

e) Os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal; a creación ou supresión das Entidades a que se refire o artigo 45 da Lei 7/1985, de 2 de abril; a alteración da capitalidade do municipio e o cambio de denominación deste ou daquelas Entidades, e a adopción ou modificación da súa bandeira, ensina ou escudo.

f) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

g) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

h) A aprobación dos orzamentos, do cadro de persoal, así como a autorización de gastos nas materias da súa competencia. Aprobará a Conta Xeral do exercicio correspondente.

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

j) A transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

k) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de

sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

l) A revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral.

m) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.

n) Estabelecer o réxime retributivo dos membros do Pleno, do seu Secretario Xeral, do Alcalde, dos membros da Xunta de Goberno Local e dos órganos directivos municipais.

ñ) A proposta de conflitos de competencia a outras Entidades Locais e outras Administracións Públicas.

o) As demais que expresamente lle confiran as leis.

2. Poden delegarse nas Comisións Informativas Permanentes as atribucións referidas nos apartados d), k), m) e ñ) do apartado anterior.

Artigo 38. Acordos de maioría absoluta.

Requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para a adopción dos acordos referidos nas letras c), e), f) e j) do artigo anterior e para os acordos que corresponda adoptar ao Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

1. O Pleno disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. No Pleno existe unha Secretaría Xeral, que o será tamén das súas Comisións, a quen lle corresponde, baixo a dirección da Presidencia, a asistencia, apoio e asesoramento xurídico de ditos órganos, así como a administración dos medios necesarios para que o Pleno desenvolva con eficacia as súas funcións.

2. A estrutura e as unidades dependentes da Secretaría Xeral serán establecidas por acordo do Pleno a proposta de seu titular e co praxe da Presidencia; a determinación das funcións dos postos de traballo adscritos á Secretaría Xeral realizarase polo secretario.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

1. O secretario xeral do Pleno, baixo a dirección da Presidencia, é o xefe superior do persoal e dos servizos do Pleno, ten carácter de órgano directivo e correspóndelle o asesoramento xurídico, técnico e administrativo do Pleno e de todos os seus órganos, o seu nomeamento corresponde ao alcalde nos términos previstos na lexislación aplicable.

Corresponde ao secretario xeral do Pleno as seguintes funcións:

a) A redacción e custodia das Actas, así como a supervisión e autorización das mesmas, co visto e prace do Presidente do Pleno.

b) Fe pública. A expedición, co visto e prace do Presidente, das certificacións dos actos e acordos que se adopten tanto en Pleno como en Comisións.

c) A asistencia ó Presidente do Pleno para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta celebración das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do Pleno e das Comisións.

d) A comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios e dos adoptados en delegación polas Comisións, incluída a remisión á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da copia, ou, no seu caso extracto, dos actos e acordos do Pleno.

e) Cualificar, con arranxo ao presente Regulamento, os escritos e documentos de índole plenaria, proponendo á Presidencia a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

f) Impulsar a tramitación de todos os escritos e documentos de índole plenaria conforme o establecido neste Regulamento.

g) O asesoramento legal ao Pleno e as Comisións preceptivo nos seguintes supostos:

1º. Cando así o ordene a Presidencia ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á celebración da sesión no que o asunto debérase de tratar.

2º. Cando se trate de asuntos para os que se esixa unha maioría absoluta.

3º. Cando unha norma xurídica así o esixa nas materias de competencia plenaria.

4º. Cando, no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite o Presidente ou a cuarta parte dos concelleiros.

5º. No exercicio da iniciativa popular prevista na lexislación de réxime local.

6º. No suposto de aprobación inicial de Proxectos Regulamentarios de calquera natureza agás as Ordenanzas Fiscais, así como no caso da aprobación definitiva de



tales normas.

h) A levanza e custodia do Rexistro de Intereses.

i) As funcións que a lexislación electoral xeral asigna aos secretarios dos Concellos.

j) Aquelas que lle encomende a Presidencia do Pleno ou o alcalde.

2. Cando se trate dos supostos previstos nos subapartados 2º, 3º e 4º do epígrafe g) do apartado 1 a recepción do asunto de que se trate no Rexistro do Pleno supoñerá a obriga de emitir informe, sen ningún outro trámite e sempre que o expediente se atope completo, en caso contrario, o secretario devolverá o mesmo á dependencia de procedencia para que se complete.

As solicitudes de informe á Secretaría Xeral formuladas polo Presidente ou unha carta parte dos concelleiros presentaranse no Rexistro do Pleno.

O prazo para a emisión dos informes que corresponda será de dez días hábiles a contar desde o momento no que obre en dita Secretaría a documentación e os antecedentes necesarios para a súa emisión.

3. A determinación do réxime retributivo da Secretaría Xeral é atribución do Pleno.

4. En casos de ausencia, vacante ou enfermidade ou cando concorra calquera outra causa que imposibilite ao titular de Secretaría o exercicio das súas funcións, as mesmas serán desempeñadas polo secretario da Administración Municipal.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

1. Da Secretaría Xeral do Pleno dependerá un Rexistro propio e diferenciado dedicado ó asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas Comisións. En todo o non previsto no presente Regulamento, o réxime de presentación dos documentos será o establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común.

2. O Rexistro do Pleno elaborará un estado de actividade no que se reflectirán por orde cronolóxica as Mocións pendentes de incluír na Orde do Día. O estado de actividade manterase actualizado e estará a disposición dos concelleiros que o soliciten.

## TÍTULO V. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

### Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboración e tramitación da Orde do Día.

1. Na Orde do Día só se incluírán os expedientes de tramitación ordinaria que foran previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

2. O proxecto inicial da Orde do Día das sesións será confeccionado polo secretario

xeral do Pleno que trasladará á Presidencia unha relación de expedientes e asuntos concluídos de tramitación ordinaria e ditaminados pola Comisión Informativa competente; examinado o proxecto inicial a Presidencia determinará o proxecto definitivo que poñerá en coñecemento da Xunta de Voceiros en reunión convocada ao efecto; os Voceiros completarán a Orde do Día sinalando as Mocións de control que o seu Grupo pretendan presentar para o seu debate e votación na sesión; na Orde do Día figurarán en primeiro lugar as do Grupo de menor número de concelleiros e así sucesivamente.

3. O Presidente, por razóns de urxencia, incluírá na Orde do Día, a iniciativa propia ou a proposta dos membros do goberno, asuntos de tramitación ordinaria que non foran previamente informados pola respectiva Comisión Informativa que recibirán o nome de "Proposicións", neste suposto non se adoptará acordo algún sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

4. Na Orde do Día das sesións ordinarias incluírase sempre un punto no que se de conta ao Pleno das Resolucións ditadas polo alcalde e os concelleiros delegados e outros de formulación de Rogos e Preguntas.

5. Toda a documentación dos asuntos incluídos na Orde do Día que serve de base ao debate e, no seu caso, votación, estará na Secretaría Xeral a disposición dos membros do Pleno dende o mesmo día da convocatoria. Calquera membro do Pleno poderá examinala e incluso obter copias de documentos concretos que a integren; os orixinais non sairán do lugar en que se encontren postos de manifesto.

#### Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

O desenvolvemento das sesións ordinarias axustarase a seguinte estrutura.

- Aprobación da Acta da sesión anterior.
- Intervencións no Pleno de Asociacións.
- Declaracións Institucionais.

#### Fase Resolutiva

- Dación de conta de Resolucións ditadas pola Alcaldía e concelleiros delegados.
- Dación de conta dos expedientes de tramitación ordinaria.
- Expedientes de tramitación ordinaria ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non incluídos na Orde do Día.

#### Fase de Control

- Mocións de control dirixidas a outras Administracións Públicas.
- Mocións de control dirixidas ao Goberno Municipal.
- Mocións de control urxentes.
- Comparecencia de concelleiros delegados.

- Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
- Rogos.
- Preguntas.

## Capítulo II. Das sesións.

### Artigo 44. Clases de sesións.

As sesións do Pleno serán:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias
- c) Extraordinarias de carácter urxente.

a) Son ordinarias as sesións que teñen unha periodicidade preestablecida que será mensual. Dita periodicidade será fixada mediante acordo do Pleno adoptado na súa sesión organizativa.

b) Son sesións extraordinarias as que convoque o Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte do número legal de membros do Pleno; ningún concelleiro solicitará mais de tres no mesmo ano. A solicitude farase mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben; no escrito, no seu caso, constará as propostas de acordo a adoptar. A relación de asuntos incluídos no escrito e as súas propostas de acordo non enerva a facultade do Presidente para determinar os puntos da Orde do Día; a exclusión de dalgúns dos asuntos propostos deberá ser motivada, considerarase motivada cando a proposta de acordo se refira a un asunto para ao cal o Pleno carece de competencia, sen prexuízo de entender que poden referirse a un asunto no que se propón o posicionamento da Corporación.

O prazo anual mencionado no parágrafo anterior computarase desde o día seguinte o de constitución da Corporación.

A convocatoria de sesión extraordinaria a solicitude de membros da Corporación realizarase dentro dos catro días seguintes á petición e a súa celebración non se demorará mais de quince días hábiles dende que o escrito tivera entrada no Rexistro do Pleno, non podendo incorporarse os asuntos propostos ao Orde do Día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario senón o autorizan os solicitantes da convocatoria. Se o Presidente non convocara o Pleno dentro do prazo sinalado quedará convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte o de finalización do prazo citado.

c) Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días, neste caso incluírase como primeiro punto da Orde do Día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia (ratificación da urxencia), se esta non resulta apreciada levantarase a sesión.

#### Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesión.

1. Corresponde á Presidencia convocar as sesións do Pleno, a convocatoria das sesións extraordinarias será motivada.

Á convocatoria das sesións acompañarase a Orde do Día comprensiva dos asuntos a tratar e os borradores de Actas de sesións anteriores sometidas a aprobación.

A convocatoria, Orde do Día e borradores de Actas serán notificados aos concelleiros no local sede do seu grupo municipal, a tal fin farase uso de calquera medio electrónico, informático ou telemático sempre que se garanta de modo fehaciente a súa recepción.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non transcorrerán dous días hábiles, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.

2. A convocatoria para unha sesión, ordinaria o extraordinaria dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que constará:

a) Relación na que conste os expedientes de tramitación ordinaria conclusos que a Secretaría Xeral do Pleno prepare e poña a disposición da Presidencia.

b) Proposta da Orde do Día realizada pola Presidencia

c) Acta da Xunta de Voceiros na que constará o coñecemento por parte deste órgano da Orde do Día proposto pola Presidencia.

d) Fixación definitiva da Orde do Día pola Presidencia.

e) Copias das notificacións da convocatoria cursadas aos grupos municipais.

f) Copia do anuncio que se fixe no Taboleiro de Editos e páxina web municipal.

g) Minuta da Acta.

h) Copia dos oficios de remisión dos acordos adoptados ás Administracións do Estado e á Xunta de Galicia.

i) Publicación dos acordos no BOP.

#### Artigo 46. Lugar de celebración das sesións do Pleno.

1. O Pleno celebrará as súas sesións no Salón de Sesións da Casa Consistorial agás nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria do Presidente ditada e notificada ós membros do Pleno, habilitarase outro edificio ou local. En todo caso, farase constar na Acta esta circunstancia.

2. Os membros do Pleno tomarán asento no Salón de Sesiós unidos ao seu Grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo Presidente, escoitados os Voceiros, os concelleiros ocuparán sempre o mesmo escano. A colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesións.

1. Toda sesión respectará o principio de unidade de acto e procurarase que remate no mesmo día do seu comezo, se este rematara sen que se debatesen e resolvesen todos os asuntos incluídos na Orde do Día a Presidencia levantará a sesión, os asuntos non debatidos incluíranse na Orde do Día da seguinte.

2. Durante o transcurso da sesión a Presidencia acordará interrupcións, o seu prudente arbitrio, para permitir deliberacións dos Grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso.

3. Se se producira unha alteración da orden pública que impida o normal desenvolvemento da sesión, a Presidencia, se o considera oportuno, ordenará a suspensión por un prazo máximo de 30 minutos, se transcorrido non se puidera continuar con normalidade, a Presidencia, trala consulta cos Voceiros, optará por renovala a porta pechada ou por levantala.

Artigo 48. Quórum de constitución.

Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros, este quórum manterase durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia da Presidencia e do secretario xeral do Pleno ou de quen os substitúan.

Se en primeira convocatoria non existira o quórum necesario entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois, se tampouco entón se acadase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día para a primeira sesión que se celebre, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 49. Publicidade das sesións.

1. As sesións do Pleno do Concello de Vigo son solemnes e públicas sen prexuízo do límite material do aforo existente no Salón de Sesiós; facilitarase o acceso ós medios de comunicación debidamente acreditados. Será secreto o debate e a votación daqueles asuntos que afecten aos dereitos fundamentais dos cidadáns referidos no artigo 18.1 da Constitución e aqueles outros que así o acorde o Pleno.

O público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares.

2. Corresponde á Presidencia a materialización do dereito fundamental dos cidadáns de Vigo participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes. É deber da Presidencia preservar a correcta orde das sesións ostentando para iso inherentes poderes de dirección no Salón de Sesións ao obxecto de posibilitar que o Pleno cumpra a súa función participativa e democrática. A Presidencia chamará á orde, procedendo inclusive á expulsión, ás persoas que, por calquera causa, impidan o normal desenvolvemento da sesión.

3. Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas á orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada.

4. A policía municipal realizará Parte de Servizo dos feitos que perturben o desenvolvemento da Orde do Día ou a adopción de acordos e daqueles outros que supoñan alteración do orden público da sesión ou falta de respecto e consideración os membros da Corporación; no caso de que os servizos xurídicos consideren que os mesmos son constitutivos de infracción penal formularase denuncia.

5. A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións.

### Capítulo III. Funcionamento das sesións.

#### Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

1. Comprobada a existencia de quórum polo secretario a Presidencia declarará sesión pública e ordenará a apertura das portas do Salón de Sesións.

2. As sesións comezarán preguntando o Presidente se algún membro do Pleno ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, se non houbera observacións considerárase aprobada, se as houbera debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan. En ningún caso modificaranse o fondo dos acordos adoptados e so caberá emendar os meros erros materiais ou de feito.

Ao apuntar, en cada acta, a lectura e aprobación da anterior consignaranse as observacións e rectificacións practicadas.

#### Artigo 51. Orde dos asuntos.

Os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que estiveran relacionados na Orde do Día, non obstante a Presidencia pode alterar a orde dos temas, ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixira unha maioría absoluta e esta, dado o

número de membros presentes na sesión, non puidera obterse.

Cando varios asuntos de tramitación ordinaria garden relación entre si debateranse conxuntamente si así o decide a Presidencia escoitados os Voceiros, a votación de cadanseu realizarase por separado.

No suposto de debate conxunto a Presidencia incrementará o tempo de intervencións previsto no artigo 53 escoitados os Voceiros.

#### Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

1. O Alcalde dará conta sucinta ao Pleno en cada sesión ordinaria das Resolucións que houbera adoptado desde a última sesión plenaria ordinaria, aos efectos de que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da Administración municipal.
2. De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que este realice con posterioridade ás mesmas.
3. O debate que se suscite na dación de conta seguira as regras do previsto no artigo 53 deste Regulamento.

#### Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Calquera concelleiro, se o considera oportuno, solicitará, antes e durante o seu debate, a retirada de algún expediente de tramitación ordinaria incluído na Orde do Día, a efecto de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes, e tamén que o expediente quede sobre a Mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a solicitude será votada tras concluír o debate e antes de proceder á votación sobre fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

No suposto de que a retirada da Orde do Día, ou a petición de que o expediente de tramitación ordinaria quede sobre a Mesa, a formule o membro do goberno con responsabilidade na materia a Presidencia, se o estima conveniente, acordaraa. Retíranse da Orde do Día aqueles expedientes de tramitación ordinaria que decida a Presidencia.

#### Artigo 54. Nomenclatura.

*1. Intervencións no Pleno dos cidadáns.* Cando as asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da Orde do Día no que interviñeron na súa tramitación administrativa como interesados, ou para expoñer calquera problemática de interese xeral para a Cidade deberán solicitarllo ao alcalde, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno; o escrito presentarase con antelación á convocatoria da sesión; a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde, que non será inferior a

cinco minutos, e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión.

*2. Declaracións Institucionais.* O Pleno, a proposta do alcalde, da Xunta de Voceiros o do Voceiro dun Grupo municipal no que se integren un terzo do número legal de membros da Corporación, aprobará declaracións institucionais que expresarán a posición política do Concello de Vigo sobre cuestións de interese xeral que afecten ao Concello de Vigo e os seus cidadáns aínda que non se refiran a asuntos estritamente municipais. Se a Presidencia o considera oportuno serán obxecto de debate nos tempos determinados por ela. Estarán en condicións de ser incluídas na Orden do Día do Pleno as declaracións presentadas na Secretaría Xeral do Pleno con ao menos catro días hábiles de antelación respecto da sesión correspondinte, sen prexuízo de que por razóns de motivada urxencia se inclúan outras.

As declaracións institucionais publicaranse na páxina web do Concello de Vigo e remitiranse aos órganos, autoridades e Administracións Públicas do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia que puideran ter interese no texto da Declaración.

*3. Propostas de acordo.* Nos expedientes de tramitación ordinaria existirá unha proposta de acordo formulada pola xefatura da dependencia que tivera tramitado o expediente que estará conformada polo concelleiro delegado da Área competente en razón da materia; a proposta constará dunha parte expositiva na que se expoñerán os antecedentes e razoamentos xurídicos nos que se fundamente e outra dispositiva na que se recollerán os efectos xurídicos do acordo a adoptar.

*4. Ditames.* É a conformidade ou a desconformidade manifestada en votación no seo das Comisións Informativas ás propostas de acordo que consten nos expedientes de tramitación ordinaria; non obstante a Comisión, se o considera conveniente, realizará unha proposta alternativa sendo neste caso esta a que se someta a votación de conformidade ou desconformidade, en definitiva, a ditame.

*5. Voto Particular.* Quen na Comisión Informativa disintan do Ditame emitido pola Comisión, poderán formular un Voto Particular para a súa defensa ante o Pleno. O Voto Particular supón unha alternativa ao Ditame aprobado e referirase á totalidade ou a parte do Ditame, ou nunha adición ou supresión do mesmo. O Voto Particular recollerá, literalmente, a parte do texto cuxa variación o supresión se propón e a nova redacción final.

Os concelleiros que pretendan defender os seus votos particulares terán que anunciarlos na sesión da correspondinte Comisión e haberá de recollese así na Acta sen prexuízo de que, no seu caso, o escrito no que se expoña o Voto Particular sexa trasladado os Voceiros dos Grupos.

O concelleiro que formulase un Voto Particular non presentará ante o Pleno emenda co mesmo ou similar texto.

*6. Emendas.* É a proposta de alteración dun Ditame, Proposición ou Moción presentada por calquera membro da Corporación mediante escrito dirixido á



Presidencia e presentado no Rexistro do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben no seguinte hábil; as emendas aos ditames das Comisións poderán ser presentadas desde o día seguinte á celebración da Comisión.

As emendas serán de supresión, de modificación e de adición en función de que propoñan a eliminación dalgún ou algúns dos puntos do texto da proposta de acordo; a transformación dalgún ou algúns dos puntos; ou o de respecto o texto da proposta ampliando os puntos da mesma; no caso de Mocións tamén poderán referirse a parte expositiva. Unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo non se admitirán no Rexistro.

As emendas ós proxectos regulamentarios e ao proxecto de orzamentos réxense polos os seus respectivos preceptos.

*7. Proposicións.* Na Orde do Día das sesións, por razóns de motivada urxencia, poderán incluírse asuntos de tramitación ordinaria non ditaminados pola Comisión Informativa correspondente que recibirán o nome de “Proposicións”, neste caso a Presidencia, antes de iniciar o debate, someterá á consideración do Pleno a ratificación do asunto na Orde do Día que se apreciará por maioría simple.

*8. Asuntos urxentes.* Nas sesións ordinarias, concluída a parte resolutiva a Presidencia, a proposta dun membro do goberno, poderá incluír na Orde do Día, por razóns de urxencia, algún asunto o expediente de tramitación ordinaria, neste suposto o membro do goberno expoñerá as razóns da urxencia e o Pleno, mediante votación e por maioría simple, pronunciarase sobre a mesma, de resultar considerada a urxencia debaterase e votárase o asunto. No suposto de que se trate de asuntos que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non puideran emitilo no acto, solicitarán da Presidencia o aprazamento do asunto para a próxima sesión.

*9. Mocións de control.* A moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

*10. Mocións de control urxentes.* Os Grupos Municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa Moción de urxencia no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificárase a urxencia; a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a

urxencia alegada, de non apreciase non haberá debate.

#### Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

1. A consideración de cada asunto comezará coa lectura pola Presidencia da denominación que o mesmo ten na Orde do Día, acto seguido preguntará se algún concelleiro quere facer uso da palabra, se ningún membro da Corporación a solicita se entenderá aprobado por unanimidade.

2. Se se promove debate as intervencións serán ordenadas pola Presidencia conforme as seguintes regras:

- Corresponde á Presidencia dirixir os debates e determinar as intervencións.

- O debate iniciarase cunha exposición e xustificación da proposta, ditame ou proposición, por un prazo de cinco minutos por parte do membro do goberno competente por razón da materia ou por calquera outro que sexa membro da Comisión Informativa competente que houbera emitido Ditame. A petición de calquera membro da Corporación, para mellor comprensión do asunto, o expoñente dará lectura daquelas partes do expediente que se soliciten, non obstante a Presidencia denegará as lecturas que considere non pertinentes ou innecesarias.

- Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, con excepción do grupo ao que estean adscritos os membros do goberno municipal, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención de un só concelleiro. No caso de igualdade nos Grupos no número de compoñentes decidirá a súa orde de intervención a Presidencia. Sen prexuízo da defensa dos Votos Particulares formulados en Comisión e das emendas presentadas poderán expoñerse "*in voce*" emendas transaccionais; considéranse emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre a proposta de acordo que conste no expediente e as emendas presentadas. As intervencións concluirán expoñendo o sentido do voto do Grupo Municipal.

- Pechará o debate cunha intervención de tres minutos o expoñente que se pronunciará, admitindo o rexeitando os votos particulares e as emendas de calquera carácter presentadas e modificando ou ratificando a proposta de acordo que conste no expediente.

3. So se fará uso da palabra previa autorización da Presidencia. Concedida a palabra, o interveniente non será interrompido por ninguén salvo pola Presidencia nos supostos a que se refire o artigo 58 ou para chamar á orde ao resto dos concelleiros ou ao público asistente. A Presidencia evitará que as intervencións excedan do seu tempo máximo de duración.

4. Os membros do Pleno poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para presentar unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma cuxa aplicación reclama. A Presidencia resolverá o que proceda, sen que por este

motivo se estableza debate.

5. A Presidencia, en función do contido do asunto a tratar, e especialmente nos casos de exercicio da iniciativa orzamentaria ou regulamentaria, ben a iniciativa propia, ben a proposta da Xunta de Voceiros, poderá ampliar o tempo das intervencións.

6. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate antes de fixar os términos da votación.

7. Os funcionarios responsables da Secretaría e da Intervención intervirán cando foren requiridos pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando ditos funcionarios entendan que no debate formulouse algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias solicitarán da Presidencia o uso de la palabra para asesorar á Corporación.

8. Salvo acordo en contra dos seus membros, nos debates do Pleno o tempo que corresponda ao Grupo Mixto distribuirase por partes iguais entre os compoñentes do Grupo.

#### Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 52 deste Regulamento respecto das Resolucións da Alcaldía e concelleiros delegados, na Orde do Día, na fase resolutive inclúiranse aqueles asuntos ou expedientes que a normativa de aplicación advirta do seu coñecemento específico polo Pleno.

2. No coñecemento destes expedientes poderá suscitarse debate que será iniciado ben polo concelleiro delegado competente na materia, ben por calquera outro membro da Corporación, o tempo de intervención será de cinco minutos; no caso de que o debate sexa iniciado por un concelleiro non integrado no grupo municipal de goberno a Presidencia, á conclusión desta intervención, concederá unha quenda de cinco minutos os demais grupos de menor a maior pechando o debate o concelleiro integrado no grupo municipal de goberno por igual tempo. No suposto de que o debate o iniciara o grupo municipal de goberno e intervirán posteriormente os demais grupos municipais pechará o debate o concelleiro delegado competente na materia nunha intervención de tres minutos

#### Artigo 57. Intervención por alusións.

Cando no desenvolvemento dun debate se fixeran alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes que afecten ao decoro, boa imaxe ou dignidade dun concelleiro ou dun Grupo Municipal a Presidencia, avaliadas as circunstancias, concederá ao aludido ou o Voceiro do Grupo o uso da palabra por tempo de dous minutos para que, sen entrar no fondo do asunto, conteste ás alusións realizadas.

#### Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

1. A Presidencia chamará á cuestión debatida cando o concelleiro intervín-te desvíe por completo o debate do asunto principal, cando volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas, ou para advertir que se esgotou o tempo de intervención; chamará ó orde, nos seguintes supostos:

a) Cando se pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que lle fora retirada.

b) Cando se profiran palabras ou se vertan conceptos ofensivos ao decoro do Pleno ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

c) Cando se produzan interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.

2. Tras tres chamadas ao orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira, a Presidencia retirará o uso da palabra ao concelleiro ou ordenará o membro da Corporación o abandono do Salón de Sesións.

3. Cando se producira o suposto previsto no epígrafe b) do parágrafo 1 a Presidencia requirirá ao concelleiro a retirada as ofensas e ordenará que non consten na Acta, a negativa a este requirimento dará lugar a sucesivas chamadas a orde, cos efectos previstos no parágrafo anterior.

#### Artigo 59. Votación.

1. Non se votarán as emendas que non sexan aceptadas polo membro do goberno que houbera exposto e xustificado a proposta.

2. Concluído o debate a Presidencia fixará os términos do acordo a adoptar e someterá o asunto a votación; no suposto que se tiveran presentado e defendido Votos Particulares estes votaranse en primeiro lugar; se se houberan aceptado emendas estas votaranse a continuación.

3. Cando previsiblemente, á vista dos posicionamentos dos grupos, o resultado da votación dun asunto sexa o mesmo que o doutra votación inmediatamente anterior xa realizada, a Presidencia poderá preguntar se se reproduce o resultado da votación.

4. Durante a votación a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún concelleiro entrará ou abandonará o Salón de Sesións. No caso de votación con resultado de empate efectuarase unha segunda votación e se persistira decidirá o voto de calidade do Alcalde o do tenente de alcalde que o substitúa. Concluída a votación a Presidencia proclamará o acordo adoptado.

5. A votación dos asuntos de tramitación ordinaria será a totalidade dos votos

particulares, emendas, propostas ou proposicións, non se admitirán votacións parciais.

6. O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

7. O voto emitirase en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985 , algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, abandonará o Salón mentres se discuta e vote o asunto, agás cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

8. Aos efectos da votación considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do Salón de Sesiós unha vez iniciado o debate dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao Salón de Sesiós antes da votación tomarán parte na mesma.

9. Existirá maioría simple cando os votos afirmativos sexan mais que os negativos. Existirá maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan, polo menos, a metade mais uno do número legal de Concelleiros que integran a Corporación, sendo esixible a mesma en aqueles supostos previstos na lexislación básica de Réxime Local.

Artigo 60. Clases de votación.

1. As votacións poden ser por:

a) Asentimento.

b) Ordinarias.

c) Nominais.

d) Secretas.

2. Entenderanse aprobados por asentimento os expedientes de tramitación ordinaria ou as declaracións institucionais cando, enunciados pola Presidencia, non susciten debate; son ordinarias as votacións manifestadas mediante man levantada de aprobación, rexeitamento ou abstención; son nominais as realizadas mediante chamamento por orden alfabético de apelido e sempre en último lugar a Presidencia, cada membro da Corporación, ao ser chamado, responderá en voz alta "si", "non" ou "me absteño"; son secretas as realizadas mediante papeleta que cada membro da Corporación deposite nunha urna, tras ser chamado polo Presidencia.

3. Salvo no caso de ausencia de debate, utilizarase sempre a votación ordinaria.

4. A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo municipal aprobada polo Pleno por maioría simple en votación ordinaria. Será secreta a votación para a elección ou destitución de persoas, e tamén cando o sexa o debate dun asunto e

así o acorde o Pleno por maioría simple a iniciativa dun Grupo Municipal.

5. En supostos de embarazo, maternidade, paternidade o enfermidade grave que impidan o desempeño da función de concelleiro, a Presidencia autorizará a emisión de voto por procedemento telemático.

A tal efecto, unha vez convocada sesión, o concelleiro cursará solicitude escrita dirixida á Presidencia que comunicará a súa decisión precisando o período de tempo no que emitirá o voto. O voto emitido será verificado polo secretario xeral do Pleno e obrará en poder da Presidencia ao inicio da sesión correspondinte dando conta do mesmo á conclusión da votación.

#### Artigo 61. Explicación de voto.

Proclamado o acordo, os grupos que non interviñeran no debate ou que tras este cambiaran o sentido do seu voto, solicitarán da Presidencia unha quenda de explicación de voto que terá unha duración de un minuto. Igual dereito terán os concelleiros que votaran en sentido diferente aos membros do seu Grupo.

### Capítulo IV Control do Goberno

#### Artigo 62. Formas de control.

De conformidade co sinalado no artigo 46.2. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril., nas sesións plenarias de carácter ordinario, concluídos os asuntos que integren a parte resolutiva da sesión, iniciarase a parte dedicada ao control e fiscalización dos demais órganos da Corporación que exercerase a través dos seguintes medios:

1. Mocións de control.
2. Rogos.
3. Preguntas.
4. Comparecencia de concelleiros delegados.
5. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
6. Debate sobre o estado da Cidade.
7. Outras formas de control.

#### Artigo 63. Mocións de control.

1. A Moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobado a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

2. As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de

emendas.

3. Non se incluírán na Orde do Día mais de sete mocións en cada sesión ordinaria. Cada grupo presentará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción, neste suposto o número total de mocións ampliarase.

4. Os grupos municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa *Moción de urxencia* no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificárase a urxencia, a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a urxencia alegada, de non apreciase non haberá debate.

5. Os concelleiros que houberan asinado Mocións poderán retiralas antes de que comece o debate ou a súa votación.

#### Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

1. As Mocións serán obxecto de debate na sesión plenaria na que se inclúan na Orde do Día, en primeiro lugar intervirá o grupo municipal autor da mesma por un prazo de cinco minutos, a continuación, de menor a maior, os grupos municipais que tiveran presentado emendas por igual prazo e finalmente aqueles grupos que non as presentaran tamén de menor a maior e por un prazo de cinco minutos no que concretarán o seu posicionamento; concluirá o debate o propoñente nun prazo de tres minutos no que se pronunciará sobre a aceptación, ou non, das emendas presentadas e se acepta unha votación por apartados; a continuación a Presidencia someterá a votación a Moción, no caso de aceptación de emendas estas votaranse en primeiro lugar.

A Presidencia, cando o estime oportuno, poderá establecer o seu posicionamento pechando o debate antes de fixar os termos da votación.

2. As emendas ás Mocións presentaranse no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben ou no seguinte hábil; poderán ser á totalidade, alternativas ou parciais en función de que propoñan alteracións substanciais, un texto alternativo que manteña a esencia e o espírito orixinario ou modificacións, ou engadidos ou supresións do texto orixinario; unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo sinalado non se admitirán no Rexistro.

3. No transcurso do debate poderán presentarse *in voce* emendas transaccionais.

#### Artigo 65. Rogos.

1. Os rogos son propostas de actuación formuladas oralmente ou por escrito no Pleno ou nas Comisións por calquera membro da Corporación dirixidas aos órganos

de goberno sobre asuntos de política xeral ou dunha concellería; serán expostos no tempo máximo dun minuto e debatidos na sesión seguinte, sen prexuízo de que o sexan na mesma sesión se a Presidencia o considera conveniente. Quen os formule poderá admitir unha resposta escrita que en todo caso realizárase polo destinatario antes da seguinte sesión. Só se formularán rogos nas sesións ordinarias.

2. O debate dos rogos limitarase á fixar polo concelleiro delegado que corresponda en razón da materia, o posicionamento do goberno sobre a proposta de actuación formulada, para estes fins dispoñeráse dun minuto; o alcalde poderá delegar o posicionamento dos rogos a el dirixidos en calquera membro do goberno municipal. A súa contestación non dará lugar a debate.

4. Non se formularán mais de nove rogos en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita cada grupo poderá presentar un rogo, neste suposto o número total de rogos ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular un rogo.

#### Artigo 66. Preguntas.

1. Son preguntas calquera cuestión concreta e determinada exposta oralmente aos órganos de goberno no seo do Pleno ou nas Comisións interrogando sobre un só feito, unha información, unha situación, ou unha actuación dentro da esfera de responsabilidade do preguntado; serán formuladas, sen realizar unha exposición para o debate, no tempo máximo dun minuto no sentido de se o goberno ten adoptado o vai adoptar algunha decisión en relación co asunto. Serán contestadas polo destinatario na sesión seguinte a non ser que o preguntado queira dar resposta inmediata; o interpelante poderá admitir contestación escrita, neste caso a contestación realizárase dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da sesión na que se formularan. Só se formularán preguntas nas sesións ordinarias.

2. A contestación das preguntas limitarase a súa resposta concreta e sucinta polo concelleiro da área afectada, para estes fins dispoñeráse dun minuto; o alcalde poderá delegar a contestación das preguntas a el dirixidas en calquera membro do goberno municipal. A contestación non dará lugar a debate.

3. As preguntas formuladas mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con vintecatro horas de antelación contestaranse na sesión, ou por causas motivadas, na seguinte.

4. Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano.

5. Non se formularán mais de nove preguntas en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o



permita cada grupo poderá presentar unha pregunta, neste suposto o número total de preguntas ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular unha pregunta.

#### Artigo 67. Comparecencia de concelleiros delegados.

1. Os Grupos Municipais poderán presentar ante o Pleno Moción propoñendo a comparecencia dun membro do goberno, ou do alcalde, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación ou sobre un asunto determinado.

2. De aprobarse a Moción a comparecencia materializarase mediante a súa inclusión na Orde do Día da seguinte sesión ordinaria ou extraordinaria que sexa convocada.

3. O desenvolvemento da comparecencia constará das seguintes fases: en primeiro lugar, e por un prazo de no menos de dez minutos, o comparecente expoñerá a súa xestión ben de xeito xenérico, ben sobre un determinado asunto; a continuación, e por un tempo de cinco minutos, intervirá o grupo propoñente que fixará posicións, formulará preguntas ou fará observacións; posteriormente, e co mesmo obxecto, o resto dos grupos municipais de menor a maior por un tempo de tres minutos; concluídos as quendas o comparecente responderá as preguntas ou observacións formuladas.

4. O Concelleiro cuxa comparecencia tivera sido solicitada conforme os apartados anteriores, poderá manifestar en calquera momento ante a Presidencia do Pleno o seu desexo de atender a petición sen esperar á decisión do Pleno.

5. No se realizaran en cada sesión mais de unha comparecencia, as que excedan deste número incluíranse en sesións seguintes segundo a orden temporal do acordo ou solicitude.

#### Artigo 68. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

1. Mediante Moción presentada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación o Pleno poderá acordar a realización dunha sesión extraordinaria cuxo obxecto sexa someter a debate a xestión da Xunta de Goberno Local.

2. De adoptarse acordo o desenvolvemento da sesión axustarase as seguintes fases: en primeiro lugar intervirá, por un prazo de cinco minutos, o concelleiro que encabece o escrito de Moción para explicar o significado da solicitude de comparecencia; a continuación, no mesmo tempo, responderá o membro da Xunta de Goberno Local que sexa designado por esta; despois de sendas quendas de réplica de tres minutos intervirán, de menor a maior, os grupos municipais para formular, nun prazo de dous minutos, preguntas á Xunta de Goberno Local que serán respondidas por un membro da mesma.

3. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate.

#### Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

1. Con carácter anual, no primeiro semestre, previo acordo da Xunta de Voceiros, poderá realizarse unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ó debate do estado da Cidade. A dita sesión non se realizará no ano en que se convoquen eleccións locais.

2. Corresponderalle á Alcaldía, nunha primeira intervención, expoñer a situación xeral da cidade e as liñas esenciais da súa acción de goberno. A continuación someterase a debate a intervención da Alcaldía e farán uso da palabra os Voceiros dos Grupos.

3. Finalizada a intervención dos voceiros haberá unha quenda de réplica a cargo do Alcalde, finalizada a réplica concluirá a sesión.

#### Artigo 70. Outras formas de control.

O debate e votación da moción de censura, como mecanismo de control e esixencia da responsabilidade política do alcalde ante el Pleno, rexerese polo disposto na lexislación de réxime electoral xeral.

#### Capítulo V Das Actas do Pleno.

##### Artigo 71. Os Libros de Actas.

1. As Actas do Pleno e os seus Libros son instrumentos públicos e solemnes.

2. As Actas rexistraranse en Libros foliados e encadernados, legalizada cada folla coa rúbrica do presidente e co selo da Corporación. Os Libros, na súa primeira páxina, mediante dilixencia do secretario, expresarán o número de folios, as súas series e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.

3. A transcripción das actas das sesións de Pleno efectuarase de acordo coas seguintes normas:

a) Ata tanto se proceda a súa encadernación os Libros de Actas estarán compostos de follas móbiles; utilizarase papel timbrado destinado para o efecto.

b) Aprobada a acta, o secretario fará transcribirla sen emendas nin rascaduras, ou salvando as que se producisen, a follas correlativas seguindo a súa orde e facendo constar ó final de cada acta, mediante dilixencia, o número e clase de todos e cada un dos folios timbrados en que quedou estendida.

c) Prohíbese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura,

debendo salvarse por dilixencia os casos de erro na orde de transcripción.

d) Cando todos os folios reservados a un Libro se atopen escritos ou anulados os últimos por dilixencia ó non ter cabida integramente a acta da sesión que corresponda transcribir, procederase a súa encadernación. En cada Libro o secretario estenderá dilixencia expresiva do número de actas que comprende.

#### Artigo 72. Custodia dos Libros.

1. Correspóndelle ao secretario xeral a custodia dos Libros de Actas, non consentirá que saian da Casa do Concello baixo ningún pretexto.

2. Estará obrigado a expedir certificacións ou testemuñas dos acordos, cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes ou o soliciten por escrito os membros da Corporación.

#### Artigo 73. Redacción da Acta.

1. Durante as sesións o secretario xeral do Pleno, asistido polo funcionario que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a Acta na que se consignarán os seguintes datos:

a) Lugar da reunión. Día, mes, ano en hora na que comeza e hora na que remata.

b) Nome e apelidos do presidente, tenentes de alcalde, concelleiros presentes, dos ausentes que se tiveran escusado e dos que falten sen escusa.

c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se realiza en primeira ou en segunda convocatoria.

d) Nome e apelidos do secretario xeral ou de quen lle substitúa, e presenza doutros funcionarios cando concorran.

e) Intervencións completas dos concelleiros manifestadas nos debates.

f) Parte expositiva e dispositiva dos acordos que recaían. Incluirase transcripción dos informes mais relevantes.

g) Votacións nas que se especificará o sentido en que cada concelleiro emite o voto.

h) Cantos incidentes se produzan e foran dignos de sinalarse a xuízo do secretario.

2. Os debates secretos constarán nun Anexo a Acta da sesión cuxo único exemplar custodiarase pola Secretaría Xeral do Pleno; poderá ser consultado polos concelleiros previa autorización expresa da Presidencia.

#### Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

1. Os cidadáns teñen dereito a obter certificacións acreditativas dos acordos do Pleno.
2. As certificacións expediranse na súa integridade, con omisión do debate que se puidese ter producido.
3. As certificacións serán solicitadas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno polas persoas a quen interesen ou reclamadas de oficio polas autoridades, tribunais, organismos ou funcionarios públicos que tramiten expedientes ou actuacións nos que deban producir efecto.
4. As certificacións expediranse co “Visto e Prace” da Presidencia para significar que o secretario que as expide atópase no exercicio do cargo e a súa firma é auténtica. Irán rubricadas, na marxe, pola Xefatura do Negociado do Pleno, levarán o selo da Secretaría Xeral e reintegraranse conforme á respectiva ordenanza de exacción. Serán expedidas no tempo máximo de dez días.

#### TITULO VI. DO PROCEDIMENTO REGULAMENTARIO.

##### Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

A iniciativa regulamentaria corresponde:

1. Á Xunta de Goberno Local, a quen lle corresponderá:
  - A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións.
  - A aprobación do proxecto de orzamento.
  - A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ó Pleno que se tramitarán pola a súa normativa sectorial.
2. Ao propio Pleno.
3. Aos veciños.

##### Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

##### Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

1. A aprobación de regulamentos e ordenanzas rexerase polo disposto na lexislación estatal e autonómica de réxime local e polo previsto no presente

Regulamento.

2. Os proxectos de normas municipais acompañaranse dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para pronunciarse sobre eles, unha vez sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local remitiranse ao Rexistro do Pleno.

3. Os proxectos de normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións remitiranse directamente ao Rexistro do Pleno.

4. O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto. A Alcaldía, mediante Resolución, a petición dun grupo municipal, poderá ampliar o prazo sinalado.

Artigo 77. Emendas nos procedementos regulamentarios.

1. As emendas ao proxecto se presentarán no Rexistro do Pleno mediante escrito dirixido á Presidencia da Comisión que corresponda, asinado polo Voceiro do Grupo municipal.

2. O escrito especificará se se trata dunha emenda á totalidade ou o articulado, serán emendas á totalidade as que se refiran á oportunidade ou o espírito do proxecto e postulen a súa devolución á Xunta de Goberno Local, así como as que propoñan un texto completo alternativo; as emendas ao articulado poderán ser de substitución, de adición ou de supresión; dos artigos que se pretendan modificar realizarase unha sucinta exposición dos motivos que xustifiquen a presentación da emenda.

3. Finalizado o prazo de presentación a Secretaría Xeral remitirá as emendas ao servizo que houbera redactado o proxecto ao obxecto de que emita informe técnico ou xurídico e formule proposta ao Pleno previo ditame da Comisión Informativa que corresponda.

Artigo 78. Debate e ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión Informativa referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas ao mesmo.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas o ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Os Grupos, nas vinte e catro horas seguintes á fecha de emisión do ditame, en escrito dirixido á Presidencia presentado no Rexistro do Pleno, comunicarán as emendas que, habendo sido defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas salvo as relativas á

subsanación de erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. O debate no Pleno comezará pola exposición que do proxecto realice un membro do equipo de goberno, a continuación os Grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas presentadas non incorporadas ao ditame, concluído o debate o membro do goberno, en primeiro lugar someterá a votación as emendas e acto seguido producirase votación sobre o texto resultante.

4. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 55 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.

#### Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.

1. Aprobado inicialmente o proxecto polo Pleno, ademais da publicación do anuncio de tal aprobación no Boletín Oficial da Provincia ao obxecto do trámite de información pública por prazo de trinta días, o servizo competente dará audiencia ás persoas e colectivos interesadas e inserirá o acordo na páxina Web do Concello de Vigo aos efectos de facilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

2. O alcalde, mediante Resolución da que se dará conta ao Pleno, poderá acordar a prórroga do prazo de información pública cando a complexidade ou transcendencia da materia o requira.

#### Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.

1. As reclamacións ou suxestións serán informadas técnica e/ou xuridicamente polo servizo correspondente que formulara proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao texto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións ou suxestións abrirase ós grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só referirase a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.

2. No caso de que non se houberan presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación do texto, dando conta ao Pleno na primeira sesión que realice.

3. As ordenanzas, regulamentos e disposicións municipais de carácter normativo publicaranse na forma prevista na Lei Reguladora das Bases del Réxime Local e na páxina web do Concello de Vigo.

### Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.

#### Artigo 81. Réxime e preferencia.

1. O proxecto de orzamento xeral municipal, integrado polo do propio Concello, os seus OO.AA. e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedade mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local, elaborase e fórmase polo alcalde e tramítase segundo o procedemento previsto na normativa

sectorial reguladora da materia, coas especialidades establecidas no presente Capítulo. A súa documentación será a que determina o artigo 18 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, gozará de preferencia na tramitación con respecto ós demais traballos do Pleno, para os efectos do cumprimento dos prazos legalmente establecidos na normativa vixente en cada momento.

2. A tramitación do proxecto de orzamento xeral referirase ás bases de execución, ó estado de autorización de gastos e ó estado de previsión de ingresos, sen prexuízo do estudo dos documentos que deban acompañalo.

#### Artigo 82. Calendario de tramitación.

1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.

2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a presentación de emendas.

3. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local será sometido á consideración e informe do Consello Social da Cidade que será convocado ao efecto.

#### Artigo 83. Emendas.

1. As emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito asinado polo Voceiro do grupo municipal, poderán ser ó articulado das bases de execución, ós estados de gastos ou ós estados de ingresos ou á totalidade do proxecto solicitando, neste caso fundamentadamente, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local; das emendas presentadas darase copia aos Voceiros dos outros grupos municipais.

2. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

3. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Economía e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

4. As emendas ó articulado das bases de execución do orzamento que supoñan

creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 3.

5. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado, no seu caso, ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas por ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Sen prexuízo do anterior, e ao obxecto de materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza, a Comisión poderá emitir votación e ditaminará, favorable ou desfavorablemente, o proxecto inicial e as emendas que no seu caso apoie o equipo de goberno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas.

5. Na Orde do Día o proxecto de orzamento identificarase ben co ditaminado favorablemente en Comisión, ben co aprobado pola Xunta de Goberno de Local e ditaminado favorable ou desfavorablemente en Comisión que poderá atoparse modificado coa incorporación das emendas apoiadas polo grupo de goberno.

6. O debate no Pleno comezará pola exposición que dalgún dos proxectos mencionados no apartado anterior realice un membro do equipo de goberno.

7. A continuación os grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas non incorporadas ao proxecto, concluído o debate, que, en todo caso comezará coa emenda ou emendas que insten a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local, a Presidencia, en primeiro lugar, se o estima conveniente, someterá a votación as emendas non incorporadas ao proxecto; acto seguido producirase votación ben sobre o texto resultante no suposto de que se houberan sometido a votación as emendas, ben sobre o proxecto identificado no inciso final do apartado 3.

8. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 53 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.



## Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.

1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral expoñerase ao público, previo anuncio no BOP por un prazo de quince días durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, terán a condición de interesados:

- a) Os habitantes no término municipal de Vigo.
- b) As persoas que resulten directamente afectadas, aínda que no sexan habitantes no término municipal de Vigo.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

2. Tan só poderán presentarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles ao Concello de Vigo, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

3. As reclamacións serán informadas, no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo de reclamacións, polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións abrirase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.

4. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación na páxina web do Concello e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran no BOP, do orzamento aprobado definitivamente remitirase copia á Administración do Estado e a Administración Autonómica na mesma data na que se remita anuncio o BOP entrando en vigor unha vez sexa publicado o seu resume no BOP.

5. Unha copia do orzamento e de as súas modificacións acharase a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

## Artigo 86. Aprobación dos orzamentos pola Xunta de Goberno Local.

De conformidade co previsto na Disposición Adicional 16 da Lei de Bases de Réxime Local, o proxecto de orzamento poderá ser aprobado pola Xunta de

Goberno Local no suposto de que orzamento se atope en situación de prórroga e presentado ante o Pleno un proxecto este non acadara nunha primeira votación a maioría necesaria para a súa aprobación.

Artigo 87. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.

A presentación dunha cuestión de confianza vinculada á aprobación e/ou modificación dos orzamentos xerais do Concello tramitarase conforme ao sinalado no artigo 197. bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral e en harmonía co previsto no artigo 84 deste Regulamento; en todo caso require que o proxecto de orzamento aprobado en Xunta de Goberno Local se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación.

Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.

Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

1. Os membros do Pleno, coa xustificación da súa oportunidade ou necesidade, poderán presentar proposicións de regulamentos ou ordenanzas que terán que ser incluídas na Orde do Día para a súa consideración cando veñan subscritos pola cuarta parte dos seus membros.
2. Se o Pleno acordase por maioría simple a consideración da proposición presentada, ordenará respecto desta a incoación do correspondente expediente que seguirá os trámites dos artigos 60 ao 63 deste Regulamento.
3. Tralo período de audiencia e información pública, a Secretaría Xeral do Pleno remitirá as reclamacións e suxestións que se reciban á comisión competente, para os efectos de que proceda a súa valoración e elabore, no seu caso, un novo texto de iniciativa regulamentaria.
4. A iniciativa regulamentaria do Pleno non poderá referirse ó proxecto de orzamento xeral.

Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.

1. Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do municipio.
2. Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o previo informe de legalidade do secretario xeral do Pleno, así como o informe do interventor cando afecte a dereitos e obrigas de contido

económico do concello.

Disposición adicional Primeira.

Os preceptos deste Regulamento que por sistemática lexislativa incorporan aspectos da lexislación básica do estado ou da lexislación autonómica, e aqueles nos que se fan remisións a preceptos destas, enténdense automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a revisión ou modificación desta lexislación, agás que resulten compatibles ou permitan unha interpretación harmónica coas novas previsións lexislativas.

Salvo disposición en contra, os prazos sinalados por días neste Regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de fecha a fecha.

Disposición adicional Segunda.

Os modelos de declaración que figuran no Anexo carecen de natureza orgánica, así mesmo a súa modificación puntual non implicará modificación deste Regulamento e establecerase pola Alcaldía mediante Resolución previo coñecemento da Xunta de Voceiros. Da Resolución darase conta individualizada ó Pleno.

Disposición final.

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Nº...../.....

## REGISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

### A.- LIBRO DE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E DE ACTIVIDADES E INTERESES.

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e manifesto, baixo a miña responsabilidade, que os datos expostos son certos.

Vigo, de de

O/A Declarante

A.1.- DECLARACIÓN DE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE.

DECLARO non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas no artigo 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

A.1.1. Posibles causas de incompatibilidade.

Nº...../.....

A.2.- DECLARACIÓN DE ACTIVIDADES E INTERESES.

A.2.1- **Outros cargos públicos** inclusive os de representación do Concello de Vigo en órganos colexiados, directivos ou Consellos de Administración. Organismo ou entidade do que dependen. Data de nomeamento. Sinalar, no seu caso, se se perciben retribucións.

**A.2.2 Percepción de pensións** de dereitos pasivos ou da Seguridade Social. Organismo pagador. Concepto

**A.2.3.- Actividades privadas por conta propia de carácter mercantil** ou industrial, por si ou mediante substitución ou apoderamento. Especificar razón social e actividade principal da empresa, número de identificación fiscal, domicilio social e descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, expresar se a empresa ou sociedade ten subscritos, contratos ou concesións de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local. En caso afirmativo, tratándose de sociedade mercantil, indicar porcentaxe de participación incluíndo o correspondente ao conxugue, persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade, ou fillos menores.

Nº...../.....

**A.2.4.- Actividades privadas por conta propia de carácter profesional.** Descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, número de colexiado.

A.2.5.- **Actividades privadas por conta allea.** Entidade ou empresa. Actividade principal, número de identificación fiscal, domicilio social, cargo ou posto e descrición da actividade desenvolvida. Data de inicio.

--

Nº...../.....

**A.3.- COMUNICACIÓN DE ACTIVIDADES TRAS O FIN DO MANDATO OU TRAS O CESE DO DOS TITULARES DE ÓRGANOS DIRECTIVOS**

....., en cumprimento do previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **COMUNICO** ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo:

PRIMEIRO: Que finalicei as miñas funcións no Concello de Vigo en data de .....

SEGUNDO: A partires do día ..... pretendo realizar a seguinte actividade .....

TERCEIRO: Que a empresa ou entidade na que pretendo realizar a actividade mencionada se denomina,.....sendo o seu obxecto social o de.....<sup>1</sup>

Vigo, a.....de.....de.....

**B.- LIBRO DE INTERESES ECONÓMICOS E BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.**

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo declaración sobre bens

<sup>1</sup> O apartado TERCEIRO cumprimentarase no suposto de realización unha actividade por conta allea.

patrimoniais e manifesto, baixo a miña responsabilidade, que os datos expostos son certos.

Vigo,                      de                      de  
O/A declarante

Asdo.:

Nº...../.....

B.2.- Activo. **Depósitos en conta corrente ou de aforro**, á vista ou a prazo. Contas financeiras e outros tipos de imposicións a conta. Indicar entidade financeira e número de conta. Indicar valor á data da toma de posesión, renuncia ou cese.

B.3.- Activo. **Valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios**. (Débeda Pública, obrigacións, bonos e e demais valores negociados, ou non, en mercados organizados; certificados de depósito e pagares no negociados en mercados organizados )

Nº...../.....

B.4- Activo. **Valores representativos de participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade**. B.4.1 (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión-, negociadas en mercados organizados) B.4.2. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, negociadas en mercados organizados) B.4.3. (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión- no negociadas en mercados organizados) B.4.4. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, non negociadas en

mercados organizados, incluídas as participacións no capital social de cooperativas).

Nº...../.....

B.5- Activo. **Vehículos ou embarcacións** propiedade do declarante. Indicar marca e modelo, ano de matriculación e número de matrícula.

B.6- Activo. **Bens mobles.** Obras de arte, antigüidades, xoias, e outras propiedades análogas cuxo valor supere a 6.000.- €. Descrición e valor.

Nº...../.....

B.7.- Activo. **Outros bens:** Seguros de Vida, plans de pensións, rendas temporais ou vitalicias, dereitos reais de uso e goce, concesións administrativas, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial... etc. Indicar entidade aseguradora, ou persoa ou entidade pagadora e valor



<b>B.8.- Pasivo. (créditos, préstamos, débedas, indicar o seu valor en euros).</b>

Nº...../.....

<b>B.9.- Declaracións Tributarias.</b>
--

Adxunto ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo a declaración tributaria correspondente ao imposto de ..... referente á anualidade do ano .....

Vigo, .....de .....de .....

O/A declarante

Asdo.:

DILIXENCIA: A poño eu, secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo, para facer constar que no día de hoxe, .... de ..... de 20... o/a declarante, ..... en cumprimento do previsto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, presenta ante o Rexistro de Intereses do Concello de Vigo, declaración correspondente a<sup>1</sup> ..... comprende ..... folios rubricados na marxe polo interesado/a na miña presenza e por min. Procedo á

<sup>1</sup>Declaración previa á toma de posesión, Declaración de variacións, Declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

numeración e selado das follas presentadas. Se lle devolve o declarante copia cotexada por esta secretaría xeral.

O secretario xeral do Pleno

O/A declarante

**3.5(86).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 06/2016. CRÉDITO EXTRAORDINARIO: “AXUDAS ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS”. EXPTE. 8956/407 (REXISTRO PLENO 1381/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 9 de maio de 2016, o xefe dos Servizos Centrais co conforme da xerente de Urbanismo e da vicepresidenta da XMU, emiten o seguinte informe proposta,

“Visto o Decreto da Vicepresidenta de Urbanismo de 9 de maio de 2016, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítese o seguinte informe:

1º) O gasto que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen perxuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxente e de necesaria realización.

2º) O importe de 49.818,00 euros destínase a seguinte partida:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>
1510.7800000	Axudas accesibilidade nos edificios	0,00 €49.818,00 €

3º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 49.818,00 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

4º) A financiación desta modificación realizarse mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxa dotación

estímase reducible sen perturbación do servizo:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>
<u>Baixa</u>		
1510.4800100	Axudas accesibilidade nos edificios	25.000,00 €
25.000,00 €		
<u>1510.4890000</u>	<u>Axudas a particulares da ITE</u>	<u>25.000,00 €</u>
<u>24.818,00 €</u>		

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo....”

Deseguido, os funcionarios formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 9 de maio de 2016, o Interventor xeral informa do que segue:

“Incoado por Resolución da Concellalía Delegada de Urbanismo de data 9 de maio do ano en curso, tivo entrada nesta Intervención Xeral, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 06/2016, que se financia con cargo a baixas de créditos de gastos de partidas do Orzamento vixente, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe na propia resolución de incoación, o funcionario que suscribe, en cumprimento do ordeado polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional (na actualidade estatal), emítense o seguinte informe:

1.- Lexislación aplicable.

O expediente que se tramita contén un crédito extraordinario por importe de 49.818,00 euros.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) e 34 e 38 do Real Decreto

500/1990, de 20 de abril, así como na Base 8ª das de execución do Orzamento vixente. As baixas por anulación que por importe equivalente ao crédito extraordinario a habilitar de 49.818,00 euros se propón como medio de financiación neste expediente atopan a súa regulamentación no artigo 177.4 TRLRHL e artigos 36.1.c) e 49 a 51 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril

## 2.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se ven citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os que se proxecta este tipo de modificación de créditos.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos deberán ter carácter específico e determinado, non puidéndose demorar para o exercicio seguinte.

Asímesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica (bolsa de crédito), non puidendo ser obxecto de ampliación.

Pois ben, a Resolución da Concellalía Delegada de Urbanismo que ordena a instrucción do expediente que se informa, inclúe a partida orzamentaria a crear ex novo ("Axudas accesibilidade nos edificios"), facendo referencia ás necesidades que se proxecta atender coa modificación que se propón.

En concreto, o crédito extraordinario por importe de 49.818,00 euros, ten como finalidade a concesión de axudas a particulares para a realización de obras de accesibilidade e primeira instalación de ascensores en edificios residenciais preexistentes.

## 3.- Recurso financeiro empregado.

Proponse como medio de financiación deste expediente de modificación orzamentaria, a minoración dos créditos das seguintes partidas:

Axudas accesibilidade nos edificios	(1510.4800100)	25.000,00 €
Axudas a particulares da ITE	(1510.4890000)	24.818,00 €

As baixas por anulación como medio de financiación admítese nesta modalidade de modificacións orzamentarias, suplementos e habilitación de créditos extraordinarios, polos artigos xa citados 177.4 TRLRHL e 36.1.c) e 49 a 51 Real Decreto 500/90, de 20 de abril, así como na Base 12ª das de execución dos Orzamentos municipais vixentes.

En observancia de tales preceptos podemos sinalar que se cumpre o requisito requerido por esta normativa de que se xustifique polo servizo que a anulación ou baixa do crédito orzamentario, ao indicarse de forma expresa que é factible a anulación sin que elo ocasione perturbación no funcionamento operativo do servizo ao que se atopa adscrita a dotación a dar de baixa; tamén se cumpre o requisito de que os créditos a dar de baixa non se atopen comprometidos.

Polo demáis, de acordo co artigo 49 do Real Decreto 500/90, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das baixas por anulación de créditos, polo que a proposta de acordo que se eleve ao órgano colexiado debe recoller expresamente esta previsión.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros empregados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

#### 4.- Estabilidade orzamentaria.

O artigo 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demáis actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desa Lei realizarase no marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Tendo en conta a natureza de gasto non financeiro do crédito extraordinario que se propón habilitar e a análoga natureza do gasto correspondente aos créditos cuxa baixa parcial se propón, o efecto deste expediente de modificación orzamentaria en termos de estabilidade é inocuo.

#### 5.- Tramitación e aprobación do expediente.

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos aplicables aos Orzamentos, é dicir:

1.- Proposta con Memoria xustificativa do Presidente.

2.- Informe preceptivo do Interventor.

3.- Dictame da Comisión Informativa competente, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

4.- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo.

5.- Non atopándose previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será suficiente a maioría simple dos votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).

6.- Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15

días hábiles na Intervención, previa inserción no Tablón de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.

7.- O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

8.-O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sin modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será insertado no "Boletín Oficial" da Provincia, ademáis de no Tablón de Anuncios da Corporación.

9.-Da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito definitivamente aprobada remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao "Boletín Oficial" a que se refire o apartado anterior.

10.- Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción, si ben a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación do crédito extraordinario e suplemento de crédito.

A modificación entrará en vigor unha vez se produza a publicación indicada no apartado 8 anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

Conforme á Base 8ª das de execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRHL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe permanecer a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 13 de maio de 2016, ditaminou favorablemente dito informe-proposta.

A Xunta de Goberno Local, en data 20 de maio de 2016, aproba a proposta mencionada.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Neste caso trátase dunha modificación orzamentaria que só ten como obxectivo poder materializar as axudas á accesibilidade para os cidadáns de Vigo que queiran emprender melloras na súa vivenda para poñer ascensores, ramplas de acceso e polo tanto mellorar o acceso á vivenda, especialmente naquelas vivendas que non teñen ningunha medida de acceso para persoas con dificultades de mobilidade, especialmente para vivendas colectivas e para aquelas que teñen máis anos e polo tanto onde a súa construción non tiñan ascensores nin ramplas de acceso, polo tanto, simplemente facemos unha modificación que non altera a contía total do orzamento, mais ben ao contrario que move unha partida orzamentaria dun capítulo de gasto a un capítulo de investimento para poder subvencionar un investimento.

SR. PÉREZ CORREA: Cando se propuxo isto na Xerencia si que non coñecíamos todo o expediente, entendemos que se elimina as axudas ao ITE porque desaparece esa posibilidade de axuda, si é certo, sei que a toro pasado non ten moito sentido, pero tivemos ese instrumento de axuda á inspección técnica de edificios durante moitos anos, moitas veces a cidadanía descoñeceu que existía esa axuda, polo tanto agora vaise facer a modificación para estas cuestións de accesibilidade que se faga algunha campaña divulgativa para que todo o mundo saiba que hai esta liña de axudas porque moitas veces nos atopamos que o ITE quedaban desertas precisamente por descoñecemento da cidadanía, que se faga tamén unha parte non sei se desta partida ou doutra e que se informe aos posibles beneficiarios de que existe esta liña de axudas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Simplemente que nós imos a votar a favor, parécenos ben que existan axudas ás comunidades de propietarios para que fagan obras de accesibilidade e simplemente apoiamos a iniciativa.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Gracias polo apoio, en calquera caso o obxectivo é que poidan materializar aqueles cidadáns que así o requiran esta axuda e polo tanto divulgaremos oportunamente as condicións que deben cumprir para poder ter

acceso a estas axudas que en calquera caso serán para tódalas obras executadas durante o ano 2016 e que esperamos traer á aprobación de xeito inmediato logo desta modificación orzamentaria.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe de 49.818,00 euros (modificación nº 06/2016 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, conforme ao expresado neste informe-proposta.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

**5.1(87).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REVISIÓN DOS PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN DO SERVIZO DO 112 NOS MUNICIPIOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.**



## **REXISTRO PLENO 1384/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2016, número 1384/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

### MOCIÓN

"Desde hai tempo vense detectando distintas situacións de emerxencia nas que o Servizo de Emerxencias do 112, ao activar os seus protocolos, non avisaba aos servizos de Bombeiros e Policía Local da cidade de Vigo en relación con situacións que se producían moi preto da localización física destes servizos en Vigo.

As queixas dos cidadáns mostraban situacións incomprensibles nas que, estando moi próximos os servizos de Bombeiros e Policía Local de Vigo, non se daba aviso das situacións de emerxencia co consecuente atraso na actuación.

Poderíase citar unha ampla relación destas situacións nas que máis aló duns protocolos establecidos no seu momento chocaban contra toda lóxica e sentido común.

Lamentablemente tivemos que chegar á situación que se produciu o pasado 9 de Maio, no incendio da factoría da Empresa FANDICOSTA, no termo municipal de Moaña para comprobar que os protocolos non se axustan á realidade, non dan resposta ás necesidades en casos de emerxencias importantes como foi a de FANDICOSTA e que a aplicación dos mesmos desde o 112 debe ser investigada pola súa negativa expresa, trasladada aos responsables de quenda do Servizo de Bombeiros de Vigo no día do incendio, a que se trasladasen para actuar no incendio.

Calquera cidadán contestaría afirmativamente a que o lóxico sería que os primeiros en ser requiridos ante este incendio, que se demostrou moi importante en cuestión de poucos minutos, fosen os Bombeiros de Vigo con independencia de activar os protocolos e requirir a actuación do resto de servizos de emerxencia.

Pero é que a maiores poderíanse citar ducias de exemplos nos termos municipais de Moaña, Vilaboa, Mos, Gondomar e Nigrán nos que un rápido aviso aos servizos de emerxencia de Vigo permitise unha actuación rápida e eficaz en relación coa seguridade das persoas e os bens materiais. Mención especial sería para o municipio de Redondela dado que o Parque Central de Bombeiros de Teis practicamente atópase lindeiro con vivendas e empresas deste municipio.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia á revisión dos protocolos de actuación do servizo do 112 nos municipios da Área Metropolitana de Vigo para un maior aproveitamento dos medios humanos e materiais con que conta o Concello de Vigo en materia de emerxencias en beneficio de todos os cidadáns.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Mi madriña querida que tranquilidade! Por fin os representantes elixidos podemos falar libremente sen coaccións, da gusto.

Presentamos esta moción polo ocorrido no incendio de Fandicosta, pero tamén é unha moción que presentamos por todo o que viña pasando en relación coa coordinación do 112 co Concello de Vigo e é algo do que temos moitos exemplos e tamén debo dicir que dende o goberno municipal de Vigo nunca quixemos alarmar, levar esta situación ao terreo político a pesares de ter coñecementos de moitos incidentes, accidentes nos que sendo necesaria a presenza de Policía Local e Bombeiros de Vigo por parte do 112 non se avisou, as advertencias tanto escritas como verbais dos nosos técnicos foron claras, precisamente por esas experiencias que comentaba pero caeron en saco roto, foron claramente desatendidas e foi por iso polo que ante o importante incendio que se produciu, cuns danos materiais moi importantes e afortunadamente sen danos persoais, nós pedimos aquí a revisión dos protocolos e pedimos a investigación do que pasou, e debíamos ter razón no que propuxemos porque a golpe de moita presa o xoves recibíuse unha comunicación por parte do 112 na que nin máis nin menos nos din que á vista das nosas declaracións aceptan a nosa invitación a que participemos neses protocolos. Pois parece mentira que o 112 non o soubese, porque esta é a páxina web do Concello de Vigo, no apartado de bombeiros e xa se especifica claramente en que concellos estabamos dispostos a actuar e nos ofrecíamos para actuar.

Polo tanto, é evidente que era unha obviedade o que nos din, pero non nos chega, nós queremos revisar os protocolos ben, por parte dos técnicos que son os que saben porque evidentemente o Sr. Rueda, responsable político de todo este desaguisado durante este días non ten nin idea deste tema e debe dar paso aos técnicos para que solucionen estes protocolos. Porque se dixeron moitas cuestións demagóxicas e eu aquí o que quero é que somos concelleiros do Concello de Vigo

e que da mesma forma que se tratan de dar outras versións e outras transcripcións absolutamente fora de contexto, fagamos caso e teñamos en conta os informes que os nosos técnicos emiten, porque a versión que se deu dende o goberno municipal en canto a primeira chamada, á segunda e en canto á actitude do 112, non é unha versión que me inventase eu nin que se inventase ningún responsable político, é nin máis nin menos a testemuña fiel do suboficial que ese día mandaba aos bombeiros.

Polo tanto, aquí estamos ante unha responsabilidade política como dicía anteriormente, que ten o seu máximo expoñente no Sr. Rueda, Vicepresidente da Xunta de Galicia, e eu quero aquí lanzar a pregunta de quen vai asumir esta responsabilidade? Quen vai asumir a responsabilidade da descoordinación permanente, dos protocolos que non funcionaron e do máis grave, dende o descoñecemento político que tiña a Xunta de Galicia de que os Bombeiros e a Policía Local de Vigo sempre actuaron en relación cos municipios limítrofes. E hai un informe moi concreto do xefe de Bombeiros desta casa ao que debemos apoiar todos nas súas actuacións pero tamén no seu relato do que veu ocorrendo ata agora no que manifesta claramente como dicía ao principio, que o 112 non tomou coordinación con este Concello, que se produciron e como non quero ser escabroso e como non quero entrar en datos de accidentes que nos farían ruborizar a tódolos que estamos aquí, debo dicir que esa descoordinación existía, que había unha intencionalidade e o digo claramente, política por parte do 112 do non chamar a este concello, e o que é evidente é que este concello ten vocación de colaboración, polo tamaño da cidade ten os mellores medios, ten a mellor predisposición e lanzo tamén outra pregunta e outro desafío, que nos diga alguén en que actuación requirida non actuamos, absolutamente en todas cando se nos requiriu e polo tanto a miña pregunta é quen vai asumir as responsabilidades políticas dun feito tan grave como este.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Non é a primeira vez que dende a Asociación Profesional de Bombeiros denuncian as graves deficiencias en canto á xestión dos operativos, cada vez que estes adquiren unha dimensión importante.

A negligente xestión da situación levada a cabo pola Axencia Galega de Emerxencias no caso recente de Fandicosta, propiciou sen dúbida algunha que os

danos ocasionados na propagación do incendio foran desastrosos coa destrución total das instalacións e as perdas de postos de traballo.

O cronograma da actuación que está a dispor de calquera a través da páxina da coordinadora unitaria de bombeiros profesionais, revela que non houbo desgracias maiores por unha simple cuestión de sorte, por exemplo, priorizouse a saída de bombeiros dende O Porriño e ao quedar o parque sen persoal avisan ao parque de Pontearreas para que cubran as zonas de Porriño, Condado, Louriña, Baixo Miño e Paradanta cunha dotación de dous bombeiros con dous camións. Non se está a primar o servizo da cidadanía senón o interese económico, claro que cando o servizo de emerxencia está subcontratado a unha empresa de publicidade de Telefónica, tampouco se pode esperar outra cousa.

A mobilización do servizo de Bombeiros en Galicia realizase primando a participación de servizos mermados a nivel de dotación coa intención de xustificar e dar protagonismo ao modelo de xestión desastroso, ignorando o sentido común e discriminando a servizos de Bombeiros cunha dotación óptima para adecuala consecución dos obxectivos.

Imos votar a favor deste acordo, pero segundo a nosa opinión unha revisión dos protocolos vai resultar insuficiente, neste sentido a Plataforma de bombeiros de Galicia desenvolveu un borrador de estatutos dos Bombeiros consensuado coa mesa intersindical e a coordinadora unitaria de bombeiros profesionais, polo que de momento só a Deputación de A Coruña mostrou interese. O obxectivo sería que eses parques pasen á xestión directa das administracións públicas, e analizar formulas de transición para o persoal.

Este debe ser o camiño e non unha simple revisión de protocolos xa que o problema é o modelo de xestión en si.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, cantas mentiras e falsas acusacións se dixeron a raíz do incendio do pasado 9 de maio na empresa Fandicosta? Por iso, en primeiro lugar gustaríame darlle as grazas pola oportunidade que nos da ao Grupo Popular xa que só temos dúas mocións, de desmontar tanta mentira e clarexar a realidade dos feitos porque estamos a falar de cousas moi serias Sr. Font, a operativa do 112 Galicia é exactamente a mesma que o resto de centros do 112 do Estado e de Europa. A actuación do 112 no incendio de Fandicosta, foi impecable Sr. Font,

porque a misión do 112 é a de atender e xestionar as chamadas de emerxencia e avisar aos medios e recursos que interveñen na resolución das emerxencias para garantir a súa coordinación, atender e xestionar. Segundo os Bombeiros de Vigo, se falamos de Vigo, ás 17,50 horas son os primeiros que reciben unha chamada, os primeiros, dunha persoa do persoal de Fandicosta, é dicir, reciben a chamada dous minutos antes incluso que o 112 en Santiago de Compostela, polo tanto, a pregunta é Sr. Font, por que nese momento non alertaron ao 112? non consta ningunha chamada dos Bombeiros de Vigo ao 112 antes das 18,03 hora, é dicir, trece minutos despois, o que nos ten que contestar vostede ou o Alcalde é por que non saíron directamente os Bombeiros de Vigo ao incendio de Fandiscota.

Vostede sabe tamén que a denegación de auxilio é un delito, entón a pregunta é a que hai que contestar, por que non saíron e por que tardaron trece minutos en chamar ao 112? que estiveron facendo eses trece minutos?

Unha vez que chaman ao 112, nesa chamada os Bombeiros preguntan se o 112 ten noticia do incendio porque eles xa o sabían, se lles indica dende Santiago de Compostela dende o 112 que se mobilizaron os Bombeiros do Morrazo, que son os que teñen competencias nesa zona e eles, os Bombeiros de Vigo, din “de acordo”. Está claro que ninguén e é completamente falso que ninguén lle houbera dito aos Bombeiros de Vigo que non acudiran ao incendio ou que lles prohibiran saír porque non ten ningunha competencias o 112 que é unha central de chamadas e de xestión para dicirlle aos Bombeiros de Vigo se teñen ou non que ir ao incendio de Fandicosta.

Ás 18,44 horas, ou sexa 17,50 horas foi a primeira chamada, 18,44 horas o 112 recibe a segunda chamada dos Bombeiros de Vigo indicando que van saír e que van acudir ao incendio de Fandicosta, o operador do 112 lle pregunta a petición de quen saen e Bombeiros de Vigo responden que por indicación do seu oficial xefe ao que o 112 lle responde literalmente “de acordo”. Entón o que hai que facer Sr. Font, é apartarse desa política carroñera, de intentar buscar rédito electoral dun accidente, cuxa xestión foi impecable, non houbo feridos, nin unha persoa intoxicada pola nube tóxica, non se propagou o incendio a outras naves e tampouco afectou á poboación próxima debido as medidas de autoprotección. Controlouse a fuga de amoníaco e a incidencia nun tempo máis que razoable, agora ben, se vostedes queren facer demagogia política e queren que a partir de

agora os bombeiro de Vigo acudan a tanta emerxencia haxa fora de Vigo, non hai problema, imos votar a favor da súa moción porque xa se están a cambiar os protocolos e a partires de agora vaise chamar ao parque de bombeiros de Vigo cando haxa algún problema.

O que ten tamén é que ter en conta como xefe de Bombeiros de Vigo que están bastante desatendidos, que perderon 15 membros, hai 15 bombeiros menos dende que o Sr. Abel Caballero é Alcalde, que non teñen un sistema de comunicación acorde co que agora se está a demandar e co que teñen os parques de bombeiros provinciais, non teñen equipos ATEX, tampouco asinaron o convenio co Porto de Vigo, e pediullo o Porto de Vigo centos de veces, así que non faga demagogia e cómprelles roupa de auga que tampouco teñen.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, escoiteille barbaridades neste Pleno pero hoxe superouse así mesmo, ao que lle deu os apuntes que acaba de ler xa pode deixalo de saudaro, non o saúde máis na vida porque meteuno nun xardín absolutamente tremendo. Insisto, non sei que lle deu eses apuntes, este é o parte do responsable de Bombeiros do Concello do que vostede é concelleiro, sabe o único delito, voulo ler, o único delito político é que vostede ven a defender á Xunta de Galicia e non ao Concello, a primeira chamada que se recibe voule a ler e logo pásollo, é as 17,50 horas, falsa a hora que vostede di, sendo aproximadamente as 17,50 horas recíbese unha chamada,ponse en coñecemento do 112, dende o 112 expresamente non indican que non fagamos saída, transcorridos 15 minutos, vólvese recibir unha chamada do 112 vólvenme a indicar que non fai falla a nosa colaboración e é cando politicamente a continuación nós decidimos que saímos, que vergoña! Vostede en contra deste parte que ten nome a apelidos do responsable deste Concello, con tal de salvagardar a xestión da Xunta de Galicia vostede cae na demagogia de criticar ao responsable de Bombeiros, é absolutamente incomprendible, política carroñera, a que fixo a Xunta de Galicia con respecto a iso, mentira non, é así. O primeiro que debería respectar o que din os profesionais de Bombeiros desta casa é vostede e son os últimos, afortunadamente, sabe unha cousa? Os funcionarios desta casa toman nota.

Menos 15 bombeiros, chame ao Sr. Rajoy dígalle que levante a prohibición de oferta de emprego público e teremos máis bombeiros. Sistema de comunicación, o

mellor sistema de comunicación e enriba se esquece do paradoxo que é un sistema de comunicación coa Xunta de Galicia, si nin ata para defender á Xunta de Galicia faino ben. Roupa é o único parque e son os únicos bombeiros de toda España que teñen un sistema de renting nas prendas, tal e como se deteriora unha prenda a continuación teñen unha nova.

Conclusión, o seu amigo, e dígollo cariñosamente, o Sr. Rueda estará encantado coa súa intervención de hoxe, os cidadáns co que vostede di, literalmente e perdoe a expresión “quedarán acojonados”.

*(Neste momento preside o 2º Tenente de Alcalde por ausencia do Alcalde Presidente)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2016 (Rex. Nº 1384/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(88).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA O CESE DE IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO COMO DELEGADO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN VIGO. REXISTRO PLENO 1385/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2016, número 1385/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Porto de Vigo está a padecer unha importante perda de actividade como consecuencia da errática política levada a cabo durante os últimos anos, período no que a Presidencia da Autoridade Portuaria estivo ocupada por Ignacio López-Chaves Castro. As nefastas consecuencias desa herdanza son calamitosas e coñecidas, entre as que se pode enumerar a perda dun 30 % de movemento de contedores, a drástica minoración na cota do porto en mercancías ou a redución paulatina á metade do número de cruceiros con escala na nosa cidade, retrotraéndose a cifras de fai máis de vinte anos; cuestións as que se une unha evolución á baixa dos resultados económicos, que chegan a ser negativos nas contas do último ano da Autoridade Portuaria viguesa. En suma: unha perda transcendental para a nosa economía.

Despois da desastrosa xestión levada a cabo na Autoridade Portuaria de Vigo, non debera promoverse que Ignacio López - Chaves Castro fora designado para ocupar un novo cargo público en Vigo.

Pero como "premio" a tan prexudicial e funesta actuación no porto de Vigo, Ignacio López-Chaves Castro, en novembro do ano anterior, é nomeado Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo. Dende tal posto ven actuando como un auténtico comisario político máis que como un cargo institucional, buscando o enfrontamento partidario e continuo con outras institucións da cidade e ben lonxe de propiciar un clima de diálogo e cooperación inter-administrativa.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

O concello de Vigo insta a Xunta de Galicia a que cese a Ignacio López-Chaves Castro como Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo."

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A diferenza entre nós e o Partido Popular é que nós falamos de política e vostedes falan de cuestións persoais, traemos aquí unha petición estritamente política, unha petición de algo tan importante como é pedir a dimisión dunha persoa que non se adapta á xestión que debe manter. A importancia do porto na economía da cidade é certamente sobresaínte, tamén debería ser sobresaínte entender esta Institución como unha parte decisiva da cidade, e correspóndelle ao Presidente/a do Porto nomeado colaborar coas institucións da cidade e na súa xestión esta debería ser unha sinal, a máis importante ao meu entender, de identidade á hora desa xestión. Se alguén tivo esa visión na cidade por ter sido presidente do Porto e por ter sido Alcalde é o



actual Alcalde que coñece como ninguén o Porto despois de case dous anos de xestión e ademais son testemuña e despois de levar a cabo unha dedicación importante que así o testemuñe, a diferenza disto por parte do Partido Popular o nomeamento do Presidente/a do Porto sempre foi unha arma política, importaba pouco a xestión do ente público e utilizaban dúas formas, unha como trampolín electoral e outra a que representou o Sr. López-Chaves como plataforma de oposición ao Alcalde, dende o primeiro momento e o lembro ben, dende o seu discurso de toma de posesión, o Sr. López-Chaves quíxose converter a si mesmo nun referente anticoncello, seguro que foi a indicación que tivo cando lle propuxeron o nomeamento. A verdade é que hai que recoñecerlle que neste perfil e tarefa que lle marcaron puxo un entusiasmo desbordado, unha cousa impresionante, pero claro esqueceuse do principal, é imposible obter unha opinión favorable á xestión do Sr. López-Chaves entre toda a comunidade portuaria. Coñezo a comunidade portuaria e tanto cando estaba de presidente como cando foi cesado non había unha opinión favorable a isto.

O balance da súa xestión e o dicimos na moción, fala por se mesma, a herdanza é tremenda, perda dun 30% de movemento de contenedores, drástica minoración na cota do Porto en mercadorías, redución paulatina á metade de cruceiros e sobre todo, unha evolución á baixa dos resultados económicos, é dicir, unha perda transcendental para a nosa economía.

Pero claro como o Partido Popular fai arma política destes nomeamentos cando era xa imposible mantelo como presidente do Porto e facendo coincidir con outros movementos de ceses e nomeamentos, se lle ocorre ao Sr. Feijóo a idea marabillosa enriba de nomealo delegado da Xunta de Galicia en Vigo, cun cargo que sabemos que está politizado en clave partidista dende o primeiro momento, pero que paradoxas e así se anunciaba, debería servir para manter unha relación fluída entre institucións. O perfil do Sr. López-Chaves é de partido, totalmente, con claves partidistas e con posicións partidistas, afastado desa posición institucional que se debe manter en beneficio da cidade, e todo isto levoulle a creerse co posto idóneo pensando exclusivamente no Partido Popular e sen importarlle a cidade de Vigo.

Neste momento, como delegado da Xunta de Galicia en Vigo, as súas actuacións en temas importantes para a cidade de Vigo foron tremendas, na Área

Metropolitana dende a súa primeira declaración todo o seu argumentario era combater ao Sr. Abel Caballero como figura de Alcalde, pódese afirmar categoricamente que hai Área Metropolitana a pesares dos intentos do Sr. López-Chaves, corríxome, a pesares dos intentos e non nos enganemos do Sr. Nuñez Feijóo.

A posición do Sr. López-Chaves con relación ao PXOM foi tremenda, o que se intentaba articular a nivel de Santiago de Compostela e a miña compañeira é testemuña das reunións, trataba de boicotealas no ámbito de Santiago de Compostela con relación aos incendios xa o vimos, e con relación aos desafuzamentos tamén. Eu lles invito a que fagan o exercicio de ver a hemeroteca e seleccionar as declaracións do Sr. López-Chaves, por iso pedimos o seu cese.

SR. PÉREZ CORREA: Nós a verdade é que estamos moi sorprendidos por este tipo de moción, non porque non haxa cousas que nós podamos compartir, senón porque se cada vez que se acerca un proceso electoral imos pedir ceses en diferido, ese gran formato político que inventou a Sra. Cospedal, imos pedir que unha persoa cese dun cargo pola xestión do cargo anterior, seguramente estas mocións se multiplicarían por mil nos plenos e farían dende logo un “Bodevil” á política sobre o que ten que ser unha discusión real sobre determinadas cuestións. Nós non negamos a xestión negativa, non só cremos que sexa López-Chaves, senón do actual e de antigos presidentes da Autoridade Portuaria, por dúas cuestións, porque aquí deberíamos debater que modelo de portos do Estado estamos a xerar e que modelos ten xerado nos últimos anos o Partido Socialista e o Partido Popular que foron os dous partidos que se alternaron nas xestións dos portos que por suposto que é un cargo político porque no o pon o Papa nin o pon un Parlamento, nin o pon ninguén, pono o partido que goberna decide quen é o delegado neste caso da Xunta de Galicia pero tamén decide quen é a persoa que está na Autoridade Portuaria aínda que sexa xente que non tivo ningún tipo de actividade ou relación co Porto de Vigo e pode acabar sendo presidente, é unha cuestión política, discutible ademais. Pero discutible é a política portuaria deste país, porque aquí se que é certo que pon graves problemas que ten hoxe en día o Porto de Vigo, eu levo 15 anos traballando na loxística dunha empresa, o Porto funciona a nivel de ingresos, de mercadorías transportadas, de TEUS, funciona

exactamente igual como funciona a economía dun país, tódolos portos, se a economía crece a aumentan as toneladas transportadas, se a economía decrece obviamente as importacións e as exportacións baixan, eu creo que collemos os gastos de loxística e de transporte de tódalas empresas de Vigo e coinciden efectivamente co “subidón” e o “baixón” que tivo o Porto de Vigo. Pero hai algunhas cuestións que nos temos que debater politicamente, porque si é certo que un operador importante como Maersk Line foise a un porto en Marín, pero que foi a un porto que é ilegal, 300.000 metros cadrados de recheo cunha sentenza dun Tribunal di que é ilegal, e no Parlamento de Galicia no ano 2014 a Alternativa Galega de Esquerda dixo que había que executar esa sentenza, e o Partido Popular e o Partido Socialista dixeron que era inexecutable, e xustificaron que unha plataforma loxística de 300.000 metros cadrados cun recheo que vulnera gran parte de normativas europeas ambientais, significa que pode xogar e réxime competitivo cun porto que tamén ten as súas ilegalidades, sobre todo o que ten que ver co Plan de Usos do Porto, pero para nós o primeiro que temos que discutir é porque temos un porto en Marín con 300.000 metros de soterramento ilegal, e que o Partido Popular e o Partido Socialista permitiron no Parlamento de Galicia que funcionara.

Segundo, por que temos un réxime competitivo de portos, aquilo que se dicía que os portos teñen que ser autónomos, non autonómicos, que chegou a dicir un alto cargo de Portos do Estado, iso quere dicir que facemos unha política encuberta de privatización de servizos, pero que logo os portos compiten entre eles, eu creo que iso non é un mal do Sr. López-Chaves, senón de todo o sistema que sobre todo o Partido Popular na última etapa e co risco que hai que nos orzamentos do ano 2015 incluso se puxo enriba da mesa a privatización xa definitiva de Portos do Estado porque de tódalas entes públicas é a que máis beneficios segue dando, case 153 millóns de beneficio directo no exercicio pasado. Polo tanto, ese debate non se que quere traer aquí e o que facemos é personificar os males dun porto nunha persoa, eu creo que ningún presidente da Autoridade Portuaria ten capacidade para afundir ou facer aflorar un porto, a economía funciona e a parte fixemos xa ese sistema libre de concorrencia nos Portos na maior parte dos servizos son privados, que as empresas cargadoras teñen un poder decisorio absolutamente nas cuestións que teñen que ver coa economía e co futuro dos

Portos, e polo tanto, nós pensamos que ese debate abría que afrontalo con toda naturalidade pero o debate non é para nós quen é o presidente ou quen deixa de ser o Presidente, máis os portos que en Europa funcionan ben soen ter xente, collida ó fronte dos portos, pola súa capacidade laboral, polo seu coñecemento do ámbito da importación e explotación, da loxística e sobre todo moitas veces non son cargos políticos, son cargos técnicos que ao mellor sería unha das solucións que se poden introducir no porto.

Polo tanto, nós non entendemos esta fórmula de mocións, entendemos si que hai un problema de xestión portuaria en Vigo evidente, pero que ven de moitos anos, ven desa política desastrosa de non ter un plan de usos do porto, de aprobalo de maneira express, de non definir a lámina de auga que ten que ser absolutamente regulada a través dos plans do uso, de meter empresas dentro do Porto que non teñen ningún tipo de vinculación portuaria, de facer soterramentos que logo son tombados por sentencias xudiciais, ou de facer unha política do porto como se o porto fora unha cousa allea ás empresas desta cidade.

E repito, collamos os datos de Portos do Estado e eu creo que haxa un presidente da Autoridade Portuaria con capacidade de tomar un porto aínda que se o propoña, que sabemos que o fan.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Esta moción que hoxe presenta Sr. Font e que lle acabamos de escoitar é un exemplo máis do que vimos no Pleno de hoxe e é un exemplo máis do que dicía o meu compañeiro da súa política carroñera. Eu creo que xa no poden caer máis baixo de como caeron presentando esta moción neste Pleno, seguro que nos sorprenderán e aínda buscarán algunha fórmula para tocar aínda máis fondo, pero dende logo neste momento está vostede absolutamente retratado, e realmente, sinceramente doulle o meu pésame porque estou convencida que cando vostede decidiu adicarse á política non pensaba que tiña que facer cousas como as que fixo vostede no día de hoxe e neste Pleno.

De verdade eu entendo que lle deba vostede moito ao Sr. Alcalde pero tanto como para pagar ese prezo tan alto non creo que sexa tanta a débeda. Piden vostedes un cese dun expresidente da autoridade portuaria, que durante o seu mandato tivo record no movemento de mercadorías do Porto, que durante o seu mandato tivo record de cruceiristas no Porto, que no seu mandato aprobouse o Plan de Usos do

Porto de Vigo, que no seu mandato púsoxe en marcha a autoestrada do mar, si esa que vostedes prometían e que non foron capaces de facer, pero queren vostedes facer balance de xestión e valorar se en outro posto se ten que cesar ou non en función da súa xestión anterior? Nos anima vostede a consultar a hemeroteca, consultemos a hemeroteca, podemos falar dun ministro de transportes e comunicacións do Goberno de España do Sr. Felipe González, ao que cesaron en medio da lexislatura pola súa incapacidade, un medio de comunicación no ano 1988 xa daba como razóns para o relevo, non ter podido solucionar os conflitos do seu departamento, desgaste político e de imaxe ante as continuas críticas á calidade dos servizos públicos de comunicacións telefónicas, escasa eficacia nun ministerio e ademais dicía que debido ao caos do Correos e a cotas históricas en canto á baixa calidade do servizo telefónico, deixáballe ao seu sucesor unha herdanza, un ministerio ineficaz, podemos valorar isto se vostedes queren. Tamén podemos falar dun expresidente da Autoridade Portuaria de Vigo, que sendo presidente colapsou o Porto de Vigo, que se pecha unha semana ao tráfico de contenedores, nin a guerra pechou o Porto de Vigo e conseguíuno ese presidente da Autoridade Portuaria, ou a preocupación que había nos empresarios e non o di este grupo municipal, aparece aquí, “preocupación empresarial ante a conxestión de contenedores no Porto de Vigo”, a Confederación de Empresarios, Anfaco, Conxemar, todos preocupados pola ineficacia do Porto de Vigo, diso vostedes saben moito porque o Sr. Caballero era o presidente da Autoridade Portuaria. Pero ademais expulsou navieiras do Porto, que lle parece unha mala noticia o de Maersk pois lémbrese que Maersk foise do Porto de Vigo tamén en época do Sr. Caballero e ademais non por unha razón e unha poxa competitiva, non, ao non recibir os 50.000 metros cadrados que lle prometeron pero que non lle deron, ineficacia absoluta na xestión, pero ademais unha xestión irresponsable, multiplicando o número de estibadores o que está sendo un lastre absoluto, agora para competitividade do Porto, porque cando entrou o Sr. Caballero no Porto había pouco máis de 100 estibadores e cando se foi crecían ata os 140 estibadores, pero ademais un presidente da Autoridade Portuaria despilfarrador, que se gastou nunha maqueta do Plan Nouvel, dous millóns de euros, para facer e para contribuír a seu despegue político, unha maqueta de dous millóns de euros, iso é o que exactamente lles gusta a vostedes, gastar en maquetas pero non en realidades, e

ademais un presidente que na contratación do Porto de Vigo pois contratáronse e vostede ben o sabía porque estaba en tódolos procedementos de contratación do Porto, haberá que ver esa lista con tódolos familiares e amigos que había de vostedes, do Partido Socialista, nesas contratacións.

Polo tanto, un presidente do Porto de Vigo que realmente foi unha auténtica calamidade, e ese desastroso balance ten un nome tanto no Ministerio de Transportes como na Autoridade Portuaria e chámase Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez, se nós fomos como vostedes no próximo Pleno presentaríamos unha moción pedindo que o Alcalde de Vigo cesara e dimitira pola súa desastrosa xestión como ministro e como presidente da Autoridade Portuaria, pero non o imos facer e non o imos facer fundamentalmente por dous motivos, o primeiro, porque temos moita máis decencia e moita máis clase que vostedes e o segundo, porque non queremos quitarlle aos vigueses a satisfacción de Botalos a vostedes do goberno dentro de 3 anos.

Dende aquí quero manifestar a miña enhoraboa ao Sr. López-Chaves o actual delegado da Xunta de Galicia polo seu traballo non só no Porto polo seu traballo de todos estes anos en defensa dos intereses de Vigo e de tódolos vigueses, con humildade, adicación e respecto a todos, a el sóbrelle o que a vostedes lles falta.

SR. LÓPEZ FONT: Eu lle agradezo a oportunidade para falar da xestión do actual Alcalde como presidente do Porto de Vigo, debo clarexarse unha cuestión, que o que eu lle debo ao Sr. Caballero é o que aprendín de política del, e se vostede houberse tido un mestre tan excepcional en política, outro galo cantaríalle, pero os mestres seus no foron nada bos Sra. Muñoz e por iso di estas cousas que di aquí.

Eu creo que de verdade, de falar de ceses é mellor que houberse dado a palabra a algún outro compañeiro, a vostede a cesaron para vir aquí de candidata e para inmolala, dixeron “nos estorba no goberno, non temos a ninguén, os que queríamos poñer non queren ir, imos poñer á Sra. Muñoz”, co cal vostede de ceses non fale e de actuación en ministerios e en consellería non fale porque vou moi ben e lémbrolle que algún día haberá que poñerlle unha placa no hospital como máxima responsable de que o hospital sexa privado.

Sra. Muñoz, a que lle deu ou a persoa que lle deu os datos sobre a xestión do Sr. Abel Caballero como presidente do Porto, é absolutamente falso, porque se os

datos que vostede di serían verdade, o primeiro que viría era coa memoria do ano 2005 e 2006 aquí, voulla facer chegar as dúas memorias, voulle dicir, o record en mercadorías, en cruceiros, porque vostede parécese moito á Sra. Porro, e é que a Sra. Porro á hora de falar de cruceristas, voulo contar, como presidenta do Porto sumaba a tripulación dos cruceiros, e sumaba ata os fotógrafos que había nos peiraos, polo tanto, absolutamente nada.

Estibadores, había os mesmos cando entrou o Sr. Caballero de presidente do Porto que cando se marchou, a xestión da estiba foi perfecta cando el estaba de presidente e a oportunidade histórica que a cidade non lles perdoa a vostede e que fagan esas risotadas e esa demagogia co Plan Nouvel, porque se fose aceptado, esta cidade sería hoxe outra, polo tanto, a xestión do Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez, como presidente do Porto escasamente en dous anos, certamente foi a mellor, non comparto con Marea de Vigo o que tódolos presidentes xestionan igual, non é así, e a proba está en cando o actual Alcalde foi presidente do Porto creceron por xestión directa da presidencia o número de cruceiros e cruceristas, e ademais e volva vostede, cando de rexeitou a ampliación do Porto, unha cuestión moi importante para a cidade, a que votou por ese rexeitamento foi a Sra. Porro.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2015 (Rex. Nº 1385/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito

nos antecedentes deste acordo.

**5.3(89).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE IMPLEMENTE, NO ÁMBITO DA CIDADE DE VIGO, UN PROGRAMA PARA AFRONTAR OS DESAFUİZAMENTOS E SITUACIÓNS DE CARENCIA ENERXÉTICA E ALIMENTACIÓ. REXISTRO PLENO 1386/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2016, número 1386/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Que o Goberno da Xunta de Galicia marxina nas súas políticas á cidade de Vigo é un feito incuestionable e demostrado nas diversas actuacións do Goberno do PP en Galicia.

Pero asistimos a un exercicio de desvergoña política sen precedentes. Desde a Xunta de Galicia utilízase a política de vivenda e as actuacións ante os desafiuzamentos dunha maneira certamente vergoñosa polo que significa para as persoas que necesitan da axuda das administracións ao atoparse en situacións económicas complicadas.

A competencia en materia de vivenda e de atención aos que se atopan ante situacións de posibles desafiuzamentos é exclusiva da Xunta de Galicia e, na cidade de Vigo, fai abandono de forma escandalosa desta competencia.

Fronte a esta situación, o Goberno Municipal de Vigo vén desenvolvendo estes anos un programa de actuación que está a impedir os desafiuzamentos e atendendo, en feitos concretos, a 1.500 familias para evitar os desafiuzamentos. O mellor exemplo de política social, son os feitos os que definen a un goberno e é así como se pode afirmar que en Vigo, grazas á acción do Goberno Municipal, non se producen desafiuzamentos.

¿Que fai a Xunta en Vigo nesta materia? Resolver 6 casos fronte aos 1.500 que soluciona o Goberno Municipal. Pero o máis grave é que pretende dar leccións e dicirlle a este Goberno o que debe facer.

Os cidadáns o que reclaman é que a Xunta actúe e déixese de dar leccións a quen realmente resolve as situacións máis delicadas e complexas.



E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que implemente, no ámbito da cidade de Vigo, un programa como o desenvolvido polo Concello de Vigo, neste momento en fase de presentación de solicitudes, para afrontar desafiuzamentos e situacións de carencia enerxética e alimentación ao que o Goberno Municipal de Vigo destina 2,4 millóns de euros.”

#### DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que a Xunta de Galicia, lévao facendo en todo o goberno do Sr. Feijóo, unha política partidista en relación á cidade de Vigo, entendo os sorrisos da Sra. Muñoz como de conformidade e de asentimento porque ela mellor que ninguén é testemuña desas decisións.

Os exemplos que puxera, darían lugar a unha relación moi ampla que me consumiría todo o tempo e teño máis que dicir que isto, pero o que si é certo e que os electores fan un ano o entenderon, e ditaron veredicto, porque a máxima nesta cidade é moi fácil de explicar e necesita pouca pedagogía, o que negaba a Xunta de Galicia a esta cidade solucionábao o goberno municipal. Por este motivo é evidente que na cidadanía se percibe o rexeitamento ás políticas da Xunta de Galicia, e ese concepto calou como nunca entre a cidadanía, non só é o hospital que pode ser evidentemente o exemplo máis significativo porque se castiga á cidade de Vigo co único hospital privado. Calquera cuestión que se propón, a resposta é unha negativa, e pódense diferenciar dous ámbitos, aquelas políticas que non corresponden competencia exclusiva da Xunta de Galicia, que atende a outras cidades e non a Vigo, pero o colmo é en relación coa moción que presentamos agora, o colmo é, aquelas políticas que corresponden en exclusiva á Xunta de Galicia e que non atenden, estamos asistindo ao debate máis perverso porque afecta a persoas con necesidades económicas básicas, afecta a persoas con necesidade de manter a súa vivenda como un ben absolutamente necesario. Eu sei que ao Goberno da Xunta de Galicia irrítalle sobre maneira a política social do Concello de Vigo, é evidente, e lle irrita porque evidentemente é a mellor e a máis completa do Estado español, é esta política o buque insignia de políticas sociais e o problema para os gobernos do Partido Popular e en especial para o Sr.

Feijóo, que non é unha política que se corresponda con gobernos municipais do Partido Popular, nin o foi antes do 2015 nin o é agora.

A polémica, neste caso, é sobre un tema tan importante como o dos desafuzamentos, e cando falamos dun tema importante, sempre hai un conselleiro/a disposto a agradar ao Sr. Feijóo no seu ataque a Vigo, con belixerancia, cando teñen que atacar a esta cidade váiselles a vida e poñen tódalas enerxías, de forma categórica e todos o coñecemos, a política de vivendas de realoxos e política en materia de vivenda, correspóndelle á Xunta de Galicia con carácter exclusivo, e aquí hai que preguntarse cal é a actuación da Xunta de Galicia na cidade de Vigo, moi sinxelo, remítese a seis casos, fronte a isto e como dicía antes nesa máxima, a política social do Concello de Vigo abarca un conxunto no que tamén está o relativo a axudas a vivendas e son 1.500 familias as que están salvadas con esta política do risco e da evidencia certa e próxima de desafuzamentos.

Dicía antes, de perverso, porque a conselleira ven a darnos leccións, ven dicirnos como debemos de xestionar, pois contéstolle á conselleira, e o propoñemos na moción a solución é moi sinxela para unha administración como a Xunta de Galicia supón un esforzo presupostario de 2,4 millóns de euros que o pode facer a Xunta de Galicia, hoxe o Sr. Feijóo que parece disposto a dar millóns a destro e sinistro, amplía o cheque bebé, promete 50 millóns para Educación, 27 millóns para aqueles emprendedores, pode perfectamente asumir esta proposta que lle facemos. Pero si é que certo que cando o Sr. Feijóo promete todos estes investimentos, é o mesmo xogo de trilero que practicou ata agora sempre, prométeo antes das eleccións e no caso moi difícil de que puidese gobernar o incumpriría en caso de gobernar. Pois fíxense os xenerosos que somos en Vigo que lle ofrecemos con esta moción ao Sr. Feijóo unha oportunidade política única, lle propoñemos que faga en Vigo o mesmo que fai o goberno municipal, ensinámolle se quere como se fai e é unha actuación política sobre seguro porque xa foi abrazada e aprobada polos cidadáns de Vigo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Antes de nada quero dicir que na Marea de Vigo estamos totalmente de acordo co que opinan vostedes sobre o xeito que están desenvolvendo en tema de vivenda as políticas do Partido Popular dende a Xunta

de Galicia e máis aínda que cumpriría dicir, pero tamén consideramos que as competencias en vivenda se hai vontade, claro está, non son únicas da Xunta de Galicia, pois na Lei reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.1 di “o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades e presentar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”, e o número dous di textualmente “o municipio exercerá en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas nas seguintes materias; a) urbanismo, saneamento e xestión, execución e disciplina urbanística, protección e xestión do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira, conservación e rehabilitación da edificación e avaliación e información da situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de exclusión social” que significa isto? Que o Concello non pode botarlle enriba toda a responsabilidade a outras administracións que xa teñen de abondo e non complico o que teñen que facer, sabendo que parte da responsabilidade tamén lle é propia.

Imos ver, dígame vostedes, non lle parece a caída, a solución que está a tomar o goberno de A Coruña ofrecendo unha axuda de 532 euros mensuais, cunha duración que vai entre os 6 e os 18 meses para cubrir as necesidades básicas das persoas que non teñen dereito á RISGA, cun incremento no Orzamento para estas cuestións do 20% en relación ao ano 2015? isto é comezar a ver e dar solucións a un problema que se avexiña de grandes dimensións. Din vostedes que puxeron solución a 1.500 casos, solucionar non, en todo caso darían unha axuda puntual, porque para solucionar todos estes casos o primeiro sería por a disposición de benestar social o superávit que tiveron no exercicio do ano pasado do que tanto presumen e segundo destinar todo o importe posible que a lei permita para esta concellería e se aínda no fose suficiente, dar os pasos necesarios para tentar cambiar a lei e así se poida aumentar o orzamento nesta materia.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que non temos que ir tan lonxe porque resulta bastante impresentable e unha desvergoña que presenten esta moción hoxe neste mes, porque non sei se lembran o último Pleno, e non sei se lembran a

acampada na Praza do Rei e a D. Ricardo, D<sup>a</sup> Cristina, D<sup>a</sup> Mercedes, tres familias de Vigo que viñeron a este Pleno municipal a esixirlle ao goberno municipal unha vivenda porque quedaban desafiuzados, quen lle solucionou o problema? A Xunta de Galicia, e veñen aquí a dicir que teñen que copiar a Xunta de Galicia o que fai o Concello de Vigo, se a Xunta de Galicia copia o que fai o Concello de Vigo toda a maioría das persoas que están en risco de exclusión social estarían na rúa porque vostedes non fan nada, vostedes falan pero a xente ven aquí a manifestarse pola vosa xestión, pola xestión deste goberno municipal, veñen aquí que hai un goberno socialista, van a Cádiz que está o Sr. Kichi, van alí porque vostedes falan pero non resoven os problemas.

Din aquí que queren que implanten, e ademais poñen que está en presentación de solicitudes, que implanten o sistema que ten o Concello de Vigo pero vostedes, Sr. Font, no falou para nada do sistema que ten o Concello de Vigo, eu podo sempre nestas mocións como dixó antes o Sr. Fidalgo, explicar as medidas que a Xunta de Galicia si que está a levar a cabo para paliar estes problemas como pode ser por exemplo a implantación dese tiquet eléctrico porque no fixo referencia vostede a que fan aquí para solucionar eses problemas, o que si que están a facer é traballar na defensa dos consumidores e evitar que haxa cortes de luz para as persoas que non poden pagar o custe do que é a electricidade e a enerxía, están asinando convenios coas eléctricas para poder paliar ese problema, está a Lei de vivenda, estanse a aprobar moitas medidas para evitar os desafiuzamentos e o que se está a facer, non temos que ir máis lonxe porque o último caso ademais foron tres vivendas aquí en Vigo, casos de Vigo, persoas que viñeron a solicitarlles a vostedes unha vivenda e que lle deron as cotas, como fan sempre.

Entón nós queremos explicarlle aquí que é o que ten que facer o Concello de Vigo, non o que ten que facer a Xunta de Galicia porque a Xunta de Galicia xa ten o plan de vivenda con realoxo para afectados por execución hipotecarias, o plan rehaVlta, ten tamén agora aprobada un censo de vivendas baleiras coas entidades para poder aproveitalo neste tema, hai que atallar os problemas de raíz para evitar problemas no futuro, non esmolos que son o que dan aquí vostedes, esmolos ás persoas que teñen problemas para solucionar por un período curto de tempo ao mellor algunha necesidade, pero non atallar o problema de raíz.

Entón esta moción que ademais é impresentable polo tema de redacción porque

aquí hai un parágrafo que lle ven moi ben a vostedes, na moción que presentan, que asistimos a un exercicio de desvergoña política sen precedentes, dende o Concello de Vigo utilízase a política de vivenda e as actuacións ante os desafuzamentos dunha maneira certamente vergoñenta polo que significa para as persoas que necesitan da axuda das administracións ao atoparse en situacións económicas complicada, moi boa redacción para explicarlles o que están a facer vostedes, que é nada, é unha vergoña e ademais pídenlle á Xunta de Galicia que copien o que fai o Concello de Vigo, primeiro, non explicou o que fai o Concello de Vigo e segundo, insisto, se a Xunta de Galicia fai o que o Concello de Vigo en política social, estaría toda Galicia con risco de exclusión social na rúa, porque este goberno en política social cero, unha calamidade e un desastre, aquí parafraseando ao Sr. Alcalde que utiliza moito esas palabras, unha auténtica calamidade, un auténtico desastre, entón o que vou a pasarlle eu a vostede é o plan que ten a Xunta de Galicia en materia de vivenda, o plan que ten en materia de aforro e de axudas enerxéticas ás familias, porque así entón o Concello de Vigo terá algo que facer e algo que poñer en marcha porque non hai nin ideas, nin propostas, nin política social neste Concello de Vigo, cero en todo, un auténtico desastre. Vostedes sempre dan as costas ás persoas, moito falan pero sempre dan as costas ás persoas, a maioría absoluta incapaz de solucionar problemas, só para os logros, para o escaparate, só para as cousas de exhibirse pero nunca para solucionar os problemas, iso non é utilizar unha maioría absoluta como ten que ser, iso é darlle outra vez insisto, as costas ás persoas e aos vigueses por iso fan acampadas na Praza do Rei e veñen a manifestarse ao Concello de Vigo, a pedir axudas porque a política social, insisto, é cero. As colas da vergoña e a inexistencia absoluta de axudas ás persoas que máis o necesitan.

SR. LÓPEZ FONT: Preocúpame moito Sra. Egerique, que unha concelleira que asistiu ao debate de orzamentos e que votou sobre o Orzamento deste Concello non saiba que a cantidade que destina este goberno a acción social son 13.032.179 euros, preocúpame moito, porque con termos grandilocuentes de que isto é un desastre, vostedes tiñan 13 e pasaron a 7, co cal eu pídolle que continúe por esta senda. Pero isto non se axusta ao que estamos a falar, á responsabilidade que teñen vostedes, claro que é unha desvergoña que unha conselleira do goberno

de Galicia queira dar leccións ao goberno, primeiro o goberno que primeiro fixo políticas social, con alimentos, con pobreza enerxética e con desafiuzamentos, o primeiro goberno, porque agora contesto en relación co de A Coruña, polo tanto, Sra. Egerique o que non me pode dicir vostede e quedarse tan ancha é que este goberno non adica nada a política social, pero como pode facer vostede un desmerecemento a 1.500 familias desta cidade, que perciben axudas, cantidades para evitar os desafiuzamentos, pero non están vostedes atentos ao que se decide en Xunta de Goberno? Pero non consultan os expedientes? Eu non vou dar nomes pero alí poden ver os nomes e as familias daqueles que son axudados pola vía das “axudas sociais” deste goberno e que evitan 1.500 desafiuzamentos. Eu non coñezo a ninguén que se beneficiase dos plans da Xunta Galicia, poderame mandar os documentos que queira pero non coñezo a ninguén e si coñezo o goteo de tódolos días das axudas que se producen ás convocatorias que fai este Concello.

Sigan por esa vía que van fenomenal porque vostede o que é evidente é que viven noutra cidade, e é certo que este goberno está atendendo ao que di a miña compañeira que é o incremento da pobreza nesta cidade.

Con relación ao tema de Marea de Vigo, o que se propón como que non son competencias exclusivas da Xunta de Galicia é o que estamos a facer neste goberno, xusto, e asumindo a responsabilidade propia, pero fixemos referencia en moitas ocasións a que en A Coruña no había axudas e non había política social, vostedes nos dicían que non e agora nos argumentan que é a primeira vez que hai cartos, mire, a verdade, e debe sabelo todo o mundo, é a seguinte, foi o Partido Socialista no Concello de A Coruña quen lle dixo ao goberno de Marea de Vigo o que había que facer e sobre todo escribíronllo porque non o sabían facer.

**VOTACIÓN:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e

Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2015 (Rex. Nº 1386/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR O CORRESPONDENTE PROCEDIMENTO PARA HABILITAR, COMO VIVENDAS SOCIAIS, AS RESIDENCIAS MILITARES DA ANTIGA ESCOLA MILITAR DA ETEA. REXISTRO PLENO 1388/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2016, número 1388/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Fronte ás situacións de desafuzamentos as Administracións deben actuar ao rescate dos cidadáns que se ven inmersos nas mesmas, como consecuencia da crise económica e a política de recortes dos Gobernos do P.P.

Desde o Goberno Municipal aténdese a 1.500 familias, nas axudas por alugueres, que así evitan situacións dramáticas que vemos a diario noutras cidades de España.

Corresponde á Xunta de Galicia esta materia como competencia exclusiva que, no caso da cidade de Vigo, non atende. O balance de cada Administración é moi clarificador. A Xunta en Vigo atende 6 casos fronte á política social do Goberno Municipal que se estende a 1.500 familias.

Ao obxecto de aproveitar os máximos recursos, a Xunta de Galicia debe implementar un programa similar ao do Concello de Vigo, que xa foi demandando e esperamos que atendido. Pero a maiores pode iniciar o procedemento

administrativo para aproveitar as instalacións da antiga ETEA.

É por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a iniciar o correspondente procedemento para habilitar, como vivendas sociais, as residencias militares da antiga Escola Militar da ETEA. “

#### DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Volvemos falar do mesmo tema, porque daquelas políticas que poden facer posible ese dereito constitucional a unha vivenda digna. Dereito que é constitucional que o Estatuto de Autonomía establece para a Xunta de Galicia e que ademais un decreto de regulación da Xunta de Galicia lle pasa directamente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, cuxa primeira finalidade é garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna, con independencia de que os concellos podamos como non, desenvolver medidas para intentar paliar aqueles casos onde non chega, por tanto onde non chega esa garantía do dereito constitucional a unha vivenda digna, fronte a situación na que se atopa Vigo, que é a cidade de Galicia que ten a maior demanda de vivenda protexida, hai preto de 4.000 familias esperando por unha vivenda protexida, é dicir, ao redor do 30% de toda a demanda de Galicia o que observamos é que nos últimos anos dende o ano 2010 a Xunta de Galicia nesta cidade non executou nin unha soa vivenda protexida. Polo tanto, non puxo enriba da mesa ningunha iniciativa para facer fronte a esa demanda de vivenda protexida que existe, pola contra, mentres noutras cidades si adicaba recursos á implementación de vivenda protexida a pesares de que en Vigo a demanda era a mellor de toda Galicia, os propios plans RehaVita da Xunta de Galicia poñen enriba da mesa que non hai nin un só metro cadrado de chan en Vigo, para executar vivenda protexida. Fronte a esta realidade, ante a necesidade social como acaban de explicar, Vigo ven desenvolvendo unha política de axuda social para cubrir as necesidades tamén de vivenda e polo tanto, para facer fronte ás necesidades das familias que non poden pagar o aluguer ou o pago das súas hipotecas.

Así o ano pasado se pagaron 1.358 alugueres a familias de Vigo e 142 cotas de



hipoteca para que familias de Vigo non foran desafiuzadas, é dicir, 1.500 familias poderían ser desafiuzadas se o Concello de Vigo non investira 2,4 millóns de euros en pagarlles o aluguer ou a luz ou os alimentos.

Polo tanto, esa política está a evitar os desafiuzamentos con independencia de que desgraciadamente algunha desas situación se producen e polo tanto hai familias que son expulsadas da súa vivenda.

A única actuación que a Xunta de Galicia vai a cometer nos vindeiros anos na cidade de Vigo, é a execución de 80 vivendas protexidas froito da cesión de dúas parcelas por parte do Concello de Vigo, polo tanto, cando se fala de que non hai colaboración é absolutamente falso, o Concello de Vigo acaba de ceder á Xunta de Galicia dúas parcelas, unha en Chantada e outra en Cambeses para a execución de 80 vivendas protexidas que non van a estar dispoñibles para as familias como moi pronto ata o ano 2018. Ao mesmo tempo o Concello de Vigo colabora coa Xunta de Galicia na tramitación e na axilización da modificación do Plan puntual de Navia, un plan puntual que leva tramitándose dende o ano 2009, onde a Xunta de Galicia aínda non presentou ningunha proposta definitiva para aprobar inicialmente esa modificación do Plan parcial de Navia, pero si estamos colaborando para que se poida materializar, pero antes do ano 2018 non vai haber unha construción de vivenda protexida que poida materializarse en Vigo.

Fronte a esta situación a Xunta de Galicia resposta dicindo que o Concello de Vigo pois ten unhas vivendas na rúa República Arxentina, vivendas que a súa venda nos permita financiar todos eses alugueres que precisamos para que non existan desafiuzamentos na cidade, porque teñen un importe a súa venda de 2,3 millóns de euros, polo tanto, non solucionamos o problema de 15 familias, queremos solucionar o problema de 1.500 familias para evitar o seu desafiuzamento.

Por outra banda, dinos que ten un Programa de Vivendas Baleiras que ten ao ano unha dotación anual de 170.000 euros, é dicir, unha ridiculez fronte ao que está a gastar Vigo para facer fronte a esta situación. Fronte a isto que temos, pois temos unha Xunta de Galicia que di que non ten vivendas en Vigo pero sen embargo si que ten instalacións, e en particular ten instalacións na Etea, dúas residencias que levan abandonadas máis de 10 anos, dúas residencias que cun investimento mínimo poderían ser utilizadas perfectamente para vivenda social e para vivenda protexida, por certo, unhas residencias que permitirían que non tiveramos que

esperar ata o ano 2018 para que a Xunta de Galicia tivera en Vigo vivendas que ofertar para aquelas persoas que quedan sen vivenda. Polo tanto, para facer fronte aos desafuzamentos sen poñer escusas, poñendo recursos.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Na Marea de Vigo imos votar en contra desta moción, pois pensamos que é unha proposta que o único que pretende é xustificar que o goberno deste Concello presenta algunha alternativa e deste xeito non ser acusado de non escoitar o grave problema que existe ao redor da falla de vivenda protexida para familias en risco de exclusión social, máis sen ningunha intención real de dar solucións xa que se de verdade se tivese esa intención non se acollería a un proxecto tal ao longo prazo cos atrancos burocráticos que supón por en funcionamento a habitabilidade destes edificios.

Na Marea de Vigo pensamos que non se debe concentrar a familias con problemas económicos severos nun mesmo lugar, pois iso levaría a unha estigmatizan maior destas persoas e pensamos que o de propiciar que se formen guetos non parecen unha boa solución. Existen outras alternativas para tentar solucionar o problema de vivenda como pode ser cedendo o patrimonio municipal baleiro ou asinar convenios que incentiven a cesión de inmobles xa construídos que se atopen distribuídos en diferentes puntos da cidade.

En Vigo sobran vivendas xa construídas, o que hai é que facer un esforzo real coa intención de solventar o problema, e poñerse a elaborar un plan integral de vivenda coa colaboración de tódalas administracións. Hai que ter en conta, que como dicía alguén, non me lembro agora, a negación de dereitos que conduce cara a inxustiza, ten un forte impacto na desvantaxe social das vítimas, se dende o Concello se quere por fin tentar resolver en serio o tema da vivenda, deberíase comezar por un aumento no número das traballadores sociais, pois cóstanos que son insuficientes, resulta urxente a formación e o apoio de persoal suficiente para a xestión rápida e eficaz dos problemas dos e das afectadas.

Despois de poñernos en contacto cos colectivos sociais que están moi ao tanto destes casos, decatámonos de que como eles nos transmiten, parece urxente obter a información de que as cantidades se poden conceder por persoa e por ingreso, ten que existir un protocolo claro para que toda a cidadanía o coñeza, e igual que para a RISGA existen unhas táboas de adxudicación segundo a unidade

familiar deste fondo.

As persoas que o están a pasar mal, que van ser moitas máis nos próximos tempos, porque polo visto a débeda hai que pagala, Europa está a presionar para que así se faga, neste días o presidente da Unión Europea, o conservador Jean-Claude Juncker, tivo a desvergoña de pedir un novo axuste de 8.000 millóns de euros ameazando cunha multa de 2.000 millóns, ben pois as persoas que compoñemos a Marea de Vigo non estamos dispostas a aprobar medidas de caridade, cando as medidas deben ser de redistribución e de xustiza.

SR. FIGUEROA VILA: Creo que a concelleira do Partido Socialista acaba de facer unha proposta que está asinada polo Sr. Font, onde di “instar á Xunta de Galicia e iniciar o correspondente procedemento para habilitar como vivenda sociais, as residencias militares da antiga escola militar da Etea”, eu creo que o que fai esta proposta é que non coñece a cidade, non coñece a Etea, é imposible facer esta proposta na situación na que se atopa a Etea, primeiro, nunha situación que non se levou a cabo ese proxecto inicial e en segundo lugar, que a Etea nestes momentos, vostedes foron os primeiros que descartaron esta posibilidade de vivendas sociais, e se quere lle leo declaracións e hemeroteca, o Sr. Caballero di “acusa á Xunta de Galicia de buscar un pelotazo coas 100 vivendas que se propoñen na Etea”, o Sr. Caballero no ano 2011 facía esta afirmación. Vostedes son os que descartaron esta idea, polo tanto, eu creo que sería bo que puidesen reconducir a súa proposta porque loxicamente unha vez máis se equivocan, din unha cousa e din o contrario ao mesmo tempo.

Eu séntome moi orgulloso das vivendas sociais que se construíron. Na Etea hai unha proposta consensuada cos veciños que vostedes coñecen perfectamente onde nunha reunión con tódolos colectivos dos veciños de Teis facíase unha proposta no ano 2011 dun plan sectorial, que se contemplaban todas estas características e que polo tanto non fai falla facer esta proposta a maiores.

Cal é o problema de Vigo con respecto ás vivendas sociais? Pois moi claro, que vostedes no ano 2007 prometeron en campaña electoral a construción de 6.000 vivendas protexidas, e destas 6.000 vivendas protexidas non se construíu nin unha soa vivenda por parte deste goberno, nin se facilitou os medios posibles para que outras administracións o puxeran en marcha. Pero non só isto, vostede sabe que

aprobaron un Plan Xeral onde se contemplaba un 40% de vivendas protexidas, este Plan Xeral non se puido levar a cabo polo que vostedes xa saben e non vou a entrar nese discurso, de nulidade dese plan, onde agora estamos no Plan do ano 1993 que era o plan dos socialista non vou dar nomes, pero o Sr. Príncipe, a Sra. Villarino etc. Polo tanto, este é o problema real de Vigo que vostedes agora queren facer un “brindis ao sol”, queren facer unha proposta imposible como dicía a representante de Marea de Vigo onde realmente é imposible levar a cabo esta proposta que vostedes fan e poñen enriba da mesa.

Eu síntome moi orgulloso, saben de que me sinto moi orgulloso? De que si que un goberno do Partido Popular adicou a esta cidade un esforzo importante para construír vivendas sociais e eu mesmo asinei preto de 3.000 vivendas en Navia, Navia foi un exemplo claro de como se levou a cabo as vivendas sociais, pero non só en Navia, as cento e pico de vivendas nas Roteas, máis as cento e pico de vivendas en Barreiro que se construíron durante un goberno do Partido Popular na cidade de Vigo, que facía o goberno do Partido Popular? Facilitaba os medios a outras administracións para que puidesen construír, vostedes, Sra. Caride sabe perfectamente que mentres foi conselleira da Xunta de Galicia non investiu nin un só euro na cidade de Vigo con respecto a vivendas sociais, e polo tanto, agora o que non poden facer é un “brindis ao sol”, enganar á cidadanía de que van construír vivenda sociais cando saben que na Etea é totalmente imposible, sabe o que tiñan que facer? Intentar facilitar os terreos posibles para que a Xunta de Galicia construíse en Navia e iso é o que vai facer a Xunta de Galicia, que con ese superávit que ten dos orzamentos que executou exemplarmente pois vai que adicar 12 millóns de euros á ampliación de Navia que é necesaria e imprescindible, pero a ampliación de Navia, o 40% das vivendas protexidas que vostedes prometeron, máis as 6.000 vivendas que prometeu o Sr. Alcalde en campaña, dígame vostedes cantas se construíron na cidade de Vigo? Eu dígo lle que asinei case 3.500 vivendas sociais, vostedes cantas asinaron? Ningunha, ese é o resumen do que hoxe nos propoñen vostedes nesta moción que propoñen aquí. É a realidade, son datos obxectivos, datos coherentes e datos reais que non poden ser doutro maneira e vostedes que pretenden agora un “brindis ao sol” unha proposta totalmente imposible, é inviable Sr. Alcalde, senón traían nos a proposta porque vostede incluso na propia moción din “habilitar como vivendas sociais as

residencias de militares antiga escola militar, iniciar o correspondente procedemento”.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Das firmas de cada quen pois mellor, algunhas cousas seguramente o tema da Finca de Conde ao mellor algún non lle queda moi ben.

Obviamente falamos de política e de política partidista porque non é o mesmo a política que fai un partido que a que fai outro, Sr. Figueroa, dende o ano 2008 ata agora en Vigo nin unha vivenda da Xunta de Galicia, onde se desenvolveu Navia? Quen contratou o desenvolvemento de Navia?

O que máis me pon a min abraida é que vostede veña aquí a defender aquel plan que había para facer da Etea un pelotazo urbanístico que vendía vivendas de luxo con amarres para os iates e que ese era o proxecto do Partido Popular, é unha vergoña, un espacio non para Vigo senón para uns cantos privilexiados e que iso agora di vostede que a nosa oposición a aquel proxecto xustifica que agora non se poida desenvolver vivenda social na Etea.

Mire vostede, o plan sectorial da Etea está aprobado, a Xunta de Galicia non sei que espera para desenvolvelo, pero que teñen uns edificios pechados dende hai 10 anos, e está a dicir constantemente que non ten ubicación para evitar os desafuzamentos en Vigo, polo tanto, que o resolva, que poña enriba da mesa a utilidade pública de dous edificios que son fundamentais tamén para contribuír á paliar esa necesidade de vivenda e sinceramente, sorpréndeme a actitude de Marea de Vigo porque eu estiven nun debate co Sr. Pérez e dicíame que calquera espazo serve para solventar un problema de vivenda, polo tanto, claréxense vostedes, se ese espazos son da Xunta de Galicia tamén serven verdade? Polo tanto, se serven haberá que apoiar esta iniciativa porque o contrario é que ata o ano 2018 a Xunta de Galicia non vai ter nin unha soa vivenda en Vigo a dispoñibilidade dos cidadáns que así o precisen.

Polo tanto, precisamos unha iniciativa como esta, para que os edificios públicos teñan utilidade pública.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez,

Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.05.2015 (Rex. Nº 1388/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(91).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de abril e 26 de maio de 2016.

**1.2(92).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 21 de abril e 26 de maio de 2016.

**1.3(93).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.04.2016, DESIGNANDO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO ÓRGANO REITOR DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO I DO PLAN PARCIAL DE SAMIL, FASE I. EXPTE. 4017/401 (REXISTRO PLENO 1375/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución do Alcalde-Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de abril de 2016.

“Por decreto da Alcaldía-Presidencia de data 27.07.1999 procedeuse a delegar a representación do Concello en cada unha das xuntas de compensación, asociación administrativas de propietarios e entidades urbanísticas de conservación existentes no Concelleiro don Xabier Toba Girón, que poderá ser substituído, para a asistencia ás sesións dos órganos reitores destas entidades, polo tamén concelleiro don Amador Fernández Fernández, nos supostos de ausencia, enfermidade ou cando outras ocupacións derivadas do seu cargo impidan a súa asistencia.

A devandita Xunta de compensación do polígono núm. 1 do Plan Parcial Samil, Fase I, consta debidamente inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, segundo inscrición realizada en virtude da resolución de data do 5 de outubro de 1999 do Delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, coa seguinte composición na data actual: Presidente-Don Xabier Toba Girón, representante do Concello, por ser este propietario maioritario do Polígono, sendo o seu suplente don Amador Fernández Fernández.

Así as cousas, constituída a nova corporación do Concello de Vigo e dado o tempo transcorrido ,razóns organizativas e en aras a unha mellor observación na tramitación da xestión do referido polígono, aconsellan proceder a designar a un novo representante do Concello no órgano reitor da Xunta de compensación do polígono 1 do PP de Samil, fase I, ao ser esta administración propietaria maioritaria

no mesmo, cargo que recaerá na concelleira delegada da área de urbanismo, dona María José Caride Estévez, sendo substituída nos supostos de ausencia, enfermidade ou cando outras ocupacións derivadas do seu cargo o impidan polo Concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade don Carlos López Font.

Xa que logo, examinada a normativa de aplicación e consonte ao réxime de delegacións establecido no artigo 124.4 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía en exercicio das súas atribucións,

Resolvo:

Primeiro.- Delegar en dona María José Caride Estévez, concelleira delegada da área de urbanismo, a representación da propiedade municipal na Xunta de compensación do polígono I do Plan Parcial de Samil, fase I, asumindo a presidencia no seu órgano reitor, ao ser o Concello o propietario maioritario no polígono, sendo o seu suplente o Concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade don Carlos López Font.

Segundo.- Dar traslado da presente Resolución aos concelleiros afectados para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Instar ao Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras da Xunta de Galicia, a inscrición de dita modificación no cargo da presidencia do órgano reitor da X.C do polígono I do PP de Samil, fase I, a cuxos efectos se lle dará traslado da presente resolución.

Cuarto.- Esta resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín oficial da provincia, consonte ao establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal. Dar conta individualizada ao Pleno do Concello de Vigo na primeira sesión que se realice de conformidade co establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986, en relación co artigo 38.d do mesmo corpo legal.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**1.4(94).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 2.05.2016, DE DELEGACIÓN NO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN DE TÓDALAS ATRIBUCIÓNIS PRECISAS PARA REPRESENTAR AO CONCELLO NA ENTIDADE “RED ESPAÑOLA DE CIUDADES**



## **INTELIGENTES” (RECI). EXPTE. 3885/440 (REXISTRO PLENO 1374/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 2 de maio de 2016.

El Pleno del Ayuntamiento de Vigo, en sesión ordinaria de fecha 28 de septiembre de 2015, acordó solicitar la adhesión del Ayuntamiento de Vigo a la “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI), y designar como representante del Ayuntamiento de Vigo en la mencionada entidad a el Alcalde o a el concejal en quien delegue.

En uso de las facultades que me confiere el referido acuerdo plenario,

### **RESUELVO**

Primero.- Delegar en el Concejal Delegado del Área de Fomento, Limpieza, Contratación y 2º Teniente de Alcalde, D. David Regades Fernández, todas las atribuciones precisas, para representar al Ayuntamiento de Vigo en la entidad “Red Española de Ciudades Inteligentes” (RECI).

Segundo.- Esta delegación de atribuciones, de conformidad con lo señalado en el artículo 44 del RD 2568/1986, de 28 de noviembre, tendrá efecto desde el día siguiente al de la fecha de esta Resolución sin perjuicio de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, rigiéndose por la normativa de aplicación.

Tercero.- De la presente resolución deberá darse cuenta al Pleno de la Corporación en la primera sesión que celebre.

Cuarto.- Ordenar su publicación en la red Intranet al objeto de su conocimiento por las distintas dependencias y unidades administrativas.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo.

## **3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

#### **4.- MOCIÓNS.**

##### **4.1(95).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO PROPOÑENDO A CREACIÓN DUN PARQUE MUNICIPAL DE VIVENDAS PARA FAMILIAS DESAFIUZADAS E A ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO EN CUMPRIMENTO E DESENVOLVEMENTO DO MESMO. REXISTRO PLENO 1376/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de maio de 2016, número 1376/1101, o voceiro do grupo municipal da Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Levamos vivindo e asistindo nestes últimos tempos a graves situacións nas que se ven inmersas unha gran cantidade de familias, nosas e nosos veciñas e veciños que, por diferentes motivos, se ven en situacións de emerxencia social e habitacional, enfrontándose en moitos casos a circunstancias tan lamentables como desafiuзamentos; circunstancias que requiren dunha resposta colectiva e inmediata. Dende o Grupo Municipal da Marea de Vigo, consideramos que, ó marxe das competencias autonómicas en materia de vivenda; os Concellos, institución máis próxima á veciñanza, posúen o apoio legal suficiente que permite a creación de ferramentas para afrontar a conxuntura actual de crise habitacional.

A Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece que os Concellos poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Igualmente especifica que estes exercerán en todo caso como competencias propias a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que os Municipios exercerán competencias na atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, competencia obrigatoria de acordo co artigo 26.1.c) da devandita Lei.

Para dar cumprimento a estes aspectos, o Grupo Municipal da Marea de Vigo, xa ven de propoñer aos demais Grupos Municipais unha proposta de regulamento

para tal fin, e insta a esta Corporación Municipal, a través de esta moción, a súa materialización, propoñendo os seguintes

#### ACORDOS

1.Aprobación da proposición sobre a creación dun parque municipal de vivendas para familias desafiuzadas co obxectivo de proporcionar solucións habitacionais para familias que se atopen nunha situación de risco de exclusión social por perda da súa vivenda habitual, xa sexa en propiedade ou aluguer e precisen de intervención pública inmediata.

2.A elaboración dun Regulamento en cumprimento e desenvolvemento da devandita proposición e aos efectos de establecer a constitución, composición, organización, funcionamento e beneficiarios do parque municipal de vivendas.”

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión de 23.05.2016, quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Para seguir falando da cuestión da vivenda e introducir algunha proposta, nós pensamos que clarificadora, pero imos dicir en positivo, dúas cuestións que queremos que neste Concello empecemos a tratar colectivamente, primeiro, a nomenclatura do que queremos dicir, misturamos vivenda de protección pública, con vivenda de emerxencia social, con vivenda pública con vivenda protexida facemos un “batiburrillo” e sinalamos certo tipo de dispersión no que ten que ser efectivamente unha parte importante das competencias de cada administración, pero outra parte importante tamén do que estamos a pedir, cando unha familia en prazos pequenos de tempo poden ser semanas ou incluso días, van ser lanzadas ou a residencia, é certo que a maioría dos lanzamentos agora son de particulares por impagos de aluguer e que cada vez as entidades bancarias están intentando escamotear as súas responsabilidades, evitando este tipo de lanzamentos, pero tamén hainos, pero vaíamos a cuestión, cando se da un proceso deste tipo o que non pode ter a resposta ese cidadán é unha pelexa entre administracións para ver quen ten as competencias, porque se hai algo que cada día, polo menos para este concelleiro, é máis difícil ver, é cal é o limite competencial dun concello, porque no podemos aplaudir que se dean bolsas

cando é unha competencia autonómica, en todo caso estatal, primeiro, porque é o Estado e a Comunidade Autónoma a que recada para ese tipo de cuestións e iso nos parece absolutamente lóxico que bolsas educativas se paguen por parte dun concello cando a propia Federación Española de Municipios e Provincias denuncia que iso é un gasto impropio que os concellos temos que asumir polos recortes que hai en materia orzamentaria de bolsas e que logo haxa cuestións deste tipo que nos parece que non, que ten que ser do ámbito competencial doutra administración. Logo cando pedimos unha vivendas de emerxencia para esa situación de familia se nos responda coas 3.000 persoas que no rexistro único de vivenda protexida solicitaron vivenda, a vivenda protexida pode solicitar con toda naturalidade unha persoa que ten un salario, que ten incluso traballadores públicos con salarios regulados, non pasa absolutamente nada, outra cousa é a vivenda de emerxencia social, que así como este Concello ten para determinadas cuestións como poden ser a violencia de xénero, nós o que estamos a pedir con esta moción é que tamén a teña este Concello, pois moitas veces para responder á inoperancia doutras administracións ou incluso á demagogia que se nos fai con ese famoso rexistro de vivenda baleiras, que aínda non sabemos, aínda que o Concello queiramos empregarlas, non imos saber como imos acceder a elas. O único que nos din é que poñamos unha serie de vivendas a disposición dun rexistro que terá logo que converterse obviamente nun sistema que calquera persoa pode acceder a elas dependendo das súa situación de emerxencia ou da súa situación económica.

Polo tanto, o que pedimos aquí non é nada que non estean a facer os concellos deste país, non é e nada que non estea a facer a Federación Española de Municipios e Provincias que ten un fondo, que hai 8.000 vivendas que os concellos introduciron nun fondo precisamente e como di a propia Federación Española de Municipios e Provincias, para persoas afectadas polas crise e que non poden facer fronte ao pago das súas hipotecas e no ano 2013 constitúen en convenio con outras administracións, que é o “quid” da cuestión, convenio entre administracións precisamente para solventar emerxencia social que como moi ben dicía a miña compañeira a Sra. López, forma parte das competencias por urxencia que temos os concellos neste país, incluído gran parte dos paquetes da axuda social que son responsabilidade das administracións autonómicas pero as asumimos os concellos, que propoñemos aquí? Nos fixemos á inversa, remitíuselle por parte deste grupo

municipal ao resto dos grupos unha proposta de regulamento, un regulamento para ver que vivendas temos neste Concello, non é unha cuestión de quen é máis guapo ou é máis listo, senón quen ten máis inmediatez para facelo. O Concello ten unha serie de vivendas, algunhas delas froito precisamente dunha permuta ou dunha arranxo cunha administración, neste caso cunha empresa pública que foi Adif, unha parte desas vivendas ou a totalidade incluámolos neste fondo, falemos coas entidades bancarias e co FROP que teñen unha serie de vivendas desocupadas moitas nesta cidade, se nos cedan o uso que non a titularidade, que xa sería unha cuestión xurídica máis complexa, fagamos un parque de resposta inmediata por parte do Concello de Vigo, sen deixar de dicir que a Xunta de Galicia ten que facer promoción pública, sen deixar de dicir que hai 3.000 persoas pedíndoa, é certo que o 81% desas persoas o que piden son alugueres non piden vivenda, a maior parte dese censo, concretamente das 3.904 persoas, 2.517 o que piden é un alugueiro, non piden unha adquisición dunha vivenda con algún tipo de protección. E fagamos ese parque público municipal de resistencia, por así dicilo, ante o que está a pasar da colaboración do goberno central e da Xunta de Galicia con determinados intereses económicos que os concellos que somos progresistas fagamos un pequeno parque e a proposta de regulamento é pública e coñecida polos grupos municipais e o que pedimos nesta moción é que se aprobe a creación dese parque.

SR. GAGO BUGARÍN: Certo é que as principais competencias en materia de vivenda foron cedidas ás comunidades autónomas, foron transferidas a principios do anos 80, pero igual de certo é que deberían saber que tanto a Lei de vivenda de Galicia como a Lei de réxime local como a Lei de racionalidade e sustentabilidade da administración local outorgan aos municipios capacidades legais para a xestión e promoción de vivendas nos concellos concretamente no Concello de Vigo. Si, efectivamente o artigo 25.2 que facía mención Marea de Vigo na súa moción, di que os concellos terán competencias absolutas na promoción e xestión de vivendas de protección pública, así como terán tamén competencias na atención inmediata a persoas en situación de risco exclusión social en materia urbanística, cousa que vostedes prometeron e non cumpriron.

Tamén a Lei de vivenda de Galicia di, concretamente no artigo 12, que os

municipios poderán establecer as formas de colaboración entre as entidades de dereito público que resulten convenientes polo exercicio das competencias urbanísticas.

En definitiva, queda patente que a lei constitúe e constrúe verdadeiros títulos competenciais aos municipios e ao Concello de Vigo para a xestión urbanística sen necesidade de desenvolvemento normativo específico autonómico ou estatal.

Que quede claro dunha maldita vez que a lei permite tanto a promoción directa incluída a construción de vivendas polo Concello de Vigo como por entidades privadas así como a xestión de vivendas baleiras ao Concello de Vigo, polo tanto Sr. Alcalde que non está presente, a ver se deixa unha vez de mentir aos vigueses dicíndolle que o Concello non ten competencias en materia de urbanismo porque é mentira, mentira compulsiva.

O Concello de Vigo é a única cidade de máis de 250.000 habitantes en España, xunto con Murcia que non ten ningunha entidade ou empresa municipal para a xestión de vivendas ou que carece dun parque municipal de vivendas, como por exemplo ten Alacante ou as Palmas, ata Lugo e A Coruña teñen unha empresa de xestión de vivendas municipais, Vigo é a única.

Se queren falamos da Xunta de Galicia, a vostedes que lles gusta moito, supoño que saberán que o Instituto Galego de Vivenda e Solo ten en Vigo 549 vivendas de promoción pública alugadas a persoas con rendas baixas e que ademais concederon no último ano 546 axudas directas a familias para facer fronte ao pago de aluguer, iso si que é loitar contra o desafiuzamentos e non como fai este goberno que nega a posibilidade de conceder a estas persoas 15 vivendas baleiras en República Arxentina, por certo, xa que falamos destas vivendas, Sr. Pérez vostedes non votaron a favor desta demanda cando nos a propuxemos no Pleno, pero non teña dúbidas que si o imos votar agora a favor da creación do parque de vivendas.

Sra. Caride, cantas vivendas baleiras ten cedidas actualmente o Concello de Vigo? Váinolo dicir ou nos temos que decatarse de novo polos veciños que teñen vivendas baleiras como as de Roteas coa luz e coa auga cortada coa comunidade de veciños sen pagar durante dous anos mentres tiñamos a tres familias facendo folga de fame na porto do Concello, e ademais houbo que aloxalas algunhas delas en concellos da comarca pola vosa negativa. Familias desafiuzadas que non quixeron

recibir despois de que se lle presentaran 13 escritos de petición, solicitude e recepción e que mentres o Alcalde presumía nos medios de que o seu despacho era oficina antidesafiuzamentos, que vergoña.

Agora se negan a adherirse ao Programa de Vivendas Baleiras da Xunta de Galicia que permitirá adxudicar en réxime de aluguer, por exemplo, as vivendas baleiras que aínda quedan no Casco Vello que vostedes tamén votaron en contra, manda narices Sr. Regades, no Consorcio Casco Vello a semana pasada, vivendas que gozarán de seguro multirisco, de cobertura de antirrobo, de asistencia xurídica, todo costeado pola Xunta de Galicia e que ademais eran compatibles con outras axudas públicas como abono de alugueiro social.

Agora ben, vostedes veñen aquí e propoñen a proposta da Etea, cando saben, como ben dixo o Sr. Figueroa, que é un “brindís ao sol” que deben pasar polo menos dous anos para poder mudar o uso para a edificación de vivendas, si Sra. Caride, xa llo explicaron moi ben pero vostede segue negándoo.

De todas formas nós xa estamos acostumbrados a esta forma de facer política que teñen vostedes, xa estamos acostumbrados por desgracia á palabrería, á demagogia, á confrontación e a moi pouca xestión e moi pouca sensibilidade, segan así.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A ver si clarexamos esta situación, é dicir, o Concello de Vigo nunca dixo que non tivera competencias en materia de urbanismo, faltaría máis, é dicir, quen vai facer o Plan Xeral, Sr. Gago, afirmar que o Concello de Vigo di que non ten competencias en materia de urbanismo é estar dicindo unha barbariedade de tal calado que sorprende, pero que é máis, claro que desenvolvemos competencias en materia social tamén para axudar á vivenda porque senón os gastos que afronta o Concello de Vigo por 2,4 millóns de euros serían uns gastos irregulares, pero esas son situacións de emerxencia, por certo, ben vostede a presumir aquí das axudas que a Xunta de Galicia da as familias de Vigo, 546, se iso é facelo ben as 1.500 que da o Concello de Vigo ás mesmas familias para evitar os desafiuzamentos é polo menos facelo tres veces mellor, polo menos.

Polo tanto, non misturemos as cousas, eu creo sinceramente que parte desta proposta o Concello de Vigo xa a está a facer, claro que o Concello de Vigo ten un

parque de vivendas, o seu parque de vivendas municipais.

Din vostedes que hai que facer un fronte público de resistencia, as vivendas municipais xa existen, non necesitamos crear ningún chiringo particular para poder xestionar o patrimonio municipal de solo, en particular ás vivendas municipais, neste momento hai 39 vivendas das cales dúas están utilizadas por realoxados, 33 en vivenda social e 4 son vivendas para mulleres vítimas de violencia machista.

Ademais o Concello de Vigo ten convenios asinados con distintas organizacións, non lucrativas e non gobernamentais, para facilitar vivenda a colectivos pouco desfavorecidos e para facilitar a súa inserción social, ademais de isto, a axuda pagando os alugueres ou as cotas das hipotecas para que non sexan desafiuzadas 1.500 familias de Vigo e ademais diso está colaborando coa Xunta de Galicia para poñer a súa disposición terreos para que constrúan por exemplo agora 80 vivendas, está a poñer enriba da mesa actuacións que permitan axilizar a modificación do plan de Navia para construír máis de 1.500 vivendas, axuda ás familias a través das traballadoras sociais si, hai que ter máis traballadoras sociais, polo tanto necesitamos incrementar a dotación de persoal deste Concello para ter tamén a posibilidade de atender máis e mellor a eses cidadáns para informarlles das axudas que poidan recibir porque hai algunhas axudas que non son posibles recibilas, as axudas para o pago de enerxía eléctrica que ten a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado non se poden pedir, é imposible, hai que ser un experto informático para poder pedilas, ningún cidadá normal é capaz de solicitar esa axuda. Polo tanto, claro que hai que axudalos, intentar implementar medidas que permitan que os cidadáns poidan realmente acollerse a aquilo que é preciso, e din vostedes e que ademais hai vivendas do FROP, da Sareb, imos ver, sen constituír ningún destes mecanismos o Concello de Vigo está desenvolvendo unha labor dende hai tempo para ver que vivendas baleiras están en Vigo susceptibles de utilizar en usufruto, por exemplo, puxémonos en contacto coas Sareb, voulle ler a resposta, resposta de 13 de maio do director xeral de activos da Sareb, José Díaz-Merediz Hevia, “confirmarache por este medio, correo electrónico, a non dispoñibilidade de vivendas necesarias para un posible convenio de cesión de usufruto” a Sareb en Vigo di que non ten ningunha vivenda dispoñible para poder facer en usufruto unha política de acceso á vivenda para os cidadáns de Vigo.

A política polo tanto, esa é a resposta que nos da a Sareb, se mente o problema é



deles, o Concello de Vigo quere solicitar unha actuación conxunta para poñer a disposición dos cidadáns de Vigo nas vivendas e non é posible, alí está priorizada, de demandantes de vivenda a ten a Xunta de Galicia e así debe ser, a Xunta de Galicia ten que dicirnos quen son as persoas que teñen máis necesidades para poder acollerse a unha vivenda, e o Concello de Vigo debe actuar de xeito paliativo como o está a facer para atender as necesidades desas persoas, e as 15 vivendas de Rosalía de Castro permiten pagar máis de 6.500 cotas de aluguer nun ano, e polo tanto, permiten salvar dunha situación de desafiuzamento non a 15 familias, a 6.500 que podemos estar cubrindo cotas mensuais de aluguer para 6.500 familias, iso é o que temos que facer, pero no boa disposición entendo que esta iniciativa vai dirección de intentar entre todos.

SR. PÉREZ CORREA: A moción presentouna a Marea de Vigo porque vexo rife e rafe entre o Partido Popular e o Partido Socialista que ao mellor dispersa quen presentou a moción, fomos nós, que se se dirixen a nós sería unha deferencia importante, polo menos polo traballo que lle correspondeu a este concelleiro de redactar o regulamento.

Sei que é difícil porque estamos en campaña electoral e hai ruído.

Nós estamos dispostos a que se fale de política competencial, a esa información que se nos traslada da Sareb, pois xa nos lle dicimos que en todo caso iso é unha información da Sareb absolutamente falsa porque é público e notorio o parque da Sareb pedido en sede parlamentaria e inclúe obviamente inmobles que saen a poxa e a concurso e moita xente adquire nesta cidade.

A cuestión é abrir un debate que non é un debate que abra o Concello de Vigo senón que abre un debate que abre moitos concellos e que se introduce de maneira normal no traballo normal dun concello, e é a creación dun parque de vivenda, eu sei que existen vivendas municipais, é máis, sei que existiu unha oportunidade perdida que é os aproveitamentos lucrativos, ese 10% dos aproveitamentos lucrativos que alguén seguramente non nesta Corporación pero outras corporacións decidiron liquidar e de cada bloque de vivendas tocábanos o 10% a través de convenios con promotores pero decidiu venderse ese 10%, hoxe en día teríamos un parque excepcional na cidade de Vigo, algúns deles moi ben situados, este grupo municipal xa preguntara no seu día que pasou con algúns

aproveitamentos lucrativos de determinados convenios urbanísticos, agora o que estamos a dicir é que se regule precisamente que pasa con esas vivendas, porque obviamente teñen que estar nalgún listado, teñen que estar rexistradas nalgún ente como vivendas de titularidade do Concello de Vigo, pero nós o que estamos a propoñer é empregalas para un uso concreto e pensamos que si, que é inmediato ou máis fácil que sexa o Concello de Vigo que ten as chaves, a titularidade das vivendas que cederllas á Xunta de Galicia a un suposto rexistro de vivendas Baleiras, repito, que se nos diga cando vai a ter algún tipo de uso, cando vai ter un regulamento de acceso que polo tanto podería ser dilatarse no tempo o uso dunhas vivendas que están dispoñibles.

A nós nos vale a opción incluso de liquidar ou vender esas vivendas sempre e cando teña o retorno de comprar outras, o están a facer moitos concellos, vendendo vivendas de valor catastral alto que sería obviamente moi difícil de vender e eses ingresos adicalos exclusivamente a comprar ou adquirir parque de emerxencia social, si iso se pon enriba da mesa, a nós valeríanos, sería inmediato, poderíase facer o que está a facer por exemplo o Concello de Barcelona neste días, vendendo vivendas de valor catastral alto para ter un parque público, pero dicimos o Concello de Vigo, cidade de 300.000 habitantes ten que ter un parque de vivenda público regulado, cunha regulación.

Polo tanto, gustaríanos que esta proposta servira de debate e de reflexión porque pensamos que o debate de competencias entre a administración e Concello, o que vai facer é que teñamos isto dilatado no tempo, nunha situación de emerxencia social cada día máis evidente.

PRESIDENCIA: Prégolle á voceira do grupo Popular que se absteña de facer comentarios en voz alta, que mire para todo o que teñen conqerido coas súas políticas en contra da xente, que saía aí fora a ver os recortes de dereitos, que saía a ver como se come no Álvaro Cunqueiro, que saia vostede a ver as listas de espera, que saia a ver o desemprego, a perda de dereitos, de baixo salarios e que se deixe vostede de poñerse un cartel que non lle conquere, o Partido Popular é o partido da pobreza en España, de recortes de dereitos, liberdades, vostedes teñen esnaquizado o Estado de Benestar en España, téñeno esnaquizado, iso sábeo todo o mundo, por certo, señora voceira, acostúmesese a respectar a quen preside os

Plenos, ten que facer vostede un curso de respecto, nesa clase vostede non asistiu.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Respecte vostede a esta oposición, é unha vergoña que dende a presidencia se utilice para fallar ao respecto á oposición.

PRESIDENCIA: Que a xente esta asombrada do seu nivel político, de verdade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: E a xente está asombrada do que é a Deputación e no que se converteu. Máis respecto, hai democracia aquí nesta cidade.

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.05.2016 (Rex. Nº 1376/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(96).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A GRATUIDADE DO TRANSPORTE URBANO PARA OS MENORES DE 18 ANOS. REXISTRO PLENO 1382/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de maio de 2016, número 1382/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

### MOCIÓN

“O pasado 12 de maio, o Presidente da Xunta de Galicia anunciou publicamente a posta en marcha dunha nova medida de marcado carácter social e que consistirá na implementación da gratuidade do transporte metropolitano interurbano para os menores de 18 anos.

Coa devandita medida o goberno de Galicia pretende acadar varios obxectivos, entre os que destacan o de garantir un mellor futuro dos nenos e da mocidade galega; promover o uso do transporte público e a accesibilidade ao mesmo; axudar á economía das familias que se suma ás bonificacións xa existentes -que supoñen aforros medios de arredor de 600 € anuais e a bonificación adicional ás familias numerosas-, máis tamén pretende educar aos menores no uso do transporte público.

A aplicación desta nova medida social, cun investimento anual de 2 millóns de euros por parte do goberno galego, suporá que arredor de 250.000 mozas e mozos galegos menores de 18 anos poderán beneficiarse dela; e será especialmente relevante para os nenos e mozos de ensinanza non obrigatoria, na cal o transporte escolar non é gratuíto. Deste xeito, amplíase agora ata os 18 anos a gratuidade nos desprazamentos aos centros educativos e esténdese a gratuidade do transporte noutros desprazamentos habituais.

Porén, este Grupo Municipal entende que a aplicación desta importante medida no ámbito sobre o que a Xunta de Galicia ten competencia, debера completarse coa súa extensión ao ámbito do transporte urbano, no que este concello ten competencia exclusiva e onde os datos demostran que o servizo de transporte público local é claramente mellorable, tanto na súa eficacia, coma na súa accesibilidade.”

De non ser así, non se podería explicar que a cidade de A Coruña, teña un volume maior de usuarios que a cidade de Vigo tendo 50.000 habitantes menos.

Ademais compre subliñar que a cidade de Vigo ten a tarifa por traxecto máis elevada de Galicia, tanto para universitarios coma para estudantes, sendo non existindo a posibilidade de poder adquirir un bono de tarifa plana de viaxes que permita economizar o servizo ao un sector con tantas dificultades como o colectivo Xove.

Por tanto, propoño ao Concello de Vigo a aprobación do seguinte ACORDO:

“Instar ao goberno municipal a adoptar as medidas que sexan necesarias para

que, aos menores de 18 anos, poidan beneficiarse desta mesma gratuidade no transporte urbano do noso concello”

#### DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Que o servizo de transporte urbano da nosa cidade ten deficiencias, pois non é ningunha novidade, de feito nós xa o denunciámos en diferentes ocasións, nos últimos meses como por exemplo solicitar unha mellora nas comunicacións entre o centro da cidade, entre o extrarradio da cidade co Aeroporto de Vigo, e fixéronnos caso, a agora a cidade aplaude que vostedes nos fixeran caso e parece que nos van facer caso tamén na xestión dos aparcadoiros da zona azul por fin actualizándoa ao século XXI, pero iso non quita que o transporte urbano na cidade teña deficiencias, e por unha parte, e me remito a datos obxectivo, os condutores de Vitrasa denunciaron hai uns meses a imposibilidade de ser puntuais porque non se adaptaron as liñas ás novas rúas e tampouco ás humanizacións e afirmaban que hai zonas caóticas polas que atravesamos actualmente os autobuses que impiden o tránsito normal, ese é un problema que aínda non se acometeu.

Por outra banda, o ano pasado a organización de consumidores e usuarios, organismo independente, realizou un estudo a través de 2.300 usuarios que situou o transporte público de Vigo como o terceiro peor de España, das 16 grandes cidades de España, e por último a propia empresa Vitrasa levou a cabo unha enquisa o ano pasado con cerca de 1.000 usuarios preguntados, a cal arroxou unha gran satisfacción dos mesmos cos condutores e coa limpeza dos autobuses pero recolleu o mal estar coas tarifas que se cobran polo servizo e é aí onde queremos entrar porque é aí onde hai un grave comparativo co resto de cidades e transportes público de España.

Como xa lle dixemos a semana pasada e como vostedes deberían saber, temos a tarifa máis cara de Galicia, especialmente para os mozos da nosa cidade e a máis cara de toda España. O bono escolar é o máis caro de toda Galicia con moita diferenza, 0,83 céntimos, o dobre que a segunda cidade de Galicia, e o bono universitario exactamente igual. Se comparamos as tarifas con calquera outra cidade similar, ou de maior tamaño ou poboación que a nosa, o transporte urbano

de Vigo é bastante máis caro que o 90% dos transportes urbanos de España. O bono estudante, vou poñer varios exemplos, Murcia, por exemplo, o bono estudante fronte ao 0,83 céntimos que custa en Vigo alí lles cobran 0,50 céntimos ao día, é dicir, tarifa plana de viaxes, non como aquí que unha soa viaxe 0,83 céntimos, alí por 0,50 viaxan tódolos viaxes que queiran tódolos días, vostedes multipliquen a un estudante que teña que ir e volver pola mañá e pola tarde, catro viaxes no día, aquí pagarían 3,32 euros, mentres que alí pagarían 0,50 euros, multipliquen iso por cinco días que ten a semana e por catro que ten o mes, Sra. Marra, que xa a vexo moi nerviosa.

Sevilla ten 700.000 habitantes e ten tamén maior extensión que Vigo, sabe canto custa o billete en Sevilla? 0,58 céntimos ao día collendo un bono mensual ou anual, Zaragoza 600.000 habitantes, canto custa o bono? 0,74 céntimos, todo o día, pero se quere podemos facer tamén comparativas con cidades onde non teñen bonos e onde cobran única e exclusivamente a tarifa como pasa na cidade de Vigo, en Valladolid un único viaxe custa 0,30 céntimos, aquí 0,83 céntimos, tres veces máis, Mallorca, un viaxe 0,44 céntimos, aquí 0,83 céntimos.

En definitiva, Sra. Marra e señores do goberno municipal, tódalas cidades de España teñen un bono moito máis económico que Vigo, por iso nós o que lle vimos a pedir aquí e isto Sr. Font, soaralle é que o mesmo que fan coa Xunta de Galicia que lle piden que a Xunta de Galicia faga en Vigo o que vostedes din que fan en Vigo, nós lle pedimos o mesmo, que fagan en Vigo o que a Xunta de Galicia vai facer a partires de setembro, e que vai a poñer unha gratuidade a tódolos menores de 18 anos para que paguen cero euros para ir a estudar ao colexio, ao instituto, iso é o que lle vimos a pedir hoxe aquí por que non atende a ningunha lóxica a tarefa que se está cobrando actualmente no transporte urbano na cidade de Vigo.

Para que se faga unha idea con esta medida vanse a beneficiar aproximadamente 17.000 mozos entre 12 e 18 anos, dunha poboación de 300.000, creo que é algo bastante asumible.

A parte de promover o transporte público favorece tamén o aforro para as familias galegas cun desconto de 600 euros anuais e vostedes poden facer o mesmo coas familias e cos nenos/as desta cidade.

Se non están de acordo con esta proposta porque xa sabemos que non van estar de acordo, ao menos dígnense a instalar bonos mensuais e anuais que reduzan a

tarifa porque como lles expliquei comparándoo con outras cidades de España isto é un atraco.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Nós, vaia por diante, que non estamos de acordo co modelo de transporte da Área Metropolitana, tal como xa expresamos estamos de acordo con eses consensos pero nos parecen uns consensos mínimos, absolutamente mínimos porque non desenvolve en ningún caso a posibilidade de facer un consorcio público para xestionar este transporte, estes dous millóns dos que fala na súa emisión van ir parar a empresas privadas. Hai pouco un estudo da Universidade de Barcelona deixaba claras as cifras comparando a eficiencia económica das liñas xestionadas por TMB, que é á empresa pública, e as empresas privadas concesionarias que operan dentro da mesma xurisdición, co eufemismo coñecido como xestión mixta. Este estudo extrae como conclusión que economicamente é máis eficiente a empresa pública entre un 5% e un 10% que os operadores privados. Así temos unha vez máis, a realidade de que os servizos de transporte público son máis eficientes e máis económicos para o conxunto da cidadanía e que ese é o camiño a seguir, non só na Área Metropolitana senón tamén na nosa cidade, onde se debería empezar xa os estudos económicos de cara a recuperar un servizo que niso si estamos de acordo con vostedes, é claramente deficiente.

Entendendo que este acordo pode ser unha etapa ata que a concesión de transporte da nosa cidade poda volver ao público e polo tanto, deixemos de subvencionar innecesariamente a empresas privadas que nin son eficientes, nin son economicamente favorables ás/os cidadáns e polo tanto á administración local, imos votar a favor desta moción.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Esta moción nos fala de xuventude e de política social e ningunha lección Sr. Gago, ningunha, ten que empezar falando do futuro dos mozos, do futuro que está a deixar ós mozos o Sr. Rajoy, en catro anos de goberno do Sr. Rajoy, falen de futuro incerto ao que se afrontan os mozos, da precariedade e temporalidade do traballo dos nosos mozos, falen de como os están expulsando deste país, máis de 500.000 mozos se viron obrigados a marcharse deste país, falen do despido libre e falen e sen indemnización aos que está abocando o Sr.

Rajoy aos noso mozos, polo tanto, ningunha lección Sr. Gago, para favorecer o traballo, a empregabilidade e tamén as políticas sociais deste goberno, do goberno de Vigo á xuventude.

Pero nesta moción tamén falan de política social, e reitero ningunha lección, algúns datos si que son necesarios, mire en gasto social 58 millóns de euros é o que está presupostado polo goberno de Vigo en gasto social para este ano, en educación máis de 11 millóns, en emprego para os mozos, máis de 5 millóns, en deporte para a xuventude, máis de 11 de millóns, pero se facemos referencia ao transporte público que funciona moi ben na nosa cidade, temos que falar só en política social de 12.300.000 euros neste ano, no ano 2016, pero si falamos de execución dese gasto, e acaba de sinalalo agora o concelleiro de facenda, só neste trimestre en bono-bús 2,6 millóns de euros executados e en lanzadeiras 293.810 euros só neste primeiro trimestre, polo tanto, ningunha lección en política social para favorecer o transporte público na nosa cidade.

Pero se falamos de políticas que si afectan ao transporte público, dicirlle que tres anos tarifas conxeladas, nunca ata agora ningún goberno nesta cidade houbera conxelado as tarifas de transporte público de Vitrasa na nosa cidade. Pero se falamos de bonos a estudantes 900.000 mozos se benefician do bono a estudantes, máis de 1.000.000 de estudantes a universitarios utilizan as lanzadeiras, máis de catro millóns de pensionistas benefíciense gratuitamente do transporte público, escoiten porque ningún outro goberno ata agora tivo unha política social como a que se ven desenvolvendo ao longo destes xa nove anos de goberno do Alcalde o Sr. Abel Caballero, polo tanto, ningunha lección.

Pero si queren facemos algunha comparativa, comparamos o goberno do Partido Popular no ano 2007, saben canto adicaban a transporte público? Cinco millóns, duplicamos máis da cantidade adicada a transporte público. Polo tanto, máis que duplicado este goberno o transporte público para favorecer aos cidadáns desta cidade, pero podemos comparalo co que ven agora facendo o Sr. Feijóo, porque tamén podémolo comparar, se falamos de xuventude e de educación só podemos definir ao Sr. Feijóo dunha maneira, e dunha forma, recortes e máis recortes, 335 millóns de euros de recortes en Educación, 1.500 profesores despedidos en Educación, e se falamos de transporte nesa área de racionalización vostedes están suprimindo servizos públicos de transportes a colexios, ademais de deixar no máis



absoluto abandono aos rapaces de 16 a 18 anos que nestes momentos están facendo o bacharelato na nosa comunidade autónoma. Polo tanto, ningunha lección nos teñen que dar a nós de política social a favorecer o transporte público na nosa cidade.

E finalizo, apostamos e apostaremos por un transporte público colectivo como medio de transporte sostible, ecolóxico, eficiente e polo tanto o noso compromiso é firme.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Marra, eu xa sei que vostedes teñen moitos asesores pero dáme a sensación de que a información que lle pasaron era para política antidesafiuzamentos e para política social e non para a moción de transportes, creo que ten que tirarlles das orellas porque estaba lendo e me parece que se equivocaron.

En todo caso voulle desmentir algunha das falacias que vostede acaba de dicir aquí porque creo que é bo deixalas claras, en primeiro lugar fala do Sr. Feijóo, fala de política social e fala de política en favor dos mozos, e a min faime gracia que vostedes fagan referencia ao Sr. Feijóo cando o Sr. Feijóo inviste en loitar contra o desemprego xuvenil que é o principal problema que teñen os mozos neste país, 100 millóns de euros cando vostedes destinan 30.000 míseros euros, debería ter un pouco máis de vergoña á hora de facer comparacións porque é lamentable e o problema que senten os mozos na rúa é fundamentalmente estar no paro, aí é onde hai que loitar e onde hai que traballar.

Sra. Marra, parece que vostede non sabe que a partires de agora os mozos de Baiona, de Gondomar, de Nigrán poden chegar ao centro da cidade por cero euros, e unha moza, unha estudante do Casco Vello, do Calvario, de calquera outra parte que queira ir a Santa Irene por exemplo, teña que pagar ida e volta 1,66 euros, é dicir, gratis para os de Baiona e 1,66 euros para os que se desprazan dous quilómetros, esa é a diferenza nas políticas de transporte entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

Ademais Sra. Marra, poderíamos falar de transporte metropolitano, o importante non é o número de usuarios, que si é importante, por certo, que saiba vostede que a cidade de A Coruña tendo 50.000 habitantes menos e a metade de terreo ten máis usuarios ao final de ano que a cidade de Vigo, iso significa que aquí hai un

problema, pero ademais podemos falar de que a prezo, o importante non é o número senón a que prezo, que fan vostedes cobrándolles 0,83 euros por cada viaxe a cada estudante, multiplique iso por catro nun día, por cinco días á semana e por catro semanas, cando lle están a cobrar aos mozos desta cidade é que non se dan conta que é a tarifa máis cara de España, é que non estamos a dicir ningunha falla á verdade, estamos a dicir que é o bono máis caro de Galicia e o bono máis caro de España, vostedes saberán de que lado están, nós o temos moi claro, estamos ao carón dos mozos e a dos estudantes.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)*

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.05.2016 (Rex. Nº 1382/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarin, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(97).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL QUE O MÁXIMO RESPONSABLE DEA AS OPORTUNAS EXPLICACIÓNS SOBRE OS PROCESOS DE CONTRATACIÓN**

**DO CONCELLO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO  
1387/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de maio de 2016, número 1387/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“Os métodos de contratación do Concello, que están a aparecer de modo continuo nos medios de comunicación durante os últimos meses debido aos procedementos xudiciais abertos, están a sementar a dúbida na cidadanía sobre a idoneidade das fórmulas empregadas polo Goberno municipal.

Neste sentido, as informacións poñen o foco nas contratacións do Concello, en particular na posibilidades de que desde o executivo local se desen indicacións ás empresas concesionarias para a contratación de determinadas persoas.

Con independencia dos procedementos xudiciais abertos, e debido á necesidade dunha maior transparencia en todos os feitos que teñen que ver coa vida política, son necesarias explicacións claras e contundentes dos máximos responsables do Concello para clarear todas as dúbidas xurdidas.

Sen embargo, nin o alcalde de Vigo, Abel Caballero, como máxima autoridade do Goberno municipal, nin a primeira tenente de alcalde, Carmela Silva, pese á posible participación directa dun dos seus familiares nestas contratacións, teñen dado ningunha explicación.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos coñecidos, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte

**ACORDO:**

1.- Que o goberno municipal e o seu máximo responsable, o alcalde, dé as oportunas explicacións sobre os procesos de contratación do Concello, e para clarear as supostas prácticas de fomentar a contratación de persoas determinadas, en particular, familiares dos membros do executivo local.

2.- Que o goberno municipal informe das medidas que vai adoptar para reforzar as actuacións de control sobre os precedimentos de contratación.”

**DEBATE:**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que é sinceramente unha falla de respecto á democracia aos cidadáns e dende logo a esta Pleno, que se ausenten deste Pleno o Alcalde e a 1ª Tenente de Alcalde cando íamos tratar un tema tan importante para a cidade e que dende logo xerou moita alarma social entre tódolos cidadáns porque sementa moitas dúbidas sobre o funcionamento do Concello e sobre os procedementos de contratación e dos de control. Pero como xa estamos acostumados, eu xa o anunciaba antes cando me tocaba intervir, que probablemente nesta moción se ausentarían tanto o Alcalde como a 1ª Tenente de Alcalde porque non hai mellor forma de negar os problemas que dándolles as costas, o que pasa é que lle está a dar as costas a tódolos vigueses, porque o único que pide este grupo municipal, son explicacións claras e contundentes, iso é o que pedía este grupo municipal cando solicitou a comparecencia do Alcalde e da 1ª Tenente de Alcalde, do Sr. Caballero e da Sra. Silva, algo que por certo tiñan que ter feito por propia iniciativa pero permaneceron calados nun silencio absolutamente lamentable, porque non estamos a falar de rumores, notas de prensa, nin de noticias nos medios de comunicación como intentaban vostedes argumentar nese informe no que se rexeita esa comparecencia senón que estamos coñecendo cuestións que son absolutamente escandalosas e que esixen explicacións e explicacións políticas porque aquí estamos a falar en termos políticos como lle gusta moito dicir ao Sr. Font, neste Pleno se fala de cuestións políticas e se esixen explicacións políticas. Por suposto o noso respecto absoluto á tódolos procedementos xudiciais que están abertos e á resolución dos procedementos xudiciais que tamén digo, por suposto dende este grupo municipal respectaremos, pero se que hai que dar explicacións políticas sobre todo cando se están a cuestionar procedementos de contratación que segue este Concello, e sobre todo cando neste caso hai un agravante que salpica a un familiar directo dun concelleiro deste goberno, nada máis e nada menos que á 1ª Tenente de Alcalde. Ante esta situación está absolutamente calada, é moi fácil ser valente cando se está dende a presidencia deste Pleno e falar e quitarlle a palabra aos demais pero cando hai que demostrar esa valentía, é cando hai este tipo de cousas e eu dende logo que non entendo como, ante estas sospeitas non sae inmediatamente para clarexalo todo. Porque sospeitas hai, e sospeitas teñen os tribunais porque están

investigando se dende o Concello de Vigo se empuxou a unha empresa privada a que contratase a unha traballadora, por certo, cuñada da Sra. Silva, porque tamén se está a investigar se se ideou un procedemento dende o Concello de Vigo para contratar a esta empresa sucesivos contratos menores para que a empresa puidera abonar á traballadora a súa nómina, tamén se está a investigar polos tribunais se esa traballadora seguía indicacións do Concello ou da propia empresa e se se utilizou esta argucia da ficticia contratación laboral coa empresa para compensarlle por outras cousas.

Estas dúbidas que están a sementar os tribunais, insisto, que están a sementar os tribunais e que está analizando sobre eses nove contratos menores entre 2008 e 2013, nove contratos por importe de 128.582,79 euros, que hai que lembrarlles señores do goberno municipal que son cartos de tódolos vigueses/as porque non están vostedes manexando cartos seus, están manexando cartos dos cidadás, e como están a manexar cartos dos cidadás se esixe máxima transparencia e máxima claridade e cando vemos en autos xudiciais que non só estas sospeitas van a menos senón que van a máis, que se amplían os feitos delituosos non só a prevaricación senón a malversación de caudais públicos, cando vemos que se está a falar de correos electrónicos enviados dende o Concello por responsables do Concello nos que por certo tamén se acreditou que había un concelleiro que di a propia xuíz que é evidente que dirixía as actuacións da súa concellería, correos nos que se lle indica a unha empresa porque importe ten que facer os contratos e que é o que ten que poñer no concepto dos contratos, pois se nos revolve o estómago, sinceramente se nos revolve o estómago e esiximos explicacións e explicacións claras e contundentes e son as explicacións as que espero que a quen lle toque intervir, non sei a quen lle tocará, nos dea na súa quenda de resposta, porque é o que necesitan os cidadás, é o que esixen os cidadás e dende logo xa que non teñen nin a Sra. Silva nin o Sr. Caballero respecto por este Pleno nin respecto polo cidadás, esperemos que quen conteste realmente dea todas estas explicacións.

SR. PÉREZ CORREA: É un tema importante, eu entendo que haxa moito nerviosismo porque estamos ante un dos eixos de control que se fan neste Concello que son as concesionarias públicas e o acceso e como acceden os traballadores ás concesionarias públicas, eu creo que non é un tema secundario,

agora ben, isto xa pasou neste Concello, este debate xa se deu, o 30 de marzo do ano pasado decidiuse levar este tema a un Pleno extraordinario e eu daquela era público, era unha persoa que estivo aquí no público, creo que foi un dos espectáculos máis bochornos que vivín na miña vida, porque creo que solventar un tema deste calado en 15 minutos, non lembro o tempo, e incluso cunha serie de descualificacións á voceira naquel momento do Bloque Nacionalista Galego, a Sra. Veloso, un trato incluso bastante ruín, eu creo que non corresponde a este Pleno converternos nun debate barulleiro. Polo tanto, nós temos claro que no pode ser un Pleno extraordinario, unha comparecencia neste Pleno, a parte polos poucos coñecementos que imos tendo deste Pleno, o que resolva as cuestión de información e de auditoría que temos que facer os membros desta Corporación. A Marea de Vigo pediu un instrumento, absolutamente calmo, que é unha comisión especial de investigación, pedímla en xullo do ano pasado e dicíamos que ante procesos xudiciais abertos con toda a naturalidade, como fan moitos concellos deste país, abren unha comisión especial de investigación que emite un ditame e que resolve este Pleno, non nos temos que dar nin que dar de “collejas” neste Pleno sobre cuestións que seguramente nin nós imos resolver porque non temos que resolvelas nós nin buscar culpabilidades, en todo caso serán os xulgados os que diriman pero si as responsabilidades políticas e sobre todo a información dos procesos, as informacións que figuran ven sexa en correos ou o que sexa, se traslade a unha comisión de información, esa comisión de información o que faga é resolver no Pleno, por unha cuestión que non creo que sexa perigosa de entender, a tódolos concelleiros desta corporación debería preocuparnos que procesos de contratación pública estean día si e día tamén nos medios de comunicación, porque se está nos medios de comunicación tamén está na cidadanía, e se está na cidadanía hai unha permanente sombra de dúbida dos procedementos públicos do Concello, eu creo que con toda naturalidade se hai un instrumento, se non o houbera nós se que diríamos que fagamos o “paripé” dos Plenos extraordinarios como se fixo o 30 de marzo daquela altura, ben é certo que naquela altura o propio voceiro o Sr. Font dicía que como foran chamados exclusivamente funcionarios, que polo tanto no había nada que abrir, pero que dende o 30 de marzo ata agora xa non chamados exclusivamente traballadores e funcionarios públicos senón tamén corporativos deste Pleno, polo tanto, digo eu

que haberá un grao de preocupación maior máis alá de procesos xudiciais abertos e algunha sentenza xa en firma con algunhas concesionarias con respecto aos procesos de contratación, de concursos público.

Polo tanto, nós apoiamos esta proposta, parécenos que de todas formas que a comparecencia vai ser absolutamente erma para poder facer unha valoración política, pedimos de novo, esa moción foi rexeitada en xullo do ano pasado, a apertura dunha comisión especial, con toda a tranquilidade, ponderada pola representación desta Corporación, que se faga incluso á inversa, que a presidencia desa comisión sexa a oposición e non o goberno como fan en moitos concellos cando os imputados ou as persoas investigadas son membros do equipo de goberno. Fagamos un ditame que pode ser incluso aprobado por unanimidade e se traslade a un Pleno, porque nos Plenos non imos ser capaces de resolver isto e menos cada vez que se achega un proceso electoral que parece que nos votamos en cara outras administracións, eu non estou a falar da administración autonómica, que creo que tamén hai casos de corrupción importantes, eu non estou a falar da administración central ou da comunidade Valenciana onde hai casos de podremia institucional, eu estou a falar do Concello de Vigo, sei que hai casos de corrupción de tódolos partidos seguramente en diferentes cantidades pero que estamos a falar do Concello de Vigo e a nós nos corresponde habilitar ese instrumento que figura con toda naturalidade nun regulamento, que segue figurando nun regulamento afortunadamente a pesares da infamia que acabamos de aprobar, e que con toda a naturalidade abramos esa comisión de investigación non só para este proceso senón para tódolos procesos xudiciais abertos neste Concello.

SR. LÓPEZ FONT: Oílle esta mañá Sra. Muñoz, utilizar en varias ocasións a palabra carroñera, e esta moción é a moción da carroñería. Esta moción esta proposta dende a incapacidade política absoluta, dende a absoluta desesperación que ten vostede para conectar cos cidadás, esta é unha moción de alguén que non asume ter dilapidado 32.000 votos, que vostede perdeu como cartel electoral, esta é a moción do rencor político que vostede profesa día a día neste Pleno. Pero tamén é a moción de persoas que definen unha forma de facer política, e esta é a forma máis rastreira que se pode facer política neste momento, a do barro, a da calumnia

e a do ataque persoal, e a moción de alguén fracasada no seu intento político de lograr un obxectivo, de alguén que non ten un proxecto político para unha cidade e non aproveita mocións en positivo senón sempre en negativo, pero tamén en relación cos que lle rodean é a moción de alguén que se sente acosada en ámbito interno porque lle querén mover a cadeira, pero sobre todo é a moción de alguén como vostede á que lle vale absolutamente todo.

Voullo afirmar con contundencia, o procedemento de contratación no Concello de Vigo, iso que chama vostede fórmulas é a legalidade e a transparencia, non levamos 9 días Sra. Muñoz, levamos 9 anos, fala de explicacións, logo voulle pedir explicacións a vostede dado que entra neste terreo. A quen lle pido explicacións, ao ámbito xudicial, pero que é esa hipocrisía súa de falar de respecto ao poder xudicial, o que practica vostede neste Pleno? Non vostede é unha hipócrita política completa, vostede está intentando mediatizar ao poder xudicial, vostede está intentando facer aquí unha amplificación de cuestións que saen nos xornais que vostede debe respetar, como habería que respetalo con respecto a vostede. Son 9 anos de goberno, eu non vou perder o tempo en facerlle o sumatorio dos millóns de euros que foron a Mesa de Contratación e que foron aprobados todos dentro da legalidade, vostedes dan un espectáculo vergoñento como a deu un compañeiro seu na Mesa de Contratación acusando aos funcionarios desta casa e propoñendo que tiña que haber unha revisión dun procedemento de contratación por un axente externo, absolutamente vergoñento criticar a actuación dos funcionarios, fronte a isto hai unhas actuacións xudiciais que vostedes e nós debemos respetar, primeiro, por ese respecto ao poder xudicial e esta é unha máxima política que vostede incumpre permanentemente con esta hipocrisía, porque fronte a esas actuacións xudiciais Sra. Muñoz, un dirixente político que se vestira da cabeza aos pes debería respetar esas actuacións, e debería respetar ás persoas, e cando se decidan os procedementos xudiciais fale o que queira, pero ao mellor cando se decidan os procedementos xudiciais, vostede o que ten que facer é calar porque non terá nada que dicir. E está demostrando moi pouco respecto, e todos Sra. Muñoz temos familiares e amigos, e todos debemos ser respetados. Voume permitir unha licencia que vostede utilizou neste Pleno falando das súas fillas, ogallá cando vostede poida estar nunha situación como esta, non a maltraten como vostede maltrata a outras persoas pola falla de respecto.



E imos as explicacións, vai pedir vostede tamén explicacións da Presidencia na Deputación dun sobriño dunha alcaldesa dun concello moi próximo a Vigo? Vai pedir explicacións, falando de familiares? Vai pedir explicacións dun emprego na Deputación de Pontevedra dun tráfuga de Silleda? Vai pedir vostede explicacións dos pagos para operacións cirúrxicas dun empresario desta cidade a unha dirixente política da súa formación? Vai pedir explicacións a todo o que está a pasar a nivel estatal? Vai pedir explicacións. Compórtese como o que debería de ser, como unha líder que pretende ser da oposición e o único que está é na infamia persoal.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sr. Font non ofende quen quere senón quen pode, e vostede está moi lonxe de poder ofender a esta concelleira, porque eu xa sabía que ante a falla de argumentos ían vostede a recorrer ao ataque persoal, e que ademais ía ser vostede ao que lle tocara o “papelón” de facer esta intervención contestando á nada e dando cero explicacións porque non é esta concelleira a que está a poñer en dúbida os procedementos de contratación do Concello, se equivocan, non son tampouco os medios de comunicación, vólvense equivocar, son os xulgados Sr. Font, os que están a poñer en dúbida e os que están investigando e lle lembro malversación de caudais públicos, prevaricación e tráfico de influencias, a min como xestora pública se iso é falso correría a dar as explicacións pertinentes e non escondería a cabeza debaixo da ala como están a facer neste momento vostedes e como está a facer especialmente o máximo responsable o Sr. Alcalde e a súa 1ª Tenente de Alcalde, porque iso é exercicio de covardía política, porque falan moito cando incumbe aos demais pero cando toca na propia casa ben calados que están vostedes. Leccións ningunha Sr. Font, e vostede que son os que están a xestionar neste momento os cartos de tódolos vigueses/as porque vostede pode falar de min o que queira, poden dicir o que queiran pero a realidade é que os que están manexando os cartos dos vigueses/as son vostedes, e os vigueses están preocupados porque sobre o seu goberno se está a dubidar do que están a facer cos fondo públicos e o están a dubidar os tribunais de xustiza, así que eu lle recomendo que se tranquilicen, que se tranquilicen e que dean explicacións que é o que teñen que facer, e sobre todo que no maten ao mensaxeiro, que as dúbidas sobre a súa xestión non o está a

poñer esta concelleira nin este grupo municipal, as dúbidas estanas a poñer os tribunais de xustiza e máis que poñerán porque cando se actúa politicamente como están actuando vostedes, cando se utiliza e se fai o que vostedes fan de verdade eu estaría moi preocupada.

As preguntas eran moi sinxelas de contestar, cun si ou cun non, se fora realmente un non entón eu dende logo, se non tivera nada que ocultar non entendo porque non contesta a estas preguntas que se fan na moción, díganos, se indica ás empresas concesionarias dende o Concello de Vigo a quen contratou e a quen non? Se lles pide que teñan especial consideración con familiares do goberno municipal ou non? Pois dígame, e que mecanismos de control se utilizan, e non me fale de sobriños porque hai sobriños que están a traballar en gabinetes da Deputación e non son precisamente sobriños desta concelleira, son sobriños curiosamente tamén da 1ª Tenente de Alcalde deste Concello.

Mire non poñan o ventilador, contesten aos cidadáns e dean a cara.

*(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)*

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.05.2016 (Rex. Nº 1387/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non se realizaron.

#### **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non se formularon.

#### **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

##### **6.1(98).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AO HORARIO LABORAL DO ALCALDE PEDÁNEO DE BEMBRIVE.**

SR. GAGO BUGARÍN: En diferentes ocasións, ata tres veces, preguntámoslles exactamente polo mesmo que é cal é o horario laboral que ten o Sr. Alcalde Pedáneo de Bembrive que ao parecer é un funcionario privilexiado porque pode estar pola mañá en horario laboral de funcionario e pola mañá en Bembrive. Polo tanto como non recibimos resposta, volvemos outra vez insistir en que queremos saber, a cidadanía quere saber e os habitantes de Bembrive queren saber cal é o horario laboral do Alcalde Pedáneo de Bembrive.

PRESIDENCIA: Xa está contestada por escrito.

##### **6.2(99).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AOS CORTES DE AUGA POR IMPAGO.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Cantos cortes de auga provocados pola impago de recibos ten constancia este Concello ao longo do ano 2015 e primeiro trimestre do ano

2016?

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

**6.3(100).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO ÁS CANLES DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO COA CIDADANÍA.**

SR. PÉREZ CORREA: Por que motivo as canles de comunicación do Concello coa cidadanía como a páxina web, xornal non se xestiona de forma obxectiva dende a propia institución e con independencia das cores políticas da Corporación do momento e son xestionadas hoxe en día como unha canle de uso partidista ao goberno municipal, en concreto da Alcaldía?

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.